Sobre a opinión da Xunta de Galicia referida á atención sanitaria que se está a prestar no concello da Pontenova, as súas razóns para non repor a praza do facultativo xubilado no centro de saúde e as súas previsións respecto da realización de cambios nos recursos humanos do centro
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 45581 (10/POC-007280)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis
Sobre a opinión da Xunta de Galicia respecto da atención sanitaria que se está a prestar na comarca de Pontevedra, as actuacións que vai levar a cabo para a súa mellora e a data prevista para o remate do hospital Gran Montecelo
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 45584 (10/POC-007281)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Rodríguez, Patricia e 2 máis
Sobre a valoración que fai o Goberno galego da situación da atención primaria na Mariña lucense, así como as actuacións previstas para a súa mellora
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 45590 (10/POC-007282)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 4 máis
Sobre o establecemento polo Goberno galego dalgún acordo cos concellos, a través da Comisión Galega de Cooperación Local, respecto da Resolución do 15 de xaneiro de 2019, pola que se fai público o importe do canon unitario de tratamento por tonelada de lixo doméstico que deberá aplicar Sogama para o ano 2019, así como a bonificación aplicable para ese ano
Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 45593 (10/POC-007283)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego, en relación coa actual composición do Consello Agrario Galego, no referido á representación das organizacións profesionais agrarias
Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 45603 (10/POC-007284)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 4 máis
Sobre a opinión do Goberno galego respecto da efectividade dos dispositivos de control telemático e do teléfono de atención ás vítimas 016 na loita contra o maltrato, a súa posibilidade de mellora e o incremento previsto nos Orzamentos do Estado do ano 2019 para este fin
Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 45604 (10/POC-007285)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre as razóns do peche no porto de Marín do centro A Aixola, dependente ata o ano 2017 do Centro Tecnolóxico do Mar, as previsións da Xunta de Galicia respecto da súa reapertura e o financiamento que recibiu do Fondo Europeo Marítimo e da Pesca
Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 45611 (10/POC-007286)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis
Sobre a resposta dada polo Goberno galego á solicitude presentada polo Concello de Ribadeo para permutar por outra propiedade a súa participación na titularidade do edificio coñecido como Torre dos Moreno, así como as súas intencións respecto do exercicio do dereito de tanteo
Comisión 4ª, Educación e Cultura

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 45619 (10/POC-007287)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
relación co feminismo galego na folga de mulleres de marzo de 2019, a súa opinión referida ao cumprimento das esixencias formuladas na do ano 2018 e a súa valoración ao respecto
Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 45626 (10/POC-007288)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre as razóns da presunta perda por Navantia da posibilidade de construír o casco dun ferri, por encargo de Armas, para Barreras, a valoración e as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego ao respecto, así como a avaliación que fai en relación coa situación do sector naval da ría de Ferrol
Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 45628 (10/POC-007289)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva
Sobre a existencia dalgún tipo de contabilidade referida á espera de mulleres para unha reconstrución de mama despois dunha mastectomía nos diferentes hospitais do Sergas, os datos ou as previsións ao respecto
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 45633 (10/POC-007290)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre a axenda e as prioridades do Goberno galego para a negociación da transferencia de competencias, así como as demandas realizadas ao Goberno central ao respecto
Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 45641 (10/POC-007293)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre a opinión do Goberno galego respecto da xestión levada a cabo relación coa igualdade de mulleres e homes e a conciliación da vida familiar e laboral
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 45646 (10/POC-007294)
Grupo Parlamentario de En Marea
Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles
Sobre a avaliación do Goberno galego respecto dos modelos de captación de talento para impulsar a investigación que desenvolven as fundacións Icrea de Cataluña, Ikerbasque do País Vasco e Araid de Aragón, así como as razóns que hai para que en Galicia non exista nada semellante
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 45648 (10/POC-007295)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Fernández Gil, César Manuel e 7 máis
Sobre as liñas mestras que vai seguir a política do Goberno galego para continuar avanzando no eido da investigación universitaria en Galicia nos vindeiros anos
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 45650 (10/POC-007296)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Fernández Gil, César Manuel e 7 máis
Sobre as liñas mestras que vai seguir a política do Goberno galego para continuar avanzando no desenvolvemento e impulso da formación profesional en Galicia nos vindeiros anos
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 45653 (10/POC-007297)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Rodríguez Pérez, Moisés e 9 máis
Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa resposta dada polo Ministerio de Fomento á proposta da Xunta de Galicia referida ao convenio de colaboración para a contratación e execución das obras do proxecto de construción da Variante de Ponteareas, así como as xestión levadas a cabo e previstas para o seu impulso
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 45693 (10/POC-007299)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Pierres López, María Luisa
Sobre a opinión do Goberno galego referida á necesidade de elaborar unha lei de mobilidade sostible en Galicia e, se é o caso, o prazo previsto para o inicio da súa tramitación
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 45699 (10/POC-007300)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca
Sobre a avaliación da Xunta de Galicia respecto do contido do informe preliminar elaborado polo relator especial para as minorías da Oficina do Comisionado das Nacións Unidas para os Dereitos Humanos, en relación coa situación da lingua galega en Galicia, así como as actuacións previstas ao respecto
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 45706 (10/POC-007301)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre as previsións do Goberno galego respecto do impulso de actuacións para a incorporación de cláusulas de igualdade na contratación pública de Galicia
Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 45714 (10/POC-007302)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre a opinión do Goberno galego referida á suficiencia das medidas adoptadas para o cumprimento polas empresas e a propia Administración da normativa vixente en materia de igualdade, así como da necesidade dun organismo supervisor ao respecto e de cláusulas de igualdade na contratación pública
Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 45717 (10/POC-007303)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca
Sobre as razóns da Xunta de Galicia para excluír da declaración da Ribeira Sacra como ben de interese cultural, 55 elementos patrimoniais da arte románica en quince concellos das provincias de Lugo e Ourense
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 45725 (10/POC-007305)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre o afundimento do teito da lonxa de Canido, as causas que o provocaron e as responsabilidades asociadas, o mantemento do local e as medidas que vai poñer en marcha Portos de Galicia para evitar que se repitan situacións coma esta no futuro
Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 45731 (10/POC-007306)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Burgo López, María de la Concepción e 2 máis
Sobre a situación dos servizos sanitarios no Concello de Folgoso do Courel
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 45735 (10/POC-007308)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Pierres López, María Luisa
Sobre a implantación, a resposta dos centros e do alumnado, e a valoración por parte do Goberno galego dos programas *Pluribach* e o Bacharelato de Excelencia
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 45743 (10/POC-007309)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pierres López, María Luisa e 4 máis
Sobre as medidas desenvolvidas dende a Secretaría Xeral de Igualdade de cara a evitar o acoso sexual no ámbito laboral e da empresa e a necesidade de realizar estudos estatísticos sobre esta materia
Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 45747 (10/POC-007310)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre os criterios da Xunta de Galicia no deseño do novo mapa de titulacións do Sistema Universitario Galego, a proposta realizada ás Universidades e ao Campus Terra de Lugo e a opinión respecto aos posibles prexuízos da supresión e traslado dalgunhas titulacións deste campus
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 45749 (10/POC-007311)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre os criterios da Xunta de Galicia no deseño do novo mapa de titulacións do Sistema Universitario Galego, a proposta realizada ás Universidades e ao Campus Terra de Lugo e a opinión respecto aos posibles prexuízos da supresión e traslado dalgunhas titulacións deste campus
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 45762 (10/POC-007312)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva
Sobre o coñecemento por parte do Goberno galego da situación no Centro de Saúde de Mugardos, as previsións respecto á adopción de medidas para solucionala, e a valoración da calidade asistencial e as condicións de traballo
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 45768 (10/POC-007313)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre as irregularidades denunciadas na convocatoria da praza de xefe/a do Servizo de Cirurxía Cardiovascular na Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Santiago de Compostela e as actuacións a realizar ao respecto
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 45772 (10/POC-007314)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre as actuacións que ten realizado o Goberno galego diante dos plans da empresa Vodafone de realizar un ERE que podería afectar ao persoal que ten en Galicia e a valoración respecto da perda de emprego no sector das telecomunicacións
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 45728 (10/POC-007315)
Grupo Parlamentario de En Marea
Miranda Pena, Flora María e Quinteiro Araújo, Paula
Sobre a supervisión por parte da Xunta de Galicia das instalacións da lonxa de Canido e as previsións respecto ao arranxo dos desperfectos tras a caída da súa cuberta
Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 45380 (10/POC-007260)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio
Sobre a cobertura informativa dada pola RTVG á nova referida á apertura dunha investigación pola Inspección da Fiscalía Xeral do Estado en relación coas actuacións do fiscal xefe da Fiscalía Provincial de Ourense
Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG

- 45382 (10/POC-007261)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio
Sobre a cobertura informativa dada pola RTVG á nova referida á renuncia dun edil a todos os seus cargos no Concello de Ourense
Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG

- 45634 (10/POC-007291)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cuña Bóveda, María de los Ángeles e 4 máis
Sobre a información emitida pola TVG en relación coa manifestación levada a cabo o día 6 de febreiro de 2019 en Vigo polos traballadores de Vulcano e doutras industrias auxiliares afectadas polos impagamentos das nóminas do estaleiro
Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG

- 45635 (10/POC-007292)
Grupo Parlamentario de En Marea
Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles
Sobre a retirada a unha locutora da TVG das funcións de redacción que viña desempeñando
Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG

- 45721 (10/POC-007304)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre as razóns polas que se ten afastado das funcións de redacción e relegado ás de locución a unha xornalista da CRTVG
Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG

- 45733 (10/POC-007307)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre a acreditación dun xornalista da CRTVG desprazado a Caracas
Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2019
Diego Calvo Pouso
Vicepresidente 1º

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

grupo socialista Parlamento de Galicia PSdeG PSOE

**Á Mesa do Parlamento**

**Patricia Vilán Lorenzo, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López,** deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Segundo datos do Consello da Xunta de Galicia do día 3 de maio de 2018 e relativos a un último Informe de Sogama sobre o Plan de xestión da entidade para 2017, o traslado de lixo por ferrocarril foi, naquel ano, do 45 % do total xerado. O Goberno fixábase tamén o obxectivo de seguir a incrementar a dita porcentaxe ata chegar ao 55 % no ano 2018 e mover por ferrocarril 3,77 millóns de toneladas, o que permitirá aforrar 2.230 toneladas de emisións de $CO_2$ anuais. En resposta de data 14 de xaneiro deste ano, o Goberno confirma estes datos e que, no ano 2017, o 55 % do transporte do lixo se fixo por estrada en camións.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cal foi o tanto por cento do total de residuos xestionados por Sogama que se trasladaron por ferrocarril no ano 2018?
2. Do tanto por cento que non se trasladou por ferrocarril en 2018, que cantidade de auga se transportou?
3. Canto tempo prevé o Goberno que se tardará en transportar todo o lixo de Galicia por ferrocarril?

Pazo do Parlamento, 31 de xaneiro de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Luís Manuel Álvarez Martínez
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2019 09:42:21
Nº Rexistro: 45089
Data envio: 01/02/2019 09:42:21.817

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 01/02/2019 09:40:54**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 01/02/2019 09:41:01**

**María Luisa Pierres López na data 01/02/2019 09:41:06**

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

**A Mesa do Parlamento**

**Moisés Blanco Paradelo, Raquel Arias Rodríguez, Carlos Gómez Salgado, Daniel Vega Pérez, Miguel Prado Patiño, Jacobo Moreira Ferro** e **Rosa Oubiña Solla,** deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes.**

Desde 1962, a Política Agraria Común (PAC) experimentou varias reformas, as cales propiciaron unha continua adaptación aos novos retos e cambios que se foron sucedendo en todos estes anos, polo que segue sendo unha política fundamental para o futuro do eido rural da Unión Europea.

En novembro de 2017, a Comisión Europea (CE) enviou ao Parlamento Europeo, ao Consello, ao Comité Económico e Social Europeo e ao Comité das Rexións a súa comunicación "O futuro dos alimentos e a agricultura", como base de traballo para a elaboración das correspondentes propostas lexislativas.

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Medio Rural, está a traballar a favor dunha futura PAC forte, que manteña a actual dotación orzamentaria, algo fundamental polas nosas especiais características e polo peso que o rural ten para a nosa Comunidade.

Por iso, da man das Organizacións Agrarias, asinou unha proposta estratéxica do sector agrario para Galicia, co obxecto de que a mesma garanta a consecución dun sector agrario rexional rendible, sustentable e innovador, que fixe poboación no medio rural.

A PAC ten unha gran importancia para Galicia e para o rural, na medida en que incide directamente no impulso ao dinamismo socio económico do agro, xa que somos líderes a nivel nacional no sector lácteo, xa que produce arredor do 40% do leite, e líder tamén en número de explotacións gandeiras, con máis do 52% do total e aportando máis da metade do total de gandeiros.

Para coñecer a súa importancia real, débense considerar os múltiples aspectos aos que contribúe: subministración estable de alimentos, diversidade e innovación alimentaria, garante a subministración de servizos non agrarios, aposta por un sector agrícola competitivo, impulso da agricultura familiar, contribúe cun medio rural vivo e

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2019 10:37:02
Nº Rexistro: 45092
Data envio: 01/02/2019 10:37:02.467



vertebrado, loitar contra o cambio climático e mantemento en cantidade e calidade dos recursos naturais.

Por isto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

1.- Cantos foron os beneficiarios das axudas da PAC do ano 2018?

2.- Cales son os importes dos anticipos pagados?

3.- Cal é a previsión da Consellería do Medio Rural para aboar os importes restantes destas axudas?.

4.- Cal é a comparativa de beneficiarios e orzamento pagado nas convocatorias anteriores?

5.- Que previsións ten a consellería da nova convocatoria 2019?

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Moisés Blanco Paradelo na data 01/02/2019 10:29:13**

**Raquel Arias Rodríguez na data 01/02/2019 10:29:22**

**Carlos Gómez Salgado na data 01/02/2019 10:29:29**

**Daniel Vega Pérez na data 01/02/2019 10:29:37**

**Jesús Miguel Prado Patiño na data 01/02/2019 10:29:46**

**Jacobo Moreira Ferro na data 01/02/2019 10:29:55**

**Rosa Oubiña Solla na data 01/02/2019 10:30:02**

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2019 10:37:44
Nº Rexistro: 45094
Data envio: 01/02/2019 10:37:44.200

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

**A Mesa do Parlamento**

**Rosa Oubiña Solla, Moisés Blanco Paradelo, Carlos Gómez Salgado, Raquel Arias Rodríguez, Daniel Vega Pérez, Miguel Prado Patiño** e **Jacobo Moreira Ferro,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes.**

En Galicia existen cinco denominacións de orixe no sector do viño, Ribeiro, Valdeorras, Monterrei, Ribeira Sacra e Rías Baixas, que amparan todas elas a produción de viños de calidade.

O sector vitivinícola galego ten unha gran relevancia no conxunto do sector agrario pero tamén como elemento clave na dinamización socio-económica de amplas zonas do noso territorio, onde a viña é parte fundamental da paisaxe.

Realmente, o sector do viño na nosa Comunidade Autónoma dende os anos oitenta tivo un avance foi espectacular, grazas tanto á positiva evolución da viticultura como á mellora nas condicións de elaboración do viño.

No relativo aos avances en viticultura, hai que sinalar o acerto da aposta que se fixo polas variedades autóctonas, como a albariño, os caíños, a treixadura ou o godello, algunha das cales estaba en franca regresión. Esta aposta permítenos hoxe ter uns viños cunhas características diferenciadas.

As nosas variedades autóctonas son a base duns viños singulares, o que nos facilita abrirnos un espazo propio no mercado.

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Polo que se refire a mellora das condicións de elaboración, hai que destacar a inversión tecnolóxica das adegas e a profesionalización do sector.

Durante estes anos a Xunta de Galicia fixo un importante esforzo orzamentario para apoiar a vitivinicultura na reconversión e reestruturación dos viñedos galegos.

Por todo isto, os deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

1.- Cal é a valoración que fai o Goberno galego dos Plans de reestruturación do sector vitícola galego?

2.- Que importe económico puxo a Xunta de Galicia a disposición dos viticultores para levar a cabo a modernización do sector?

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Rosa Oubiña Solla na data 01/02/2019 10:32:23**

**Moisés Blanco Paradelo na data 01/02/2019 10:32:27**

**Carlos Gómez Salgado na data 01/02/2019 10:32:33**

**Raquel Arias Rodríguez na data 01/02/2019 10:32:41**

**Daniel Vega Pérez na data 01/02/2019 10:32:48**

**Jesús Miguel Prado Patiño na data 01/02/2019 10:32:56**

**Jacobo Moreira Ferro na data 01/02/2019 10:33:07**

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2019 11:25:21
Nº Rexistro: 45098
Data envio: 01/02/2019 11:25:21.650

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

**Á Mesa do Parlamento**

**Teresa Egerique Mosquera, Marián García Míguez, Martín Fernández Prado, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez**, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo.**

Cada vez estamos máis preto da data para que o Reino Unido abandone a UE, fixada para o 29 de marzo de 2019, momento en que vence o prazo fixado para esta desconexión e recollido no artigo 50 do Tratado de Lisboa.
Sabemos que despois de varios meses de intensas negociacións, acadouse un principio de acordo no que conseguimos que a pesca non fose utilizada como moeda de cambio. Pois ben, esta proposta foi tombada polo Parlamento Británico o pasado 15 de xaneiro, obtendo un total de 432 votos en contra fronte a 202 a favor.

Ante esta situación, e de non mudar o transcurso dos acontecementos, podería producirse un Brexit duro, de xeito que conlevaría ter que aplicar o Dereito Internacional e a negociar de novo todo o relativo á pesca.
Cunha saída do Reino Unido sen acordo, veríase gravemente afectado aspectos como as nosas posibilidades de pesca, o control veterinario, a homologación de titulacións, o control de fronteiras ou o etiquetado de peixe.

Todos estes aspectos foron tratados nun foro de debate organizado polas Novas Xeracións do Partido Popular de Lugo, onde se puxo en común todos os puntos de vista sobre este eido, tanto dende o sector como da administración e a propia Universidade,

Sabemos que a Consellería do Mar tampouco quedou de mans cruzadas neste asunto, e dende o primeiro momento encargou numerosos estudos ás universidades galegas para a obtención de argumentos co obxectivo de que a pesca non sexa utilizada como moeda de cambio nas negociacións, sendo así a primeira rexión europea en trazar unha folla de ruta neste eido.

En definitiva, ante a nova situación xerada e a posibilidade de afrontar un brexit sen acordo, deberemos de estar preparados para acometer cambios que permitan atender as necesidades derivadas da aplicación das normas e da operativa diaria do noso sector pesqueiro.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2019 11:25:21
Nº Rexistro: 45098
Data envio: 01/02/2019 11:25:21.650

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte **pregunta oral en Comisión:**

-Que está a facer a Consellería do Mar para afrontar o impacto do saída do Reino Unido da Unión Europea?

-En que consistiron os estudos encargados pola Consellería do Mar para analizar o Brexit?

-Que valoración fai a Xunta de Galicia sobre a situación que se presenta para a frota galega con motivo do abandono da UE por parte do Reino Unido ?.

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2019.

**Asinado dixitalmente por:**

**Teresa Egerique Mosquera na data 01/02/2019 11:15:22**

**María Ángeles Garcia Míguez na data 01/02/2019 11:15:38**

**Martín Fernández Prado na data 01/02/2019 11:19:26**

**Alberto Pazos Couñago na data 01/02/2019 11:19:40**

**Marta Rodriguez Arias na data 01/02/2019 11:19:53**

**María Soraya Salorio Porral na data 01/02/2019 11:20:12**

**Daniel Vega Pérez na data 01/02/2019 11:20:22**

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

**Á Mesa do Parlamento**

**Teresa Egerique Mosquera, Marián García Míguez, Martín Fernández Prado, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez**, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo.**

Máis de 400 embarcacións posúen permiso para empregar a arte do xeito en Galicia, conformando unha das frotas máis importantes do sector pesqueiro galego en termos de pesca costeira artesanal.

Esta arte é sumamente selectiva e posúe escasas especies obxectivo, polo cando se procede ao peche da pesquería da sardiña no caladoiro Cantábrico e Noroeste prodúcese un impacto significativo sobre esta frota.

Aínda que debemos partir do feito de que o stock da sardiña non é bo e que a Unión Europea estivo a piques de prohibir a pesca desta especie no ano 2018, tamén debemos recoñecer o traballo do anterior Goberno central, apoiado pola Xunta de Galicia, e o Goberno de Portugal, que conseguiron que Bruxelas aprobara un plan plurianual de recuperación da sardiña que garantiu que a especie non desaparecera dos mercados e se puidera seguir pescando aínda que nunha cantidade bastante inferior que permita axudar a recuperar a especie.

Galicia estivo en contacto permanente co Goberno central para interesarse polo asunto, xa que desde o primeiro momento compartiu a preocupación, non só do sector do xeito senón tamén do cerco. Por iso, a propia Conselleira do Mar sempre demandou a importancia de facer valer os datos científicos para acadar unha melloría nas posibilidades de pesca desta especie nas negociacións que permitise retomar a actividade pesqueira con normalidade.

Nese senso se pode entender a decisión de reabrir a pesquería da sardiña para o xeito baseándose na aplicación da Orde APM/605/2018, de forma que esta arte pode pescar desde o 1 de xaneiro de 2019 e ata que se esgote a cantidade estipulada para eles.

Ante esta situación, os deputados e deputadas asinantes, formulan as seguintes preguntas orais en comisión:

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

-Que valoración fai o Goberno da Xunta de Galicia da nova apertura da pesquería da sardiña?

-Que criterio se seguirá para as capturas?

-Que previsión de capturas considera que se reservarán para esta frota do xeito?

-Que previsións fai o Goberno de Galicia de cara a artellar apoios de darse un peche nesta pesca para este ano?

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2019.

**Asinado dixitalmente por:**

**Teresa Egerique Mosquera na data 01/02/2019 11:45:58**

**María Ángeles Garcia Míguez na data 01/02/2019 11:46:11**

**Martín Fernández Prado na data 01/02/2019 11:46:23**

**Alberto Pazos Couñago na data 01/02/2019 11:46:45**

**Marta Rodriguez Arias na data 01/02/2019 11:46:58**

**María Soraya Salorio Porral na data 01/02/2019 11:47:12**

**Daniel Vega Pérez na data 01/02/2019 11:47:20**

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2019 12:15:26
Nº Rexistro: 45107
Data envio: 01/02/2019 12:15:26.807

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

**Á Mesa do Parlamento**

**Teresa Egerique Mosquera, Marián García Míguez, Martín Fernández Prado, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez**, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo.**

Ao longo do verán pasado produciuse unha importante "tormenta mediática" no eido do consumo de peixe logo de que as autoridades sanitarias decidisen aumentar a cinco días a recomendación para conxelar o pescado antes de consumilo, para diminuír o risco de infectarse co parasito do anisakis, tras detectarse supostos casos de contaxio en peixe que fora conxelado previamente.

O anisakis é un nematodo que parasita nos pescados e ao comelo pode adherirse ás paredes do estómago ou do intestino e producir lesións, ademais dunha serie de problemas dixestivos que poden chegar a ser moi graves.

Dende o primeiro momento, o sector pesqueiro galego considerou excesiva a alarma xerada, chegando a sinalar que se trata dunha campaña orquestrada e interesada que busca a baixada no consumo de peixe fresco de lonxa.

A resposta non se fixo esperar e a propia Consellería do Mar, xunto con mariñeiros, comercializadores e praceiros, trataron de neutralizar esta alarma social con campañas a través das redes sociais e dos propios medios de comunicación, xa que nun primeiro momento afectou ao consumo de peixe, principalmente de pescada.

Neste senso, vimos de coñecer proxectos moi interesantes polos cales as frotas galegas de Vigo, Celeiro e Burela están a promover estudios e traballos para eliminar a bordo dos buques o parasito do anisakis, a través de diferentes sistemas.

Por todo o sinalado, os deputados e deputadas asinantes, formulan as seguintes preguntas orais en comisión:

- Que proxectos se están a desenvolver para combater de raíz o problema do anisakis?
- Que valoración fai destes sistemas e da implicación do sector nesta tarefa?

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2019 12:15:26
Nº Rexistro: 45107
Data envio: 01/02/2019 12:15:26.807

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2019.

**Asinado dixitalmente por:**

**Teresa Egerique Mosquera na data 01/02/2019 12:07:42**

**María Ángeles Garcia Míguez na data 01/02/2019 12:08:21**

**Martín Fernández Prado na data 01/02/2019 12:08:28**

**Alberto Pazos Couñago na data 01/02/2019 12:08:41**

**Marta Rodriguez Arias na data 01/02/2019 12:08:52**

**María Soraya Salorio Porral na data 01/02/2019 12:09:06**

**Daniel Vega Pérez na data 01/02/2019 12:09:13**

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2019 12:24:16
Nº Rexistro: 45109
Data envio: 01/02/2019 12:24:16.263

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

**Á Mesa do Parlamento**

**Soraya Salorio Porral, Teresa Egerique Mosquera, Marián García Míguez, Martín Fernández Prado, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez Arias** e **Daniel Vega Pérez**, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo.**

A raíz da construción do denominado Porto Exterior da Coruña, xurdiu unha importante riqueza marisqueira no dique de Punta Langosteira e que ten que ver coas boas condicións para o crecemento do percebe na cara exterior desta infraestrutura.
Segundo as confrarías da zona, existe percebe nesa zona de gran calidade e de bo tamaño. Ademais, resaltan o importante abatemento do mar, circunstancia que redunda na mellor calidade do molusco.

Coñecemos que a Autoridade Portuaria da Coruña outorgou permiso mediante o cal se permitirá aos profesionais do mar extraer percebe nesta área, recuperando e aumentando así a posibilidade extractiva nesta zona logo de acometerse as obras.

Gracias a isto, a confraría da Coruña, así como tamén a de Caión, disporán dunha nova zona para o marisqueo dende embarcación e a pé, dando resposta a unha vella demanda do sector vencellada á construción no porto exterior da Coruña, iniciado en 2004 e rematado en 2012.

Unha boa noticia para un recurso, o do percebe, que no ano que vén de rematar facturou 8,9 millóns de euros e alcanzou as 316 toneladas descargadas no conxunto das lonxas galegas.

Por todo o anterior, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral en comisión:

-Como se artellará a posibilidade de extracción da que se poderán beneficiar os mariscadores das confrarías da zona de Punta Langosteira?

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2019.

**Asinado dixitalmente por:**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2019 12:24:16
Nº Rexistro: 45109
Data envio: 01/02/2019 12:24:16.263

**María Soraya Salorio Porral na data 01/02/2019 12:19:23**

**Teresa Egerique Mosquera na data 01/02/2019 12:19:33**

**María Ángeles Garcia Míguez na data 01/02/2019 12:19:48**

**Martín Fernández Prado na data 01/02/2019 12:19:55**

**Alberto Pazos Couñago na data 01/02/2019 12:20:06**

**Marta Rodriguez Arias na data 01/02/2019 12:20:25**

**Daniel Vega Pérez na data 01/02/2019 12:20:36**

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2019 12:26:20
Nº Rexistro: 45114
Data envio: 01/02/2019 12:26:20.102

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Luis Bará Torres**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**, relativa á proposta de mellora das comunicacións entre o aeroporto de Alvedro e a autoestrada AP9 e alternativas ao Vial 18.

1.O denominado vial 18 é unha estrada de conexión da AC14 coa autoestrada AP9 defendido por diferentes administracións: Ministerio de Fomento, Xunta de Galiza e goberno municipal de Culleredo. No ano 2012 este vial foi incluído no convenio asinado entre o Ministerio de Fomento e AUDASA, polo que a concesionaria asumía entre outras obras a construción deste vial e a ampliación da avenida de Alfonso Molina. Posteriormente tomouse a decisión de que estas obras se realizarían con cargo ao orzamento do Ministerio de Fomento.

No ano 2015 tramitouse un anteproxecto que foi devolto polo Ministerio de Medio Ambiente ao Ministerio de Fomento por problemas na tramitación da Avaliación do Impacto Ambiental. Tanto o anteproxecto como o trazado previsto contaron tamén con un importante rexeitamento veciñal, polo forte impacto negativo na contorna. Outro dos motivos da retirada daquel anteproxecto era que non existía previsión de reserva de solo para executar este vial.

2. Ao mesmo tempo que se desenvolvía o Proxecto do Vial 18, a Xunta de Galiza incluiu no ano 2010 no Plan MOVE a Conexión Alvedro-AP9, con unha



CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

lonxitude de 0.5 km, un investimento de 2.2 millóns de euros e un horizonte temporal de 2013 (Programa de Vías Estruturantes, Eixos Novos e Variantes, páx 27).

Fronte a esta alternativa prevista pola Xunta de Galiza, o denominado Vial 18 ten unha previsión de investimento de máis de 30 millóns de euros. Ademais do menor custo, a alternativa de conexión entre Alvedro e a autoestrada, através da área de servizo de Almeiras, ten outras vantaxes:

- Permitiría crear un novo acceso desde a autoestrada ao centro do Burgo, e en consecuencia a toda a zona urbana de Culleredo.

- Permitiría construír un acceso directo ao aeroporto.

- Podería empregarse este vial como circunvalación para os vehículos que circulan pola estrada de Almeiras (AC213) e a N550 e dirixirse á cidade e á autoestrada sen pasar polo centro urbano de Culleredo.

- Permitiría conectar a AC14 coa autoestrada simplemente con percorrer unha distancia de 3km máis que a prevista polo hipotético vial 18.

3. O pleno do Concello de Culleredo aprobou no mes de xuño de 2018 unha iniciativa presentada polo BNG na que demandaba á Xunta de Galiza e ao Ministerio de Fomento a realización dun estudo rigoroso sobre as alternativas para a conexión da autoestrada AP9 co aeroporto de Alvedro e a estrada AC14.

Ata o momento non temos coñecemento de que o Concello de Culleredo chegase a ningún acordo coas devanditas administracións para realizar o citado estudo de alternativas.

4. Así parece deducirse da decisión do Ministerio de Fomento pola que se publica no BOE do 09/1/2019 o expediente de información oficial e pública do



CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

anteproxecto de vial de conexión da AC-14 (enlace da Zapateira) e a autoestrada AP 9, e o seu correspondente estudo de impacto ambiental.

Do antedito dedúcese a intención do goberno central de levar a cabo este Proxecto, coa connivencia do goberno galego e do goberno municipal de Culleredo.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

1. Que valoración fai a Xunta de Galiza a respecto do anteproxecto de conexión entre a AC14 e a AP9 promovido polo Ministerio de Fomento?

2. Recibiu a Xunta de Galiza unha petición do Concello de Culleredo para estudar as alternativas para a conexión entre a AP9, o aeroporto de Alvedro e a AC14?

3. O goberno galego ten previsto construír o vial de conexión entre a AP9 (área de servizo de Almeiras) e o aeroporto de Alvedro prevista no Plan MOVE?

4. Considera a Xunta de Galiza que esta alternativa ten un menor custo económico e un menor impacto na contorna?

5. Existen intereses ocultos na defensa da alternativa coñecida como Vial 18?

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**

**Montserrat Prado Cores**



CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2019 12:26:20
Nº Rexistro: 45114
Data envio: 01/02/2019 12:26:20.102

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 01/02/2019 12:22:28**

**María Montserrat Prado Cores na data 01/02/2019 12:22:34**

**Ana Pontón Mondelo na data 01/02/2019 12:22:36**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 01/02/2019 12:22:37**

**Olalla Rodil Fernández na data 01/02/2019 12:22:38**

**Noa Presas Bergantiños na data 01/02/2019 12:22:40**

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 45154
Data envio: 01/02/2019 14:35:59.186

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

**Á Mesa do Parlamento**

**Jacobo Moreira Ferro, Jose Manuel Rey Varela, Martín Fernández Prado, Guadalupe Murillo Solís, Marta Novoa Iglesias, Julia Rodríguez Barreira, Diego Calvo López, Jaime Castiñeira, Gonzalo Trenor López e Daniel Varela Suanzes-Carpegna** deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Comisión 2ª Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios.**

O Parlamento de Galicia na sesión plenaria celebrada o 20 de novembro de 2018 aprobou, sen ningún voto en contra, a Proposición Non de Lei nº 30.032 presentada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia na que se acordaba instar á Xunta de Galicia a requirir daqueles concellos que teñen o deber de dispoñer de servizo de transporte urbano e que non o teñen aínda implantado —isto é, os concellos de Ferrol e de Pontevedra— que realizasen cantos trámites fosen necesarios para a posta en marcha, coa maior brevidade posible, do transporte urbano ao que están obrigados.

Por todo isto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte **pregunta oral en comisión:**

-Teñen cumprido os Concellos de Ferrol e Pontevedra o requirimento emanado do Parlamento de Galicia contido na Proposición Non de Lei nº 30.032 aprobada polo Pleno?

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2019.

**Asinado dixitalmente por:**

**Jacobo Moreira Ferro na data 01/02/2019 14:30:25**

**José Manuel Rey Varela na data 01/02/2019 14:30:42**

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 45154
Data envio: 01/02/2019 14:35:59.186

**Martín Fernández Prado na data 01/02/2019 14:31:27**

**María Guadalupe Murillo Solís na data 01/02/2019 14:31:43**

**Marta Novoa Iglesias na data 01/02/2019 14:31:50**

**María Julia Rodriguez Barreira na data 01/02/2019 14:32:03**

**Diego Calvo Pouso na data 01/02/2019 14:32:35**

**Jaime Castiñeira Broz na data 01/02/2019 14:32:44**

**Gonzalo Trenor López na data 01/02/2019 14:32:52**

**Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 01/02/2019 14:33:01**

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSIY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 45200
Data envio: 04/02/2019 09:15:27.719

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

**Marcos Cal Ogando, Julia Torregrosa Sañudo, Antón Sánchez García e Luis Villares Naveira,** deputados e deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2.ª.**

Respecto á xestión dos residuos das obras que se están a realizar nos terreos das inmediacións do concello da Estrada, a Asociación Profesional de Recicladores de Residuos de Construción e Demolición de Galicia puxo de manifesto o que considera irregularidades e incumprimentos legais no tratamento de residuos e refugallos procedentes da obra.

A obra pretende construír unha nova explanada e, para iso, estase a realizar unha obra de extracción de pavimentos. A cualificación urbanística da finca onde se realiza a obra impide que sexa utilizada como lugar de xestión e eliminación de residuos, xa que a mesma esta cualificada para uso "equipamento municipal", por esta razón e polas obrigas derivadas da norma de residuos e chans contaminados no referente a súa xestión a empresa que realiza a obra ou o contratista principal ten a obriga de encargar o tratamento destes residuos a unha entidade diferente. Non consta que se utilizasen maquinaria para a xestión destes materiais por parte da empresa que está a realizar a obra (COPCISA S.A) xa que só consta a presenza de camións de escombro cos que se estende e enterran os residuos. Aproximadamente, e segundo datos aportados, o cincuenta por cento do material xa foi enterrado sen proceso de separación nin valorización con materiais plásticos de por medio. Todo isto supón un dano para o medio ambiente e un grave incumprimento da lexislación.

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 45200
Data envio: 04/02/2019 09:15:27.719

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea, presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

- Que medidas de inspección e control ten realizado a Xunta de Galicia neste sentido na obra do concello da Estrada?

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2019.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Julia Torregrosa Sañudo

Antón Sánchez García

Luís Villares Naveira

Deputados e deputada do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Marcos Cal Ogando na data 04/02/2019 09:06:35**

**Julia Torregrosa Sañudo na data 04/02/2019 09:06:48**

**Antón Sánchez García na data 04/02/2019 09:07:05**

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

**Luis Villares Naveira na data 04/02/2019 09:07:12**

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2019 10:30:08
Nº Rexistro: 45207
Data envio: 04/02/2019 10:30:08.081

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Eva Solla Fernández,** deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea,** ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5.ª**

O 5 de outubro do 2018, saía publicado no DOG un anuncio da Xerencia de Xestión Integrada de Santiago de Compostela, por medio da que se convocaba a provisión dun posto de xefatura de Servizo de cirurxía cardiovascular.

A particularidade da convocatoria viña dada polo despiste da xerencia ao colarse nun anexo das bases da mesma, a referencia a unha persoa concreta e a súa traxectoria profesional. Unha situación que poñía de manifesto a predisposición da Xerencia respecto a quen outorgar a praza, provocando un caso máis de nepotismo, que xa non é o primeiro no que se ve envolta a actual Xerente do CHUS, cando creou unha xefatura inexistente no Complexo Hospitalario de Ourense outorgada ao seu marido.

Estes feitos non fan máis que corroborar a necesidade de modificar o actual procedemento polo que se escolle a provisión de postos de xefatura no Servizo Galego de Saúde, de xeito que se eviten influencias non desexadas en función de criterios de orientación política ou calquera outro de índole persoal ou subxectiva, non baseado no mérito, capacidade e igualdade de oportunidades para as e os profesionais, tal e como ten defendido este Grupo por medio dunha proposta lexislativa.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes preguntas:

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2019 10:30:08
Nº Rexistro: 45207
Data envio: 04/02/2019 10:30:08.081

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

- Ten pensado o Goberno esixir responsabilidades á Xerente ou algún outro cargo por estes feitos?
- Ten pensado o Goberno a apertura dun expediente?
- En que situación queda agora a provisión do posto respecto á seguridade xurídica no cumprimento das leis?
- Ante estes feitos, non considera o Goberno que resulta necesaria unha modificación lexislativa que mellore o actual procedemento evitando estes casos?

Santiago de Compostela, 4 de febreiro de 2019.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 04/02/2019 10:29:11**

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2019 10:52:21
Nº Rexistro: 45212
Data envío: 04/02/2019 10:52:21.012

grupo socialista Parlamento de Galicia PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª.

Segundo os datos dispoñibles relativos ás execucións orzamentarias do Ministerio de Fomento, entre os anos 2015, 2016 e 2017, o Goberno do Sr. Rajoy orzamentou investimentos por valor de 3.251,75 millóns de euros na comunidade autónoma de Galicia e executou por un total de 1.521,94 millóns de euros, segundo se mostra na seguinte táboa:

| **Ano** | **2015** | **2016** | **2017** | **Totais** |
|---|---|---|---|---|
| **Orzamentado (M€)** | 1.159,00 | 1.194,52 | 898,23 | 3.251,75 |
| **Executado (M€)** | 588,15 | 444,21 | 489,58 | 1.521,94 |
| | 50,75 % | 37,19 % | 54,50 % | 46,80 % |

Se nos referimos aos investimentos de ADIF no AVE, vemos que entre os anos 2015, 2016 e 2017, os datos son os seguintes:

| **Ano** | **2015** | **2016** | **2017** | **Totais** |
|---|---|---|---|---|
| **Orzamentado (M€)** | 702,49 | 802,42 | 481,33 | 1.986,24 |
| **Executado (M€)** | 277,91 | 230,37 | 302,57 | 810,85 |
| | 39,56 % | 28,71 % | 62,86 % | 40,82 % |

O anterior pon en evidencia que o compromiso dos gobernos do Partido Popular con Galicia sitúase, sendo xenerosos na cualificación, na metade do que manifestan as súas palabras iniciais. Por iso o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que valoración fai o Goberno da Xunta de Galicia das execucións orzamentarias do Goberno do Estado na comunidade autónoma de Galicia entre os anos 2015, 2016 e 2017?

2ª) Considera aceptable que o nivel de execución se sitúe nunha media do 46,80 % no caso do Ministerio de Fomento e o 40,82 % na caso das obras do AVE a Galicia?

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2019 10:52:21
Nº Rexistro: 45212
Data envío: 04/02/2019 10:52:21.012

3ª) Mantivo nalgún momento unha postura de defensa dos intereses desta Comunidade Autónoma ante o desleixo que supón deixar de investir 2.905,20 millóns de euros nos anos aos que fai referencia esta pregunta?

Pazo do Parlamento, 31 de xaneiro de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 04/02/2019 10:49:57**

**María Luisa Pierres López na data 04/02/2019 10:50:04**

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2019 11:05:37
Nº Rexistro: 45216
Data envio: 04/02/2019 11:05:37.714

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Xosé Luis Rivas Cruz**, **Luis Bará Torres**, **Olalla Rodil Fernández**, **Ana Pontón Mondelo**, **Montserrat Prado Cores** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª**.

Aparece en Setúbal (Portugal) no ano 1999 e espallouse por todo Portugal cunha dispersión *natural* e por focos *satélite* imparable. A Unión Europea ven advertindo da perigosidade desta praga que pode traer consecuencias graves para varias coníferas pero con maior virulencia para o *pinus pinaster* ou piñeiro do país. O país veciño está totalmente colonizado por este nematodo.

En Galicia detéctase por vez primeira no 2010 no concello de As Neves tomándose medidas de illamento e unha área demarcada. A Xunta de Galiza declarara daquela como zona de corentena nos radios de 20 kms. arredor dos puntos de localización, zonas de control, mostraxe e trampeo, e tampón, cun programa de eliminación das árbores afectadas, a expedición de certificados para o traslado de madeira por estrada, o control do transporte, vixilancia especial sobre a que viña de Portugal e o tratamento térmico da madeira para poder comercializala.

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2019 11:05:37
Nº Rexistro: 45216
Data envío: 04/02/2019 11:05:37.714

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O certo é, que cos riscos existentes debido a presenza como praga estendida en Portugal, e a redución da intensidade da vixilancia e ademais medidas, a falta de coordinación con outras administracións como a de Castela-León, onde na Universidade existe un comité científico con resultados no control do nematodo, ou en Extremadura onde na práctica conseguiron un resultados moi positivos, na Galiza, aparecen novos brotes en máis puntos dos que se observaran no 2010, nos concellos do Baixo Miño, causando unha fonda preocupación.

Do descontrol da Xunta de Galiza sobre este asunto, deron conta dende a Unión Europea, desde onde indicaron que non se estaban adoptando as medidas necesarias, dándolle unha amonestación ó Goberno Galego.

Pero esta dispersión por saltos creando focos satélite que é a que nos afecta precede á expansión natural que avanza no norte de Portugal e tódolos expertos opinan que son horas de tomar medidas de calado porque o problema é serio.

Neste labor, ...erradica-los focos satélite é vital para evitar que a expansión se acelere. Sen dúbida é o momento de actuar de xeito contundente. Non hai momento mellor para para-la dispersión do nematodo en Galicia; ese momento é agora.” ( Begoña de la Fuente en declaracións a Campo Galego)

Temos de ser conscientes da ameaza deste nematodo polo sul do noso país porque cando se instale e afecte o norte do país veciño de forma plena estaremos nun alto risco.



CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

- Que medidas foron adoptadas pola Xunta de Galiza nos focos satélites logo da súa detección no 2010?.

- Que organismos públicos participan nas diferentes fases de detección e control do nematodo?

- Cal é o protocolo actual de seguimento e intervención sobre esta praga?

- Quen ou quenes se encargan da vixilancia e control dos transportes de madeira?

- Cantos pasaportes fitosanitarios foron expedidos para o transporte?

- Que papel está desenvolvendo a Universidade nas medidas de investigación?

- Que coordinación temos coas outras Comunidades Autónomas afectadas?, Existe un Comité Científico Común?, e con Portugal?

- Cal é o orzamento anual adicado pola Xunta de Galicia en investigación, seguimento e control do nematodo?



CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Cantas toneladas de madeira afectada foron extraídas dende a detección inicial? Que tratamento se lle dá á madeira aserrada?
- Como se informa o propietario da parcela afectada e que asesoramento recibe?
- Existe algunha compensación económica por perdas para o propietario?

Santiago de Compostela, 4 de febreiro de 2019

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

**Olalla Rodil Fernández**

**Noa Presas Bergantiños**

**Montserrat Prado Cores**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 04/02/2019 11:02:57**



CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**María Montserrat Prado Cores na data 04/02/2019 11:03:03**

**Ana Pontón Mondelo na data 04/02/2019 11:03:05**

**Olalla Rodil Fernández na data 04/02/2019 11:03:06**

**Noa Presas Bergantiños na data 04/02/2019 11:03:08**

**Xosé Luis Bará Torres na data 04/02/2019 11:03:12**

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2019 11:26:23
Nº Rexistro: 45218
Data envío: 04/02/2019 11:26:23.442

Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Abel Fermín Losada Álvarez, deputada e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª.

O Consello de Contas foi creado pola Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, como órgano de control externo da Comunidade Autónoma galega. Esta lei foi reformada pola Lei 8/2015, coa finalidade de reforzar as súas competencias, a súa independencia e a súa propia eficiencia e capacidade de cooperación con outras institucións.

Na propia exposición de motivos da Lei 8/2015, do 7 de agosto, de reforma da Lei 6/1985, e do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, para a prevención da corrupción establecese que "*O Consello de Contas de Galicia, o órgano de control e fiscalización externo das contas do sector público autonómico galego, ocupa unha posición especialmente relevante no tecido institucional da Comunidade Autónoma. Creado no propio Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 53.2, desenvolvido por unha das primeiras leis da Comunidade Autónoma (a Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, reformada pola Lei 4/1986), desde que o Consello de Contas se puxo en marcha no ano 1991 ten gañado o merecido recoñecemento da sociedade galega pola súa continuada contribución, a través dos sucesivos informes presentados ao Parlamento, á mellora da xestión dos recursos públicos administrados polo sector público autonómico*".

E no artigo primeiro, modificase o punto 1 do artigo 1 da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, que queda redactado como segue: "*O Consello de Contas, como órgano de fiscalización externa das contas e da xestión económico-financeira e contable, exercerá a súa función en relación coa execución dos programas de ingresos e gastos do sector público da Comunidade Autónoma e asesorará o Parlamento de Galicia en materia económico financeira*".

No mes de xullo o Consello de Contas entregou informes de fiscalización correspondentes ao Plan de traballo aprobado para este exercicio 2018, entre os que se inclúe o informe correspondente á Conta Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia do ano 2016.

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2019 11:26:23
Nº Rexistro: 45218
Data envío: 04/02/2019 11:26:23.442

No apartado de recomendacións, o Consello de Contas reitera unha das recomendacións feita nas fiscalizacións da Conta Xeral da Comunidade Autónoma do ano 2015 e 2014:

"III.2. RECOMENDACIÓNS

Presentación da información contable

*3.2. Faise necesario que por parte da Administración se aborde con urxencia unha reforma e actualización do marco normativo en materia económica, orzamentaria e contable, que inclúa a delimitación das entidades que integran o perímetro orzamentario e da Conta Xeral, a formación da Conta Xeral da Comunidade Autónoma, e a regulación dos procesos de consolidación das contas destas entidades; e tamén a aprobación dun novo Plan de contabilidade pública da Comunidade Autónoma que cumpra co proceso de harmonización contable No marco destas modificacións normativas, sería aconsellable incorporar a destinada ao adianto do prazo da rendición da Conta Xeral.*

Tendo en conta que as recomendacións se refiren aos exercicios 2014, 2015 e 2016 e xa estamos en 2019, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Ten abordado o Goberno galego, a día de hoxe, a reforma e actualización do marco normativo en materia económica, orzamentaria e contable, que inclúa a delimitación das entidades que integran o perímetro orzamentario e da Conta Xeral?

2ª) Ten aprobado a Xunta de Galicia, a día de hoxe, un novo Plan de contabilidade pública da Comunidade Autónoma que cumpra co proceso de harmonización contable?

Pazo do Parlamento, 4 de febreiro de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 04/02/2019 10:40:39**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 04/02/2019 10:40:47**

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2019 11:26:23
Nº Rexistro: 45218
Data envio: 04/02/2019 11:26:23.442

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 04/02/2019 10:40:58**

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Abel Fermín Losada Álvarez, deputada e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª.

O Consello de Contas foi creado coa Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, como órgano de control externo da Comunidade Autónoma galega. Esta lei foi reformada pola Lei 8/2015, coa finalidade de reforzar as súas competencias, a súa independencia e a súa propia eficiencia e capacidade de cooperación con outras institucións.

Na propia exposición de motivos da Lei 8/2015, do 7 de agosto, de reforma da Lei 6/1985, e do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, para a prevención da corrupción establecese que "*O Consello de Contas de Galicia, o órgano de control e fiscalización externo das contas do sector público autonómico galego, ocupa unha posición especialmente relevante no tecido institucional da Comunidade Autónoma. Creado no propio Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 53.2, desenvolvido por unha das primeiras leis da Comunidade Autónoma (a Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, reformada pola Lei 4/1986), desde que o Consello de Contas se puxo en marcha no ano 1991 ten gañado o merecido recoñecemento da sociedade galega pola súa continuada contribución, a través dos sucesivos informes presentados ao Parlamento, á mellora da xestión dos recursos públicos administrados polo sector público autonómico*".

E no artigo primeiro, modificase o punto 1 do artigo 1 da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, que queda redactado como segue: "*O Consello de Contas, como órgano de fiscalización externa das contas e da xestión económico-financeira e contable, exercerá a súa función en relación coa execución dos programas de ingresos e gastos do sector público da Comunidade Autónoma e asesorará o Parlamento de Galicia en materia económico financeira*".

No mes de xullo o Consello de Contas entregou informes de fiscalización correspondentes ao Plan de traballo aprobado para este exercicio 2018, entre os que se inclúe o informe correspondente á Conta Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia do ano 2016.

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2019 11:27:18
Nº Rexistro: 45219
Data envío: 04/02/2019 11:27:18.982



No apartado de recomendacións, o Consello de Contas reitera unha das recomendacións feita nas fiscalizacións da Conta Xeral da Comunidade Autónoma do ano 2015 e 2014:

"*Endebedamento*

*3.13. Dada a relevancia que o endebedamento autonómico ten alcanzado nestes últimos anos en termos de sustentabilidade futura das contas públicas, recoméndase á Administración autonómica realizar un esforzo na subministración dunha información o máis ampla posible na Memoria e na Conta de Endebedamento da Conta Xeral, de xeito que se facilitara o seu seguimento e análise".*

Tendo en conta que as recomendacións se refiren aos exercicios 2014, 2015 e 2016 e xa estamos en 2019, a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Vai o Goberno galego subministrar neste exercicio 2019 a información necesaria para facilitar o seguimento e análise da conta e endebedamento da conta xeral.

2ª) Cal foi a evolución do endebedamento da Xunta de Galicia desde 2009 ata a actualidade?

Pazo do Parlamento, 4 de febreiro de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 04/02/2019 10:41:34**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 04/02/2019 10:41:41**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 04/02/2019 10:41:52**

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2019 11:27:46
Nº Rexistro: 45220
Data envío: 04/02/2019 11:27:46.160



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Abel Fermín Losada Álvarez, deputada e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª.

O Consello de Contas foi creado coa Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, como órgano de control externo da Comunidade Autónoma galega. Esta Lei foi reformada pola Lei 8/2015, coa finalidade de reforzar as súas competencias, a súa independencia e a súa propia eficiencia e capacidade de cooperación con outras institucións.

Na propia exposición de motivos da Lei 8/2015, do 7 de agosto, de reforma da Lei 6/1985, e do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, para a prevención da corrupción  establecese que "*O Consello de Contas de Galicia, o órgano de control e fiscalización externo das contas do sector público autonómico galego, ocupa unha posición especialmente relevante no tecido institucional da Comunidade Autónoma. Creado no propio Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 53.2, desenvolvido por unha das primeiras leis da Comunidade Autónoma (a Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, reformada pola Lei 4/1986), desde que o Consello de Contas se puxo en marcha no ano 1991 ten gañado o merecido recoñecemento da sociedade galega pola súa continuada contribución, a través dos sucesivos informes presentados ao Parlamento, á mellora da xestión dos recursos públicos administrados polo sector público autonómico*".

E no artigo primeiro, modificase o punto 1 do artigo 1 da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, que queda redactado como segue: "*O Consello de Contas, como órgano de fiscalización externa das contas e da xestión económico-financeira e contable, exercerá a súa función en relación coa execución dos programas de ingresos e gastos do sector público da Comunidade Autónoma e asesorará o Parlamento de Galicia en materia económico financeira*".

No mes de xullo o Consello de Contas entregou informes de fiscalización correspondentes ao Plan de traballo aprobado para este exercicio 2018, entre os que se inclúe o informe correspondente á Conta Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia do ano 2016.



CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2019 11:27:46
Nº Rexistro: 45220
Data envío: 04/02/2019 11:27:46.160

No Informe de Fiscalización de Fondos Europeos, correspondente ao exercicio 2016, o Consello de Contas reitera unha das recomendacións feita nas fiscalizacións dos anos 2015 e 2014:

"*4.-Con respecto á base de datos XUMCO recoméndase proceder á unificación dos criterios de identificación das modalidades coa base de datos da Conta Xeral.*

*Recoméndase que a base de datos XUMCO incorpore a identificación de todos os beneficiarios de Fondos Europeos, debéndose relacionar os perceptores de fondos tramitados polo FOGGA e igualmente deberanse especificar os códigos e o nome completo das modalidades dos diferentes programas operativos de forma idéntica á Conta Xeral.*

*Recoméndase implementar nas distintas bases de datos, XUMCO e Conta Xeral, un sistema de identificación e clasificación das actividades económicas dos receptores finais dos Fondos Europeos.*

Tendo en conta que as recomendacións se refiren aos exercicios 2014, 2015 e 2016 e xa estamos en 2019, a deputada e o deputado que asinan preguntan:

Ten implementado o Goberno galego, a día de hoxe, nas distintas bases de datos, XUMCO e Conta Xeral, un sistema de identificación e clasificación das actividades económicas dos receptores finais dos Fondos Europeo?

Pazo do Parlamento, 4 de febreiro de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 04/02/2019 10:42:18**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 04/02/2019 10:42:25**

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 04/02/2019 10:42:35**

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Abel Fermín Losada Álvarez, deputada e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª.

O Consello de Contas foi creado coa Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, como órgano de control externo da Comunidade Autónoma galega. Esta Lei foi reformada pola Lei 8/2015, coa finalidade de reforzar as súas competencias, a súa independencia e a súa propia eficiencia e capacidade de cooperación con outras institucións.

Na propia exposición de motivos da Lei 8/2015, do 7 de agosto, de reforma da Lei 6/1985, e do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, para a prevención da corrupción se establece que "*O Consello de Contas de Galicia, o órgano de control e fiscalización externo das contas do sector público autonómico galego, ocupa unha posición especialmente relevante no tecido institucional da Comunidade Autónoma. Creado no propio Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 53.2, desenvolvido por unha das primeiras leis da Comunidade Autónoma (a Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, reformada pola Lei 4/1986), desde que o Consello de Contas se puxo en marcha no ano 1991 ten gañado o merecido recoñecemento da sociedade galega pola súa continuada contribución, a través dos sucesivos informes presentados ao Parlamento, á mellora da xestión dos recursos públicos administrados polo sector público autonómico*".

E no artigo primeiro, modificase o punto 1 do artigo 1 da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, que queda redactado como segue: "*O Consello de Contas, como órgano de fiscalización externa das contas e da xestión económico-financeira e contable, exercerá a súa función en relación coa execución dos programas de ingresos e gastos do sector público da Comunidade Autónoma e asesorará o Parlamento de Galicia en materia económico financeira*".

No mes de xullo o Consello de Contas entregou informes de fiscalización correspondentes ao Plan de traballo aprobado para este exercicio 2018, entre os que se inclúe o informe correspondente á Conta Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia do ano 2016.

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSIY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2019 11:28:44
Nº Rexistro: 45225
Data envío: 04/02/2019 11:28:44.680

No Informe de Fiscalización de Fondos Europeos, correspondente ao exercicio 2016, o Consello de Contas reitera unha das recomendacións feita nas fiscalizacións dos anos 2015 e 2014.

"*6.-Recoméndase que a totalidade dos organismos e entes públicos dependentes da Administración Autonómica recollan no seu orzamento de ingresos as previsións definitivas e as modificacións reais do orzamento inicial de ingresos*".

Tendo en conta que as recomendacións se refiren aos exercicios 2014, 2015 e 2016 e xa estamos en 2019, a deputada e os deputados que asinan preguntan:

Ten o Goberno galego aprobada, a día de hoxe, algunha instrución para que a totalidade dos organismos e entes públicos dependentes da Administración Autonómica recollan no seu orzamento de ingresos as previsións definitivas e as modificacións reais do orzamento inicial de ingresos?

Pazo do Parlamento, 4 de febreiro de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 04/02/2019 10:42:58**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 04/02/2019 10:43:11**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 04/02/2019 10:43:20**

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2019 11:29:14
Nº Rexistro: 45227
Data envío: 04/02/2019 11:29:14.351

Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Abel Fermín Losada Álvarez, deputada e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª.

O Consello de Contas foi creado coa Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, como órgano de control externo da Comunidade Autónoma galega. Esta Lei foi reformada pola Lei 8/2015, coa finalidade de reforzar as súas competencias, a súa independencia e a súa propia eficiencia e capacidade de cooperación con outras institucións.

Na propia exposición de motivos da Lei 8/2015, do 7 de agosto, de reforma da Lei 6/1985, e do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, para a prevención da corrupción se establece que "*O Consello de Contas de Galicia, o órgano de control e fiscalización externo das contas do sector público autonómico galego, ocupa unha posición especialmente relevante no tecido institucional da Comunidade Autónoma. Creado no propio Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 53.2, desenvolvido por unha das primeiras leis da Comunidade Autónoma (a Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, reformada pola Lei 4/1986), desde que o Consello de Contas se puxo en marcha no ano 1991 ten gañado o merecido recoñecemento da sociedade galega pola súa continuada contribución, a través dos sucesivos informes presentados ao Parlamento, á mellora da xestión dos recursos públicos administrados polo sector público autonómico*".

E no artigo primeiro, modificase o punto 1 do artigo 1 da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, que queda redactado como segue: "*O Consello de Contas, como órgano de fiscalización externa das contas e da xestión económico-financeira e contable, exercerá a súa función en relación coa execución dos programas de ingresos e gastos do sector público da Comunidade Autónoma e asesorará o Parlamento de Galicia en materia económico financeira*".

No mes de xullo o Consello de Contas entregou informes de fiscalización correspondentes ao Plan de traballo aprobado para este exercicio 2018, entre os que se inclúe o informe correspondente á Conta Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia do ano 2016.

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

No apartado de recomendacións, o Consello de Contas reitera unha das recomendacións feita nas fiscalizacións da Conta Xeral da Comunidade Autónoma do ano 2015 e 2014:

"*III.2. RECOMENDACIÓNS*

*Presentación da información contable*

*3.9. Na liña das recomendacións anteriores, insístese na necesidade de incorporar un sistema completo de seguimento dos gastos con financiamento afectado, que permita coñecer de xeito fiable as desviacións de financiamento producidas no exercicio e as acumuladas desde o inicio dos proxectos de gasto.*

*Considérase necesario a regularización e depuración dos dereitos recoñecidos pendentes de cobro, en especial os de maior antigüidade".*

Tendo en conta que as recomendacións se refiren aos exercicios 2014, 2015 e 2016 e xa estamos en 2019, a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Ten incorporado o Goberno galego, a día de hoxe, o sistema completo de seguimento dos gastos con financiamento afectado, que permita coñecer de xeito fiable as desviacións de financiamento producidas no exercicio e as acumuladas desde o inicio dos proxectos de gasto?

2ª) Vai facer a Xunta de Galicia neste exercicio 2019 a regularización e depuración dos dereitos recoñecidos pendentes de cobro, en especial os de maior antigüidade?

Pazo do Parlamento, 4 de febreiro de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 04/02/2019 10:43:47**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 04/02/2019 10:45:01**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 04/02/2019 11:10:50**

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2019 11:29:27
Nº Rexistro: 45229
Data envio: 04/02/2019 11:29:27.166

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Luis Bará Torres**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, relativa á contaminación río Umia.

1. A construción do encoro da Baxe tivo un forte impacto negativo no río Umia, tanto no que ten que ver coa calidade das augas como como equilibrio ecolóxico do río. Aínda que segundo a Xunta a construción do encoro tiña como finalidade principal evitar as riadas e asolagamentos na vila de Caldas, a realidade é que a obra provocou males maiores dos que pretendía resolver: converteu un río vivo nun río tóxico e provocou ameazas para a saúde pública e para as actividades produtivas, recreativas e de lecer.

2. A historia do encoro da Baxe é a crónica dunha estafa, perpetrada contra a vontade maioritaria expresada polas corporacións municipais de Caldas, Moraña e Cuntis. Moito tempo despois confirmouse o que xa desde o comezo denunciada a Plataforma en Defensa do río Umia, as organización ecoloxistas e o propio BNG: detrás da construción do encoro había unha operación especulativa e lucrativa a través dunha explotación hidroeléctrica por parte dunha empresa privada.

3. Malia as sucesivas denuncias sobre a contaminación do encoro e do río por cianobacterias e microcistina, e sobre os riscos para o ecosistema e para as persoas, a Xunta nega a maior e intenta ocultar a realidade. Na reunión co Comité de crise de

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2019 11:29:27
Nº Rexistro: 45229
Data envío: 04/02/2019 11:29:27.166

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Caldas que tivo lugar o pasado 23 de xaneiro en Pontevedra, a conselleira de Infraestruturas, Ethel Vázquez, mesmo chegou a afirmar que nunca se detectara a presenza de microcistina no encoro do Umia, malia a que un informe de 2013 encargado pola administración autonómica e  realizado polo director da Estación de Hidrobioloxía da USC, Fernando Cobo, rexistrou a presenza da toxina, que tamén foi detectada en analíticas que se fixeron en 2010 en Caldas e Portas.

4. É evidente que o encoro e o río Umia están nunha situación de alarma por contaminación. Así se deduce do estado do encoro, da alerta pola proliferación de algas decretada por Augas de Galicia e que se prolonga xa por máis de medio ano. A contaminación por cianobacterias tamén afecta aos sistemas de abastecemento de auga potábel ao longo do curso do río, polos problemas que causan as algas no proceso de potabilización. E as consecuencias da contaminación tamén afectan aos usos lúdicos do río, como se puido comprobar coa  prohibición do baño no río Umia, que se decretou o pasado mes de agosto.

Máis alá de todas estas evidencias ainda quedan por resolver moitas dúbidas. Polo que se fai imprescindíbel a realización dunha análise exhaustiva sobre a calidade das augas, a contaminación por microcistina e os posíbeis efectos para a saúde humana e para o ecosistema, incluíndo a posíbel afectación aos recursos pesqueiros e marisqueiros da ría de Arousa.

5. O BNG sempre defendeu –e segue defendendo- que a solución a este desastre ambiental pasa polo desmantelamento do encoro da Baxe. Mais en tanto que non se acorda esta medida, entendemos que se deben poñen en marcha diferentes iniciativas para garantir a calidade das augas e informar á poboación sobre os potenciais riscos derivados do actual estado de contaminación do río Umia. Cómpre ter en conta que en recentes declaracións aos medios, Fernando Cobo alertou dos potenciais riscos



CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

derivados da contaminación do río, tanto derivados da inxesta de auga como do contacto coa pel e a inhalación por aerosol.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

-Que valoración fai a Xunta de Galiza sobre a contaminación do río Umia?

-Como valora o goberno galego os riscos de contaminación por microcistina no río Umia?

-Ten previsto a Xunta de Galiza encargar algún estudo sobre a contaminación do río por cianobacterias e microcistina, e sobre os potenciais riscos para a saúde humana e para o ecosistema?

-En atención a que riscos se decretou a prohibición do baño no río Umia o pasado mes de agosto?

-Que medidas prevé desenvolver a Xunta de Galiza para combater a contaminación do río Umia?

-Considera a Xunta de Galiza a posibilidade de realizar un estudo sobre a viabilidade do desmantelamento do encoro da Baxe?

-Que cantidades ingresa a Xunta de Galiza anualmente en concepto de canon pola explotación hidroeléctrica do encoro?

-Que investimentos realizou a Xunta de Galiza nos concellos afectados polo encoro?



CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2019 11:29:27
Nº Rexistro: 45229
Data envio: 04/02/2019 11:29:27.166

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 4 de febreiro de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**

**Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 04/02/2019 11:24:49**

**María Montserrat Prado Cores na data 04/02/2019 11:25:03**

**Ana Pontón Mondelo na data 04/02/2019 11:25:04**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 04/02/2019 11:25:06**

**Olalla Rodil Fernández na data 04/02/2019 11:25:08**

**Noa Presas Bergantiños na data 04/02/2019 11:25:09**

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2019 11:32:39
Nº Rexistro: 45238
Data envio: 04/02/2019 11:32:39.280

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

**A Mesa do Parlamento**

**Carlos Gómez Salgado, Moisés Blanco Paradelo, Raquel Arias Rodríguez, Daniel Vega Pérez, Miguel Prado Patiño, Jacobo Moreira Ferro** e **Rosa Oubiña Solla,** deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes.**

A evolución dos sistemas de produción, manipulación, aplicación de fitosanitarios ou mesmo a comercialización de produtos agrogandeiros, implican o coñecemento e implementación de novos procesos e sistemas, que frecuentemente incorporan aplicacións informáticas e novas tecnoloxías.

Estas innovacións, xunto coa complexidade e diversidade de documentación e expedientes que compre manexar, as veces de extraordinaria complexidade referidas, nomeadamente a protocolos, convocatorias, recursos ou axudas relacionadas coa actividade agrícola e gandeira.

E mesmo, e de xeito particular a necesidade de estar o dia no coñecemento e xeito de afrontar aquelas cuestións que afectan a sanidade tanto vexetal como animal; fan necesario que os gandeiros e agricultores conten con procesos e recursos de asesoramento que melloren a súa formación e información, e que en definitiva, lles permitan o desenvolvemento da súa actividade, con eficiencia na procura da calidade e rendibilidade dos seus produtos.

Por todo isto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Como afronta a Consellería do Medio Rural a necesidade de asesoramento ós titulares das explotacións agrícolas ou gandeiras?

Santiago de Compostela, 4 de febreiro de 2019

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

**Asinado dixitalmente por:**

**Carlos Gómez Salgado na data 04/02/2019 11:28:53**

**Moisés Blanco Paradelo na data 04/02/2019 11:29:01**

**Raquel Arias Rodríguez na data 04/02/2019 11:29:07**

**Daniel Vega Pérez na data 04/02/2019 11:29:14**

**Jesús Miguel Prado Patiño na data 04/02/2019 11:29:22**

**Jacobo Moreira Ferro na data 04/02/2019 11:29:29**

**Rosa Oubiña Solla na data 04/02/2019 11:29:36**

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 45292
Data envío: 04/02/2019 14:00:02.516

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Abel Fermín Losada Álvarez e Patricia Vilán Lorenzo, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª.

No Diario Oficial de Galicia do 27 de decembro de 2018, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda publicou a Orde do 14 de decembro de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de residuos de competencia municipal, financiadas conxuntamente polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional con cargo ao programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva para o ano 2019. A dotación orzamentaria desta Orde ascende a 1.286.570 €, distribuídos en dúas liñas: Implantación de puntos limpos móbiles con 900.599 €, e unha segunda liña para proxectos de nova implantación da recollida separada da fracción orgánica dos residuos municipais, con 385.971 €.

O importe máximo da subvención non poderá superar os 40.000 €, podendo incrementarse en 5.000 € máis no caso de solicitudes presentadas conxuntamente, ata un máximo de 60.000 € en calquera das dúas liñas de actuación.

O Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia 2010-2020, establece as bases para impulsar a xestión de residuos urbanos en Galicia cara a un novo escenario máis sostible e acorde coa xerarquía de residuos marcada pola directiva da UE.

A partir da diagnose realizada con ocasión da elaboración do plan, as conclusións ou prioridades detectadas incluíron, en materia de xestión de residuos domésticos, as seguintes:

- Impulsar mellores iniciativas de prevención dos residuos, cun uso máis eficaz dos recursos e un cambio cara a pautas de consumo máis sostibles.

- Fomentar a recollida selectiva en orixe, como estratexia para obter materiais de calidade que teñan saída no mercado da reciclaxe.

- Potenciar a xestión/recollida en orixe da fracción orgánica dos residuos municipais.

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

• Potenciar as recollidas comerciais en orixe.

• Favorecer o mercado da reciclaxe.

• Minimizar o vertedura final en depósitos controlados, especialmente de fracción biodegradable e materiais recuperables.

• Implicar as persoas nas actuacións de xestión de residuos, maximizar a implicación e os coñecementos da poboación e dos xestores.

Entre os instrumentos dispoñibles para a consecución dos obxectivos propostos, o propio Plan PXRUG contempla especificamente o establecemento de liñas de subvencións dirixidas a entidades locais destinadas, entre outras, a actuacións como as seguintes:

• A realización de campañas locais de comunicación.

• O desenvolvemento de accións de prevención e recollida selectiva.

• A promoción da compostaxe.

• A adaptación, ampliación ou mellora dos puntos limpos, a posta en marcha de puntos limpos móbiles ou minipuntos limpos.

• A elaboración de plans territoriais de xestión que deberán definir as medidas de prevención.

Á vista destes datos as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cantos puntos limpos, fixos e móbiles, hai na nosa comunidade autónoma?

2ª) Cantas campañas de información e/ou sensibilización sobre a recollida selectiva de residuos urbanos fixo a Xunta de Galicia desde 2010, e en que concellos?

3ª) Ten establecido a Xunta de Galicia algún convenio de colaboración coas entidades locais de Galicia co fin de incrementar e mellorar a recollida selectiva de residuos sólidos urbanos?

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 45292
Data envío: 04/02/2019 14:00:02.516

4ª) Considera a Xunta de Galicia suficiente e axeitada a dotación orzamentaria contida na Orde de subvención para acadar os obxectivos fixados de cara ao ano 2020?

Pazo do Parlamento 4 de febreiro de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 04/02/2019 13:51:31**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 04/02/2019 13:51:39**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 04/02/2019 13:51:49**

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 45312
Data envio: 04/02/2019 16:25:20.353

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

**Paula Quinteiro Araújo, Eva Solla Fernández e Flora Miranda Pena**, deputadas do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.ª.**

Recentemente anunciábase a constitución, por parte do Sergas, dun grupo de traballo para a detección temperá da violencia de xénero.

Polos anuncios feitos, sabemos que este grupo de traballo, de carácter multidisciplinar, tería unha dependencia funcional da Xerencia do Sergas. No anuncio, afirmábase que entre os obxectivos do Grupo de traballo estaría o de contribuír á concienciación social e colaborar no deseño das actuacións e programas públicos en materia de violencia de xénero dende o ámbito sanitario, pero faltaba concreción.

É evidente que os servizos sanitarios deben ser un axente fundamental para a detección das violencias machistas e que é preciso mellorar o funcionamento dos plans e dos protocolos existentes para que estes sexan efectivos.

En Novembro do ano 2011 anunciábase, a raíz dunha Proposición non de Lei debatida e aprobada no Parlamento Galego, a creación dun protocolo de detección "precoz" de violencia de xénero.

A iniciativa aprobada recollía o seguinte:

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSIY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

"O Parlamento Galego insta a Xunta de Galicia a que implante en todas as áreas sanitarias —ao longo do vindeiro ano— o protocolo de actuación sanitaria ante casos de violencia de xénero, coa finalidade de mellorar a detección precoz da violencia de xénero e de promover o restablecemento das mulleres que sufran violencia."

Polo exposto, preséntanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1.ª) Quen conforma o grupo de traballo constituído polo Sergas para a detección temperá da violencia de xénero?

2. Que medidas se contemplan que se apliquen a raíz da creación deste grupo de traballo?

3. Teñen pensado dedicar algunha partida orzamentaria para este?

4. Teñen feito algunha avaliación sobre a implantación do acordo tomado no Parlamento galego en novembro do ano 2011?

Santiago de Compostela, 4 de febreiro de 2019.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo

Eva Solla Fernández

Flora Miranda Pena

Deputadas do G.P. de En Marea.

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 45312
Data envio: 04/02/2019 16:25:20.353

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Quinteiro Araújo na data 04/02/2019 16:23:44**

**Eva Solla Fernández na data 04/02/2019 16:23:51**

**Flora María Miranda Pena na data 04/02/2019 16:24:00**

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2019 16:46:33
Nº Rexistro: 45317
Data envío: 04/02/2019 16:46:33.159

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paula Vázquez Verao** e **Luís Villares Naveira,** deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea,** ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5ª.**

Os centros de día constitúense como un dos servizos que máis facilita a conciliación das persoas coidadoras de maiores e persoas dependentes, así como un recurso para permitir a socialización de persoas maiores (sobre todo de persoas que viven en lugares do rural con pouca poboación) e a realización de actividades que fomentan a autonomía persoal. Son un servizo que garante a permanencia da persoa maior no seu domicilio. Constitúense como un recurso esencial nun País sobreavellentado e de poboamento dispersa coma é Galiza.

O Concello da Estrada impulsou a promoción dun Centro de Día, que será xestionado en convenio coa Asociación Galega para a Axuda dos Enfermos de Alzhéimer (Agadea), para o cal o alcalde anuncia 20 prazas a tempo completo ou 40 a media xornada.

Logo de múltiples improvisacións e promesas de prazos incumpridas por parte do Concello, o 28 de xaneiro de 2019, tras inspección por parte da Consellería de Política Social, superou o trámite de homologación, tras ter realizado algunha remodelación destinada a garantir a accesibilidade a persoas con mobilidade reducida, que permitirá que o centro teña prazas concertadas coa Xunta.

A última inspección que deu o aval ao centro sinalou que aínda cómpre facer unha serie de pequenas modificacións.

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Unha vez realizadas e enviada a documentación que falta por parte do Alcalde da Estrada, a Xunta poderá expedir o permiso de inicio de actividade.

No Concello da Estrada, segundo datos da Xunta trasladados a En Marea, hai 7 persoas dependentes pendentes de concesión de recurso de atención diúrna, que non contan con outra prestación. Trátase dunha das listas de agarda máis elevadas da provincia de Pontevedra neste servizo. Por outra parte, en xeral, no servizo de SAF na Estrada había hai uns meses 141 persoas en lista de agarda. Ademais, hai que ter en conta que a demanda do servizo é maior, pois trátase dun servizo que vai ser usado tanto por persoas valoradas como dependentes como outras que non.

Polo exposto, a deputada e o deputado que subscriben formulan a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.ª:

1. Cantas prazas concertadas coa Xunta vai ter o Centro de Día da Estrada?

2. Vai a Xunta cubrir a demanda existente de servizo de atención diúrna para persoas dependentes da Estrada?

3. Que modificacións tivo que facer o Concello no centro para poder obter a homologación?

4. Que previsión ten para conceder o permiso de apertura ao Centro de Día da Estrada?

Santiago de Compostela, 4 de febreiro de 2019.

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2019 16:46:33
Nº Rexistro: 45317
Data envio: 04/02/2019 16:46:33.159

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Luís Villares Naveira

Deputada e deputado do G.P. de En Marea

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 04/02/2019 16:45:49**

**Luis Villares Naveira na data 04/02/2019 16:45:57**

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2019 17:20:26
Nº Rexistro: 45326
Data envio: 04/02/2019 17:20:26.821

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Xosé Luis Rivas Cruz**, **Luis Bará Torres**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**.

No ano 1991 coa publicación no DOG 197 de 11 de outubro do decreto 322/91 do 4 de outubro declárase de utilidade pública e interese social a urxente execución da concentración parcelaria da zona de Sta. María de Villestro II coa fin de corrixir a atomización das parcelas de monte destas dúas parroquias do concello de Santiago de Compostela.

Posteriormente no DOG 240 de 10 de decembro de 2009 publicouse a Resolución do 11 de novembro do mesmo ano do Departamento Territorial da Coruña da Consellería de Medio Rural pola que se anuncia a aprobación das bases definitivas da zona de concentración parcelaria de Villestro II - Figueiras II de Santiago de Compostela.

Neste concello realizáronse 21 procedementos de concentración parcelaria, mais aínda permanece aberto o de Villestro e Figueiras que afecta a 1.219 propietarios e propietarias, que dispoñen de 14.072 parcelas nunha superficie total de 1.523 hectáreas. Moitas destas parcelas son de dimensións reducidas e non ofrecen rendibilidade económica ás persoas titulares da propiedade por carecer dunha superficie mínima.

Coma xa diximos este procedemento de concentración parcelaria iniciouse co decreto publicado o 4 de outubro de 1991 e entrou na fase de aprobación de bases



CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2019 17:20:26
Nº Rexistro: 45326
Data envio: 04/02/2019 17:20:26.821

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

definitivas o 5 de novembro de 2009. Transcorreron pois case 27 anos desde que os propietarios e as propietarias destes terreos agardan polo remate do mesmo para poderen cultivar, producir e reiniciar as actividades ligadas ó monte xa que a provisionalidade que se abre con estes procesos limita a explotación e, sobre todo, polo feito de que moitas parcelas quedan descoidadas enchéndose de maleza e poden ser atacadas polos incendios, ademais de perderen parte da capacidade produtiva.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

-Cales son as razóns para a inaceptable demora do proceso de reestruturación de monte das parroquias de Villestro e Figueiras?

-Ten pensado o Goberno galego aproveitar o proceso de concentración que nos ocupa para deixar superficie común que poida facilitar a construción do Periférico Norte e futuras ampliacións da rede viaria?

-Que vai facer o Goberno galego para dar solución ó proceso de concentración de montes das parroquias de Villestro-Figueiras do concello de Santiago de Compostela?

Santiago de Compostela, 4 de febreiro de 2019

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

**Montserrat Prado Cores**



CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2019 17:20:26
Nº Rexistro: 45326
Data envio: 04/02/2019 17:20:26.821

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 04/02/2019 17:17:33**

**María Montserrat Prado Cores na data 04/02/2019 17:17:42**

**Ana Pontón Mondelo na data 04/02/2019 17:17:45**

**Olalla Rodil Fernández na data 04/02/2019 17:17:47**

**Noa Presas Bergantiños na data 04/02/2019 17:17:48**

**Xosé Luis Bará Torres na data 04/02/2019 17:17:50**

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2019 12:24:05
Nº Rexistro: 45353
Data envio: 05/02/2019 12:24:05.695

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

# Á MESA DO PARLAMENTO

**Flora Miranda Pena,** deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea,** ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral na **Comisión 5.ª**

No Concello de Zas vive unha poboación de 334 nenos e nenas en idade pediátrica. A súa atención sanitaria estrutúrase en torno a dous dispositivos asistenciais, en Zas e en Baio, pertencentes á área de Cee. Ata xuño do 2.018, estes nenos e nenas eran atendidos por unha pediatra en horario ordinario de 8 a 15 horas, en días alternantes entre ambas localidades. Desde entón, esta dispoñibilidade horaria de 35 horas reduciuse ata as 15 horas actuais. O horario de atención aos nenos e nenas de Zas restrínxese agora ás tres horas que van desde as 12 do mediodía ata as 15 horas (martes, mércores e venres en Zas, e luns e xoves en Baio) . O tempo de consulta circunscríbese de 13 a 15, mentres que o das revisións esténdese entre as 12 e as 13. No núcleo de Zas, a enfermeira de pediatría compártese ademais coa poboación adulta, reservando para a atención domiciliaria o horario de 14 a 15 (e quedando, polo tanto, os nenos e nenas sen atención mesa franxa horaria).

Isto atenta contra a dispoñibilidade de atención pediátrica das nenas e nenos, mais non só: dificulta a conciliación das familias, que dispoñen dun horario máis restrinxido para utilizar o servizo de pediatría. Isto supón unha limitación na conciliación da vida familiar e laboral das familias. Ademais resulta incompatible co comedor escolar, mecanismo conciliador por excelencia para as familias nas que a ocupación de ambos proxenitores condiciona circunstancias particulares (as familias no entorno viven maioritariamente do sector primario-agricultura ou teñen empregos fora do concello). A ausencia de axudas á conciliación e a carencia de servizos repercute sobre a oportunidade de acceso/permanencia das mulleres ao mercado laboral, tendo en conta a desigualdade nos coidados.

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Dado o perfil sociodemográfico do concello son os avós e avoas en numerosas ocasións os que se fan cargo dos coidados dos nenos e nenas. Moitos deles /delas carecen de autonomía ou automóbil propio. Estes, que antes aproveitaban o autobús escolar para acudiren cos netos e netas á pediatra, agora teñen que facer uso do servizo de taxi en dúas ocasións (desembolso mínimo de 15 euros), que se incrementan ata 45 euros por traxecto no caso de ter que ser derivado o neno ou nena ao servizo de pediatría limítrofe de referencia en Camariñas. Existe un agravante adicional na dotación de servizos básicos: non existe transporte público que comunique as distintas parroquias ou lugares do concello cos centros de saúde de Zas ou Baio, existindo unha única liña de autobús diario que atravesa exclusivamente a vía principal (estrada xeral). A distancia ao hospital comarcal de referencia é de 45 quilómetros, e á cidade con hospital materno infantil de referencia (A Coruña) é de 60 desde o propio núcleo de Zas.

Trátase dunha poboación dispersa, rural e avellentada que requiriría, (se o reparto de recursos non se exercese en base a números netos senón a equidade e aposta polo rural), dun investimento en recursos que arraigasen as familias con fillos e fillas menores ao entorno.

Se non existen servizos para a infancia, o rural xa de por si avellentado carece da menor oportunidade de supervivencia. Trataríase de establecer a necesidade de exercer unha “discriminación positiva” neste reparto de recursos, tendo en conta que se carece doutros moitos: hospitais cercanos, comunicación eficiente, medios de transporte públicos, ocupación laboral para os país e nais no propio Concello.

Supón tamén un agravio comparativo para os nenos e nenas do rural con respecto aos de núcleos de poboación dotados de pediatría, con hospitais e centros sanitarios achegados. Especialmente para os máis pequenos-as e/ou os de maiores necesidades de saúde (con máis patoloxías) , os máis necesitados-as de atención pediátrica especializada.

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A dispersión do Concello de Zas, un concello no que pode existir ata 40 quilómetros entre os núcleos máis distantes, é un elemento adicional que complica a atención sanitaria cando non existen recursos que fomenten a mobilidade. Existen núcleos como A Calabanda que se atopan ata a 60 quilómetros de Camariñas (centro ao que se deriva con relativa frecuencia en ausencia de pediatra). A dispersión atinxe a 16 parroquias e ata 96 núcleos de poboación, dispersos.

O número de nenos e nenas en termos absolutos non pode competir cunha realidade visible: a necesidade de revalorizar e apostar polo rural. E nada máis valioso que o futuro que aportan os nenos e as nenas.

A poboación de Zas dispón dos mesmos dereitos asistenciais que o global das persoas usuarias do SERGAS. Malia isto, debemos, en termos de equidade no reparto de recursos, considerar a necesidade desta poboación de dispoñer de recursos accesibles para a súa xente. O frío número non pode competir coa realidade palmaria de malas comunicacións, poboación avellentada, ausencia de recursos públicos de mobilidade e contexto sociodemográfico de devalo.

Por outra banda, a poboación de Zas non é responsable das eivas na xestión e previsión de atención pediátrica do SERGAS: durante anos fomentouse a precariedade, non se consideraron as necesidades de formación de especialistas, concretouse a liña de recortes de dereitos á cidadanía coa coartada da crise neoliberal, confiouse na baixada da natalidade, obviouse o aumento da demanda, e agora atopámonos ante un panorama no que o Servizo Galego de Saúde obriga a pagar o prezo da mala xestión á poboación en idade pediátrica do rural.

Por estes motivos, a deputada que subscribe formula a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.ª:

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2019 12:24:05
Nº Rexistro: 45353
Data envio: 05/02/2019 12:24:05.695

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

-Ten a Consellería de Sanidade algún plan para recuperar a dotación inicial de 35 horas semanais na atención pediátrica aos nenos e nenas de Zas?

Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 2019.

Asdo.: Flora Miranda Pena

Deputada do G.P. de En Marea

**Asinado dixitalmente por:**

**Flora María Miranda Pena na data 05/02/2019 12:20:10**

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2019 12:49:17
Nº Rexistro: 45363
Data envío: 05/02/2019 12:49:17.366

GRUPO PARLAMENTAR en marea

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Davide Rodríguez Estévez e Antón Sánchez García**, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea,** ao abeiro do disposto no artigo156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 7.ª,** sobre a situación na que se atopa a Oficina Agraria Comarcal de Xinzo de Limia.

Hoxe, nas Oficinas Agrarias Comarcais da Galiza traballan máis de 300 profesionais entre veterinarias, enxeñeiras agrónomas, enxeñeiras técnicas agrícolas e persoal administrativo divididas nas case 70 oficinas agrarias comarcais distribuídas por todo o país.

Nos momentos actuais de crise dos sectores agro e gandeiros, a Consellería non é quen de dotar de persoal suficiente nin material ás oficinas agrarias comarcais.

Isto, a día de hoxe, vese agravado polo feito de que vén de abrirse o prazo para tramitar as axudas da PAC e, en pouco tempo, comezarán as campañas para solicitar subvencións como as de novas incorporacións, os plans de mellora, etc... que supoñen unha carga de traballo extraordinaria á que non van poder responder dende esta oficina.

O desmantelamento da Oficina Agraria Comarcal de Xinzo de Limia inscríbese nunha política clara de recortes que a Xunta de Galicia e a Consellaría de Medio Rural levan anos executando en toda a rede de OACs de Galiza, substituíndo moitos servizos por trámites telemáticos que, na maioría dos casos, obrigan a usuarios e usuarias a contratar servizos privados para poder xestionalos. Ademais, as OACs foron perdendo, co paso dos anos, o seu importante labor de formación e asesoramento para as nosas granxas e explotacións, reducíndose o seu indispensable rol para o noso agro á mera burocracia.

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2019 12:49:17
Nº Rexistro: 45363
Data envío: 05/02/2019 12:49:17.366

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea formula as seguintes Preguntas para a súa resposta oral na Comisión 7.ª

1. É consciente a Consellería de Medio Rural da situación na que se atopa a OAC de Xinzo de Limia?

2. Que medidas ten pensado levar a cabo a Consellería de Medio Rural para reverter esta situación?

Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 2019.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez
Antón Sánchez García
Deputados do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**David Rodríguez Estévez na data 05/02/2019 12:46:54**

**Antón Sánchez García na data 05/02/2019 12:47:12**

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2019 13:16:53
Nº Rexistro: 45370
Data envio: 05/02/2019 13:16:53.212

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Noa Presas Bergantiños**, **Luis Bará Torres**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz** e **Olalla Rodil Fernández**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, sobre a situación de Ferroatlántica.

Nas últimas semanas de decembro do 2018 coñecéronse diferentes ameazas de Ferroatlántica aos seus centros produtivos en Galiza que culminaron na parada de dous fornos no centro de Cee-Dumbría.

Décadas de falta de planificación industrial por parte da Xunta de Galiza e do goberno central derivaron nun escenario de inestabilidade do sector electrointensivo agravada pola escalada do prezo da electricidade e pola permisividade coa falta de modernización das empresas, como demostra a situación de Ferroatlántica e a doutras empresas electrointensivas como Alcoa.

Cómpre recordar que Ferroatlántica explota as centrais hidroeléctricas do río Xallas a cambio do mantemento da produción industrial e dos postos de traballo na Costa da Morte. Esta empresa ten recibido grandes beneficios por esta condición, poré, ten aplicado un modelo de explotación absolutamente neocolonial no que esquilma os nosos recursos ao tempo que non desenvolve investimentos na modernización da empresa e incumpre sistematicamente os compromisos de mantemento e aumento do emprego.



CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2019 13:16:53
Nº Rexistro: 45370
Data envío: 05/02/2019 13:16:53.212

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No ano 2017, o grupo de Villar Mir pretendeu levar a cabo unha operación de especulación intentando vender as centrais do río Xallas, impedida pola forza colectiva dos e das traballadoras e do pobo galego.

O pasado 4 de febreiro de 2019 a empresa de Villar Mir comunicou un ERE temporal do 1 de marzo de 2019 ata o 28 de febreiro de 2021. Unha decisión inxustificada que agocha o intento de desviar a produción a outras empresas do grupo para así poder xustificar con base á redución da produción calquera expediente de regulación de emprego, posto que cos beneficios que xera a produción enerxética do Xallas é imposíbel xustificar tal decisión.

Cómpre unha resposta diante dunha situación inxustificada e excepcional para evitar que o modelo de industria colonial do señor Villar Mir supoña novas perdas en materia de emprego e tecido industrial.

Por todas estas razóns formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:

Como valora o goberno galego o ERE presentado por Ferroatlántica? Considérao xustificado? Vai facer algunha actuación ou negociación para impedilo?

Que actuacións vai levar a cabo o goberno galego para impedir a perda de postos de traballo de Ferroatlántica en Galiza?

Coñece o goberno galego a situación do centro de Sabón? Cal é a súa valoración? Que medidas vai tomar?



CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2019 13:16:53
Nº Rexistro: 45370
Data envio: 05/02/2019 13:16:53.212

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Coñece o goberno galego a situación da empresa en Cee-Dumbría? Cal é a súa valoración? Que medidas vai tomar?

Como valora a Xunta de Galiza, de forma concreta, a paralización de dous fornos en Cee-Dumbría? Considera que hai motivos obxectivos?

Tense reunido a Xunta de Galiza cos representantes das e dos traballadores destes centros? Con que resultado?

E coa dirección destes centros? Con que resultado?

Considera a Xunta de Galiza que Ferroatlántica está a cumprir coas condicións de cesión e explotación das centrais hidroeléctricas do Xallas?

Que seguimento fai a Xunta de Galiza do grao de cumprimento?

Ten avaliado a posibilidade de revertela? Por que razóns?

Santiago de Compostela, 5 febreiro de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

**Luis Bará Torres**

**Montserrat Prado Cores**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2019 13:16:53
Nº Rexistro: 45370
Data envio: 05/02/2019 13:16:53.212

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 05/02/2019 13:14:37**

**María Montserrat Prado Cores na data 05/02/2019 13:14:42**

**Ana Pontón Mondelo na data 05/02/2019 13:14:44**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 05/02/2019 13:14:46**

**Olalla Rodil Fernández na data 05/02/2019 13:14:50**

**Xosé Luis Bará Torres na data 05/02/2019 13:14:52**

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2019 13:21:41
Nº Rexistro: 45378
Data envío: 05/02/2019 13:21:41.720

**Á Mesa do Parlamento**

**Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela,** deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O grupo internacional de traballo en obesidade (IOTF) e a Organización Mundial da Saúde (OMS), definiron a obesidade como a epidemia do século XXI polas dimensións adquiridas ao longo das últimas décadas, o seu impacto sobre a morbimortalidade, a calidade de vida e o gasto sanitario.

Cada vez se dispón de evidencia máis uniforme sobre o impacto da obesidade na maior parte das enfermidades crónicas, non só en relación coas cardiovasculares, senón tamén con outros problemas frecuentes como a diabetes tipo 2, a artrose, os problemas psicolóxicos e mesmo algúns tipos de cancro, tales como o de colon, o de mama e o de endometrio O importante impacto sobre as enfermidades crónicas, o custo sanitario, a calidade de vida e as súas crecentes dimensións configuran a obesidade como un importante problema de saúde pública. Así o recoñeceu a OMS na estratexia global en nutrición e actividade física aprobada en maio de 2004, urxindo aos países membros a desenvolver plans de acción encamiñados a promover hábitos alimentarios saudables e a estimular a práctica habitual de actividade física como principais estratexias preventivas.

Segundo os datos da Enquisa Nacional de Saúde publicados polo Instituto Nacional de Estatística, o 64,6 % dos galegos e galegas, máis de 1,7 millóns, valoraron o seu estado de saúde xeral como "moi bo" ou "bo" durante 2017, mentres que, no outro extremo, 39.100 declararon ter un estado de saúde "moi malo". Con respecto ás características físicas da poboación, a Enquisa Nacional de Saúde de España 2017 realizada polo Ministerio de Sanidad, Consumo y Bienestar Social, reflicte que no referente ao Índice Masa Corporal en relación á comunidade autónoma de nacemento, en Galicia hai un 59,75 % da poboación maior de 18 anos que sofre sobrepeso ou obesidade, é dicir que ten un peso por enriba do que se considera como normopeso, a segunda máis elevada de todo España (soamente por detrás da Rexión de Murcia), e cinco puntos superior á media estatal.

No caso da poboación infantil, a pesares de que os datos da enquisa de 2017 do Ministerio indican que na actualidade o número de nenos e nenas de entre 2 e 17

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2019 13:21:41
Nº Rexistro: 45378
Data envío: 05/02/2019 13:21:41.720

anos que ten un peso por enriba do que se considera como normopeso é inferior á media estatal, son un 23,29 % os e as nenos e nenas que sofren sobrepeso ou obesidade, datos que se os analizamos en función do sexo son superiores nos homes que nas mulleres.

No ano 2013 a Xunta de Galicia puña en marcha o Plan Xermola, cuxo obxectivo era "diminuír a prevalencia da obesidade na poboación infantil e xuvenil de Galicia (menores de 18 anos) nun prazo de 8 anos, mellorar o patrón alimentario e de actividade física da poboación infantil e xuvenil como principais determinantes actuais desta patoloxía e actuar sobre outros que vaia identificando a evidencia científica". Seis anos despois da súa posta en marcha, non temos coñecemento de que haxa unha avaliación do mesmo, todo elo cando a taxa de nenos e nenas que teñen un peso maior ao considerado como normopeso, segue sendo alarmante, un problema grave que se debe abordar con urxencia, xa que pode afectar á súa saúde inmediata, así como ao nivel educativo que poden alcanzar, e a súa calidade de vida

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Considera o Goberno galego elevada a taxa de galegos e galegos maiores de 18 anos que sofren sobrepeso ou obesidade?
2. Que valoración fai a Xunta de Galicia da porcentaxe de menores de 18 anos que sofren na nosa Comunidade Autónoma sobrepeso ou obesidade?
3. Seis anos despois da súa posta en marcha, qué valoración fai a Xunta de Galicia da aplicación do Plan Xermola?
4. Publicáronse informes de seguimento?
5. En caso afirmativo, que resultados e recomendacións se recollen no mesmo?
6. Que medidas ten previsto poñer en marcha a Xunta de Galicia durante a X lexislatura para reducir a taxa de galegos e galegas con un peso maior ao considerado como normopeso?
7. Ten previsto a Xunta de Galicia promover durante a X lexislatura, campañas educativas para a promoción da actividade física e alimentación saudable e equilibrada a través da escola e dos comedores escolares?

Pazo do Parlamento, 1 de febreiro de 2019

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2019 13:21:41
Nº Rexistro: 45378
Data envío: 05/02/2019 13:21:41.720

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 05/02/2019 13:12:49**

**Julio Torrado Quintela na data 05/02/2019 13:12:54**

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2019 13:43:53
Nº Rexistro: 45388
Data envío: 05/02/2019 13:43:53.567

**Á Mesa do Parlamento**

**Patricia Vilán Lorenzo, Julio Torrado Quintela** e **Noela Blanco Rodríguez**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

A situación sanitaria da comarca do Condado-Paradanta está a sufrir unha importante perda de capacidade asistencial como resultado dunha política de recortes moi estrita aplicada polo Goberno galego nos últimos anos. As persoas profesionais do sistema sanitario redobran esforzos e tratan de manter o maior nivel de calidade posible, mais a situación está a sobrepasar o aceptable e estanse a perder servizos que empeoran a situación.

As condicións xeográficas e demográficas do Condado-Paradanta caracterizan unha Galicia rural, con poboación dispersa e envellecida, cuxos membros máis activos das familias están desprazados aos grandes núcleos de poboación, con dificultades de comunicación polas condicións persoais e polas deficiencias de transporte público e de comunicacións para a mobilidade por medios propios. A comarca conta con varios centros de saúde (As Neves, Mondariz e Mondariz-Balneario, entre outros), estes nucleados en torno ao de Ponteareas, que conta tamén cun PAC. A maiores, ese mesmo centro de saúde presta o servizo de RX que chegara a funcionar 2 días á semana en A Cañiza, Crecente, Arbo e O Covelo. Nesta comarca existe un claro déficit tanto de infraestruturas e de persoal.

O Centro de Saúde de As Neves conta cun so cuarto de baño para todo o persoal e pacientes do centro de saúde, con dificultades de accesibilidade e que dificulta o desenvolvemento normal da actividade.

O caso dos centros de saúde de Mondariz e Mondariz-Balneario é paradigmático desta situación. Máis en concreto, o censo de cativos destes tres concellos é de 593, que o Sergas e a consellería pretenden derivar ao Centro de Saúde de Ponteareas, que xa ten adscritos a 3342, o que fará un total de 3935 crianzas con, na teoría, tres pediatras, dous en horario de mañá e un de tarde, na teoría porque a pediatra de tarde de Ponteareas leva case un ano de baixa. Con estes datos é practicamente imposible que o Centro de Saúde de Ponteareas poida asumir o cupo infantil de 593 cativos e cativas máis dos que xa teñen, polo que seguro vai

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2019 13:43:53
Nº Rexistro: 45388
Data envío: 05/02/2019 13:43:53.567

pasar que sexan derivados ao Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo, a uns 35 quilómetros de distancia.

En repetidas ocasións nos últimos catro anos os veciños e veciñas desta comarca téñense manifestado en contra desta política sanitaria do Goberno galego e non só polas condicións das instalacións e dos servizos dos centros de saúde de As Neves, Mondariz e Mondariz-Balneario, senón tamén porque o de Ponteareas non consegue cubrir as necesidades asistenciais de forma eficaz e eficiente: ten todos os espazos ocupados, non podendo ofrecer, nin sequera, a posibilidade de resituar servizos, polo que a acumulación de pacientes é diaria. Ademais, a escaseza de persoal fai que a situación estea a entrar en coidados intensivos: a non substitución de persoal provoca que as proporcións de pacientes por facultativo sexa de 50/1 de media. A realidade é que os médicos de familia atenden aos seus pacientes máis ás urxencias e moitos médicos da quenda de mañá teñen que facer catro horas de tarde se algún dos médicos desa quenda está de baixa.

A reiterada petición do persoal sanitario dun técnico pola tarde para a utilización da máquina de RX segue sen atender, cando a presenza deste profesional permitiría usar o aparato de raios de maneira continuada de mañá e tarde e liberaría da necesidade de desprazar pacientes a Vigo, permitindo unha maior calidade de traballo, facilidade para a diagnose e mellores condicións para os profesionais e dando servizo tanto a unidade de atención primaria como ao PAC. O caso do desprazamento aos centros hospitalarios de Vigo evidencia tamén as condicións nas que se atopa Ponteareas, pois a existencia dunha soa ambulancia polas noites impide desenvolver un traballo eficiente no plano puramente asistencial, estando saturado o seu uso e non podendo ser un recurso optimizado.

A situación global, en todos os planos, é preocupante para veciños e veciñas de O Condado-Paradanta, que comproban a perda de capacidade do sistema asistencial a pesares do esforzo dos profesionais.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Está satisfeito o Goberno galego coa situación sanitaria da comarca do Condado-Paradanta (respecto dos centros sanitarios de As Neves, Mondariz, Mondariz-Balneario e Ponteareas)?
2. Vai garantir o Goberno a cobertura de substitucións dos profesionais de atención primaria, coa contratación extraordinaria dos profesionais en listas de substitución e dos recentes titulados MIR, para poder cubrir as

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2019 13:43:53
Nº Rexistro: 45388
Data envío: 05/02/2019 13:43:53.567

necesidades demandadas polos profesionais dende os centros de saúde? Cando?

3. Vai dotar o Goberno ao Centro de Saúde de Ponteareas dunha ambulancia máis polas noites para mellorar as condicións de atención sanitaria ao conxunto da poboación? Cando?
4. Vai dotar o Goberno dun técnico pola tarde para a utilización da máquina de RX no Centro de Saúde de Ponteareas? Cando?

Pazo do Parlamento, 1 de febreiro de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 05/02/2019 13:35:30**

**Julio Torrado Quintela na data 05/02/2019 13:35:36**

**Noela Blanco Rodríguez na data 05/02/2019 13:35:48**

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2019 13:47:34
Nº Rexistro: 45393
Data envío: 05/02/2019 13:47:34.906

**Á Mesa do Parlamento**

**Patricia Vilán Lorenzo, Julio Torrado Quintela** e **Noela Blanco Rodríguez**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

A situación sanitaria da comarca do Condado-Paradanta está a sufrir unha importante perda de capacidade asistencial como resultado dunha política de recortes moi estrita aplicada polo Goberno galego nos últimos anos. As persoas profesionais do sistema sanitario redobran esforzos e tratan de manter o maior nivel de calidade posible, mais a situación está a sobrepasar o aceptable e estanse a perder servizos que empeoran a situación.

As condicións xeográficas e demográficas do Condado-Paradanta caracterizan unha Galicia rural, con poboación dispersa e envellecida, cuxos membros máis activos das familias están desprazados aos grandes núcleos de poboación, con dificultades de comunicación polas condicións persoais e polas deficiencias de transporte público e de comunicacións para a mobilidade por medios propios. A comarca conta con varios centros de saúde (A Cañiza, Crecente, Arbo e Covelo, entre outros), estes nucleados en torno ao de A Cañiza, que conta tamén cun PAC. Nesta comarca existe un claro déficit tanto de infraestruturas como de persoal.

O Centro de Saúde de A Cañiza -onde tamén se sitúa o PAC- ten catro médicos de familia (un dos cales consulta no consultorio municipal en Valeixe), un pediatra (que martes e xoves se despraza ao Centro de Saúde de Crecente), cinco enfermeiros (un dos cales se despraza a Valeixe) e catro PSX. Funcionan en 4 equipas en cada quenda de garda, dende as 3 da tarde ata as 8 da mañá do día seguinte (e dende as 8 ata as 3), de luns a sábados, e domingos as 24 horas. Este persoal presta asistencia no centro, a domicilio e no exterior cando os mobiliza o 061, o que significa que, nesas saídas que soen durar máis de 2 horas de media, o centro queda sen asistencia e os enfermos que cheguen deben ir ao PAC máis próximo, o de Ponteareas. Ten, ademais, un taxi contratado pola xerencia do SERGAS para os desprazamentos do persoal e unha ambulancia do 061 con base na Cañiza e outra en Arbo. No centro hai tamén unha traballadora social (que colabora coas dos Concellos de A Cañiza, Arbo e Crecente), unha odontóloga e unha hixienista dental para o servizo destes 3 Concellos e unha fisioterapeuta que atende a estes 3 e a parte do Concello de O Covelo.

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2019 13:47:34
Nº Rexistro: 45393
Data envío: 05/02/2019 13:47:34.906



En Crecente, hai dous médicos de familia (un dos cales pasa parte da súa xornada no consultorio municipal de Filgueira), un enfermeiro que só está 2 horas e media e o resto da xornada localizado e un PSX. Ese mesmo problema co enfermeiro a xornada reducida teno o Concello de O Covelo.

Por último, en Arbo hai dous médicos de familia, dous enfermeiros, un PSX e un pediatra a media xornada compartido co Concello de As Neves.

É evidente que a situación global, en todos os planos, é preocupante para veciños e veciñas de O Condado-Paradanta, que comproban a perda de capacidade do sistema asistencial a pesares do esforzo dos profesionais. Así, nos últimos anos o Centro de Saúde de A Cañiza perdeu o servizo de RX, de maneira que agora haise que trasladar a Ponteareas ou a Vigo. E perdeu tamén a visita dun especialista rehabilitador que pasaba consulta semanalmente no centro e atendía a pacientes dos catro concellos.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Está satisfeito o Goberno galego coa situación sanitaria da comarca do Condado-Paradanta (respecto dos centros sanitarios de A Cañiza, Crecente, Arbo e O Covelo)?
2. Vai garantir o Goberno a cobertura de substitucións dos profesionais de atención primaria, coa contratación extraordinaria dos profesionais en listas de substitución e dos recentes titulados MIR, para poder cubrir as necesidades demandadas polos profesionais dende os centros de saúde? Cando?
3. Vai restaurar o Goberno o servizo de RX do Centro de Saúde de A Cañiza, co fin de que os pacientes non se teñan que trasladar a Ponteareas ou a Vigo? Cando?
4. Vai reforzar o Goberno o PAC de A Cañiza, o único PAC que conta cun so médico en toda a área de Vigo? Cando?
5. Vai dotar o Goberno á comarca dunha ambulancia medicalizada en A Cañiza, Ponteareas ou nun punto intermedio ao Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo? Cando?

Pazo do Parlamento, 1 de febreiro de 2019

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2019 13:47:34
Nº Rexistro: 45393
Data envio: 05/02/2019 13:47:34.906

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 05/02/2019 13:38:03**

**Julio Torrado Quintela na data 05/02/2019 13:38:09**

**Noela Blanco Rodríguez na data 05/02/2019 13:38:14**

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2019 13:57:24
Nº Rexistro: 45401
Data envio: 05/02/2019 13:57:24.155

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Noa Presas Bergantiños**, **Ana Belén Pontón Mondelo** e **Montserrat Prado Cores**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, sobre as demoras na apertura do centro de atención a persoas maiores do Cádavo no Concello de Baleira

O 21 de decembro de 2018 a Xunta de Galiza fixo pública a través da súa publicación no DOG a formalización do contrato da concesión do servizo asistencial de atención diúrna e atención residencial no centro de atención ás persoas maiores de Baleira. Por un importe de 965.285,57€ (IVE incluído).

Esta infraestrutura, pertencente ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, leva pechada -malia as continuas promesas da Xunta de Galiza- desde hai anos negando un servizo fundamental á poboación do concello.

Así mesmo, malia ser construída con fondos públicos, finalmente a Xunta de Galiza optou por conceder a súa xestión a unha empresa privada.

O Grupo parlamentar do BNG ten demandado a través de preguntas para a súa resposta escrita información e explicacións deste retraso na posta en funcionamento da residencia e centro de día de Baleira, porén, a Xunta de Galiza non respondeu.



CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2019 13:57:24
Nº Rexistro: 45401
Data envio: 05/02/2019 13:57:24.155

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto, formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

- Cando vai abrir a Xunta de Galiza o centro de atención ás persoas maiores do Concello de Baleira?

- Cales foron as razóns das constantes demoras na súa posta en funcionamento, tendo en conta que as obras de construción desta infraestrutura comezaron en 2013?

- Por que a Xunta de Galiza privatizou a xestión do centro?

Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**
**Luis Bará Torres**
**Xosé Luis Rivas Cruz**
**Noa Presas Bergantiños**
**Montserrat Prado Cores**
**Ana Belén Pontón Mondelo**
Deputadas e deputados do G.P. do BNG



CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2019 13:57:24
Nº Rexistro: 45401
Data envio: 05/02/2019 13:57:24.155

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 05/02/2019 13:51:53**

**María Montserrat Prado Cores na data 05/02/2019 13:51:58**

**Ana Pontón Mondelo na data 05/02/2019 13:52:01**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 05/02/2019 13:52:03**

**Noa Presas Bergantiños na data 05/02/2019 13:52:05**

**Xosé Luis Bará Torres na data 05/02/2019 13:52:07**

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 45407
Data envío: 05/02/2019 14:04:11.861

**Á Mesa do Parlamento**

**Julio Torrado Quintela, María Luisa Pierres López e Noela Blanco Rodríguez,** deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

A atención primaria do Servicio Galego de Saúde no concello de Lalín resulta paradigmática dunha boa parte dos problemas que sofre o conxunto do sistema, como froito da política de recortes e desleixo do Partido Popular á fronte da Xunta de Galicia.

O centro de saúde da vila foi construído nos anos 70 e presenta déficits que son dificilmente subsanables, de tipo estrutural e que non pode responder á relevancia e entidade da poboación á que debe atender, condicionada pola súa situación xeográfica, o ámbito de influencia e o volume poboacional.

No 2007 comezouse a traballar, por parte da Consellería de Sanidade, na posibilidade da construción dun Centro de Alto Rendemento en Lalín, de forma que se puidese dar saída a unha necesidade de servizo como a que se tiña. O Goberno local de entón puxo dificultades a aquel proxecto que, non entanto, quedaba encamiñado no 2009. Co cambio de Goberno autonómico, existiu maior entendemento entre o Concello, que deixou de poñer tantas dificultades, e a Consellería de Sanidade, e en 2010 se anuncia a construción do CAR no Alto de Vales, que se materializa en 2011 na sinatura dun convenio de colaboración para este proxecto. Este convenio nunca foi materializado nos seus puntos ata 2015, da novamente de eleccións municipais, no que se asina novamente un protocolo de cooperación entre as institucións, que o PP da visibilidade no Parlamento de Galicia a través dunha iniciativa parlamentaria aprobada e que pretende poñer en valor tal acordo e a próxima construción do CAR.

Para poder chegar a ese punto, o Concello de Lalín fixo un grande esforzo coa adquisición dos terreos por diversas vías, asumindo o Concello todo o custe deste proceso e que supuxo algunhas renuncias a outros investimentos e necesidades.

O cambio de Goberno municipal en Lalín provocou o cambio de actitude da Consellería de Sanidade, quen dende 2015 fixo oídos xordos ás peticións do Concello de Lalín dos avances necesarios, e que ata este momento alcanza o feito de non dar resposta nin recibir ao alcalde de Lalín e membros do Goberno

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 45407
Data envio: 05/02/2019 14:04:11.861

municipal. En xuño de 2017, na Comisión 5ª de Sanidade, Política Social e Emprego do Parlamento de Galicia, o xerente do Sergas asumiu que a infraestrutura, agora, non era "prioritaria". No mesmo tempo, o Concello de Lalín aprobou por unanimidade unha moción que solicita, entre outras cuestións, o cumprimento dos acordos asinados e o inicio das obras para a construción do CAR.

A Xunta de Galicia terminou por iniciar o procedemento para a construción dun novo centro de saúde, afastado das necesidades máis amplas que o propio PP recoñeceu en numerosas ocasións dende hai moitos anos. Este novo centro de saúde poderá resolver algunhas das cuestións estruturais do actual centro, mais non será o avance necesario en termos de ampliación de servizos de maneira notoria, como si ocorrería no caso de que fose un centro CAR como se tiña planificado inicialmente.

En todo caso, a situación da atención sanitaria segue a presentar na actualidade varios problemas que, ata a inauguración dese novo centro e incluso coa súa posta en funcionamento, non terán solución se non existe unha política de fortalecemento do servizo por parte da Xunta de Galicia. O problema estrutural de non cobertura de baixas e vacacións dos profesionais produce problemas de carácter asistencial. O Centro de Saúde de Lalín ten asignados 10 facultativos/as en quenda de mañá e 3 de tarde, ademais de 2 pediatras. Na quenda da mañá ten ocorrido que por momentos so atenderan 3 dos profesionais de familia, por baixas e vacacións nos cubertas, saídas a domicilio e outras circunstancias sobrevidas dos profesionais. A saturación derivada da acumulación de tarefas en poucos profesionais resulta evidente.

Dende a chegada ao Goberno de Núñez Feijoo en 2009 o Sistema público de saúde soamente ten contratado de maneira estable a menos dun 15 % dos titulados MIR, tanto en atención primaria como especializada, o que supón un dato preocupante. Unha cifra tan baixa resulta a todas luces insuficiente para cubrir as necesidades dun sistema que precisa unha dispersión notoria e unha forte implantación no territorio, para paliar os problemas demográficos antes sinalados. Unha maior contratación suporía a posibilidade de non ter que concentrar servicios, afastado a atención dos e das cidadáns.

A este problema de persoal engádese unha queixa habitual de falta de dotación de recursos materiais. Estes problemas teñen sido reivindicados por parte do persoal en numerosas ocasións á correspondente dirección, máis sen recibir resposta nin solución. O PAC que está no mesmo edificio, ademais dos problemas asociados

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

aos colectivos de PAC que están sendo desatendidos pola Xunta de Galicia sobre as súas condicións laborais, ten problemas engadidos a maiores dos do persoal, como pode ser a non existencia dunha ducha para poder dar algún servizo no caso de pacientes que o necesiten en función da súa urxencia. Os espazos no CAR son notoriamente reducidos, cinguindo a sala de espera a un estreito corredor na entrada da instalación, con nulo acceso ao aseo para o caso de cadeiras de rodas, por poñer un exemplo. O equipo do HADO, por indicar outro problema, está a utilizar dependencias do propio PAC cando estes non están ocupados, intercambiando espazos durante o día.

Existe un problema coas urxencias deste Concello, pois unicamente existe para toda a zona unha ambulancia SVB, o que dificulta a atención das urxencias extrahospitalarias dada a amplitude do terreo a abarcar, moi extenso, ao que se suman outros concellos limítrofes. A demanda dunha nova ambulancia resulta xa persistente, sen que exista resposta da Xunta de Galicia sobre esta cuestión. Cabe ter en conta que o servizo hospitalario de urxencias de referencia é o servizo de urxencias do CHUS, cos seus problemas engadidos de falta de persoal e medios para realizar correctamente a súa labor a pesares do esforzo dos profesionais.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Como valora a Xunta de Galicia a calidade da atención primaria no concello de Lalín?
2. Cales foron os motivos que provocaron que a Xunta de Galicia deixase de considerar prioritaria a construción dun CAR en Lalín como previamente comprometera?
3. Ten previsto a Xunta de Galicia implementar unha nova ambulancia que opere para toda a zona dende o Concello de Lalín?
4. É consciente a Xunta de Galicia dos problemas estruturais que padecen o centro de saúde e PAC de Lalín na falta de persoal e de material de traballo? Ten previsto algo para solucionalos?

Pazo do Parlamento, 5 de febreiro de 2019

Asdo.: Julio Torrado Quintela
María Luisa Pierres López
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 45407
Data envio: 05/02/2019 14:04:11.861

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 05/02/2019 14:01:47**

**María Luisa Pierres López na data 05/02/2019 14:01:55**

**Noela Blanco Rodríguez na data 05/02/2019 14:02:00**

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

**Á Mesa do Parlamento**

**Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo,** deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

O Plan de infraestruturas xudiciais 2010-2015 (investimento de máis de 97 millóns de euros para levar a cabo obras de rehabilitación, ampliación ou nova construción de edificios xudiciais en Galicia) elevábase para informe do Goberno galego no Consello da Xunta de Galicia do 27 de agosto de 2009, indicándose que se trataba dun borrador que debería ser levado, logo da súa remisión aos sindicatos e axentes do sector, para a súa aprobación definitiva. Descoñecemos por que nunca foi publicado no Diario Oficial de Galicia.

No Debate do Estado da Autonomía do ano 2010, o presidente da Xunta de Galicia facía referencia a este plan, prometendo ata 100 millóns de euros para un total de 64 actuacións, 20 delas de nova construción ou gran reforma.

O 17 de febreiro do 2017, o director xeral de Xustiza respondía a unha pregunta do Grupo Popular para informar sobre o PIX e dicía que Sarria, Muros, A Estrada, Cambados e Vilagarcía non tiñan os edificios previstos pola Xunta de Galicia, así como que se executara nun 90 % (das 64 actuacións previstas, 58 executadas ou en execución, o que supoñía un investimento de 75 millóns de euros).

Non obstante, o documento do PIX remitido a este grupo parlamentario recolle as seguintes contías globais:

- 1ª Fase (2010-2013): 75.729.000 de euros.
- 2ª Fase (2013-2015): 16.400.000 de euros.
- Obras menores: 3.199.173 de euros.
- Obras novas oficinas: 2.350.000 de euros.

TOTAL: 97.678.173 de euros.

As obras non se acometeron directamente pola consellería competente na materia, senón que esta consignaba unhas partidas orzamentarias moi escasas e a

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

execución do PIX encomendouse, inicialmente, á Sociedade Pública de Investimentos de Galicia (SEPI), co que tales investimentos tiveron carácter extra-orzamentario, polo que a información e o control, que só se poden seguir a través das memorias orzamentarias desta empresa pública, son moi xerais e imprecisas. Tanto é así que nas rendicións anuais de contas dos anos de encargo do PIX por parte da SEPI non se ofrece detalle algún dos investimentos realmente realizados. Só como exemplos, dos preto de 49 millóns de euros consignados entre os anos 2014 a 2017 para investimentos en infraestruturas xudiciais deixáronse de executar 22,5 millóns de euros, unha porcentaxe do 46 % do total. E con respecto ao ano 2018, a finais dese ano teríase realizado un 70 % dun plan programado para realizar ata o 2015, estando pendente aínda hoxe, logo de catro anos do seu remate, en torno ao 30 % do gasto restante.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Comparte o Goberno galego que o servizo público da Xustiza é vital para a vertebración do Estado Social e Democrático de Dereito?
2. Cumpriu o Goberno o Plan de infraestruturas xudiciais 2010-2015?
3. Por que nunca foi publicado ese plan no Diario Oficial de Galicia?
4. Executou o Goberno todas as actuacións de nova construción ou gran reforma que contén ese plan? Cantas e cales quedan pendentes? Cantas e cales están aínda sen rematar?
5. Das actuacións de rehabilitación e mantemento que contén o plan, cantas se teñen executado? Cantas e cales quedan pendentes? Cantas e cales están aínda sen rematar?
6. Por que o director xeral de Xustiza afirmaba a comezos de 2017 que xa se executara o 90 % do PIX, cando el mesmo citaba un investimento de 75 millóns de euros e o orzamento total do plan era de 97.678.173 de euros?
7. Está en condicións o Goberno de afirmar que cumpre os compromisos do presidente da Xunta de Galicia coa Xustiza na nosa comunidade?

Pazo do Parlamento, 5 de febreiro de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 05/02/2019 14:12:51**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 05/02/2019 14:12:57**

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 05/02/2019 14:13:02**

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Noa Presas Bergantiños**, **Luis Bará Torres**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz** e **Olalla Rodil Fernández**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 3ª**, relativa ao cumprimento e vixencia da lexislación en igualdade con especial atención ao aspecto económico.

Pasaron xa máis de quince anos da aprobación da *Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes* e da lei estatal *3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes*. Porén, a vixencia da situación de desigualdade permanece cuns índices intolerables, nomeadamente nos parámetros referidos ao ámbito económico. Este feito, debe obrigar a avaliarmos o cumprimento e eficacia deste marco e o impulso da Xunta de Galiza para desenvolvelo.

Entre outros aspectos, a *Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes* establece o principio de transversalidade para o desenvolvemento dos seus obxectivos. Desta forma, no punto 2 do seu artigo 6º establece "*O fomento da colaboración entre os diversos suxeitos implicados na igualdade de oportunidades, trátese de suxeitos públicos de ámbito internacional, comunitario, estatal, autonómico, provincial ou local, ou trátese de suxeitos privados, como os partidos políticos, os sindicatos de traballadores ou traballadoras, as asociacións de empresariado ou os colexios profesionais, e, especialmente, a colaboración fomentarase en relación coas asociacións e cos grupos de mulleres.*" Porén, a década de goberno Feijóo demostrou unha baixa capacidade de diálogo social, nomeadamente



CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2019 17:06:45
Nº Rexistro: 45458
Data envio: 05/02/2019 17:06:45.612

BNG BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

cos colectivos sindicais, sociais e oposición. Así mesmo, o fracaso das políticas de igualdade demostran que o principio de transversalidade non ten sido posto en práctica de forma adecuada.

Así mesmo, o noso marco legal sinala como obxectivo "*A consecución da igualdade de oportunidades na política económica, laboral e social, buscando, en especial, a supresión das diferenzas salariais por razón de sexo e o fomento do emprego feminino por conta propia ou allea.*" que non ten sido acadado tal e como demostra, por exemplo, o avance da fenda salarial fóra da administración pública.

Tampouco "*A conciliación do emprego e da vida familiar das mulleres e dos homes e o fomento da individualización dos dereitos tendentes a esa conciliación*" ten sido un obxectivo acadado. É máis, a política de recortes en materia de servizos sociais aplicados durante a recesión económica ten lastrado os avances neste eido.

Así mesmo, desde Galiza a absorción por parte da administración estatal do groso das competencias en materia de economía, emprego e de xustiza limita a nosa capacidade de actuación e é unha mostra máis do lesivo que é para a clase traballadora galega a ausencia dun marco de relacións laborais propio así como a falta de vontade do goberno galego de espremer ou superar o noso marco competencial.

Pasados máis de quince anos da aprobación da *Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes* e da lei estatal *3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes* cómpre avaliar o cumprimento do marco e as súas necesidades de revisión, con especial atención ao aspecto económico.

Por todas estas razóns formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 3ª:



CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2019 17:06:45
Nº Rexistro: 45458
Data envio: 05/02/2019 17:06:45.612

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Considera o goberno galego que ten cumprido os obxectivos que se marcaba a lei *7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes*?

Que aspectos modificaría desta lei para corrixir a súa falta de eficacia?

Que melloras trasladaría ao goberno central para as cuestións de competencia estatal? Porque medios o ten feito? Con que resultado?

É preciso superar o limitado marco competencial galego para avanzar en igualdade?

Considera a Xunta de Galiza que ten cumprido co principio de transversalidade? E co fomento da colaboración entre os diversos suxeitos implicados na igualdade de oportunidades, ben públicos de ámbito internacional, comunitario, estatal, autonómico, provincial ou local? De que forma? Con que mecanismos de seguimento?

Que valoración fai a Xunta de Galiza das políticas levadas a cabo no ámbito económico?

E no ámbito da igualdade laboral?

E no ámbito dos convenios colectivos?

E na esfera da inserción social das mulleres en situación de exclusión social?

E respecto das políticas de conciliación?

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2019 17:06:45
Nº Rexistro: 45458
Data envio: 05/02/2019 17:06:45.612

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Como avalía o goberno galego o impacto dos recortes aplicados polos gobernos galego e central, especialmente na década de recesión?

Santiago de Compostela, 5 febreiro de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**
**Luis Bará Torres**
**Montserrat Prado Cores**
**Olalla Rodil Fernández**
**Xosé Luis Rivas Cruz**
**Ana Pontón Mondelo**
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 05/02/2019 16:57:42**

**María Montserrat Prado Cores na data 05/02/2019 16:57:47**

**Ana Pontón Mondelo na data 05/02/2019 16:57:49**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 05/02/2019 16:57:51**



CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2019 17:06:45
Nº Rexistro: 45458
Data envio: 05/02/2019 17:06:45.612

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Olalla Rodil Fernández na data 05/02/2019 16:57:53**

**Xosé Luis Bará Torres na data 05/02/2019 16:57:55**



CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2019 17:14:42
Nº Rexistro: 45466
Data envío: 05/02/2019 17:14:42.100

GRUPO PARLAMENTAR en marea

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Marcos Cal Ogando** e **Antón Sánchez García,** deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea,** ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 2.ª**

A depuración das augas residuais é unha cuestión de enorme importancia na preservación do medio ambiente e a saúde das persoas que en Galicia non está sendo atendida coa rigorosidade e responsabilidade que merece por parte da Xunta de Galicia, e é por iso que contamos con multitude de puntos negros, dende aliviadoiros por todo o Pais vertendo augas sen tratar a ríos e rías, así como deficiencias en zonas densamente poboadas do territorio galego que non cumpren coa directiva europea en xestión de augas residuais, e que teñen feito que a UE abrise expediente e sancionase ó Estado español 17 anos despois da data límite fixada pola UE, o que amosa o desleixo da administración.

A esta realidade non é alleo o Concello de Ponteareas e nomeadamente o Rio Tea, que está a sufrir agresións constantes como veñen denunciando dende o Grupo Ecoloxista ADENCO e como puidemos comprobar dende o noso grupo nunha visita a este fermoso entorno, cunha riqueza de biodiversidade que é preciso coidar e preservar.

O sistema de depuración de augas residuais de Ponteareas é moi deficiente, incapaz de xestionar o volume que recibe, e é por iso que os aliviadoiros que verten ó Río Tea derivan auga sen xestionar moi habitualmente, provocando unha agresión medioambiental que está mermando as poboacións de diferentes especies de flora e fauna, algunhas delas en situación xa moi alarmante, como amosan os datos dos diferentes estudos realizados no lugar.

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2019 17:14:42
Nº Rexistro: 45466
Data envio: 05/02/2019 17:14:42.100

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Polo exposto, preséntanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1.- Coñece a Xunta de Galicia a gravidade da situación á que se está vendo sometido o Río Tea polas deficiencias comentadas?

2.- Conta a Xunta de Galicia con estudos científicos sobre o estado da fauna que habita no Río Tea no entorno da depuradora de Ponteareas?

3.- Que actuacións ten previstas o Goberno para atallar este problema?

4.- Por que non se ten actuado ata o momento?

Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 2019.

Asdo.: Marcos Cal Ogando
Antón Sánchez García
Deputados do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Marcos Cal Ogando na data 05/02/2019 17:09:54**

**Antón Sánchez García na data 05/02/2019 17:10:05**

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2019 18:04:34
Nº Rexistro: 45480
Data envío: 05/02/2019 18:04:34.341

Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Abel Fermín Losada Álvarez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª.

A Inspección Xeral do Ministerio de Facenda publica anualmente un balance sobre as inspeccións das axencias tributarias das distintas CC.AA; no caso de Galicia, sobre a Atriga (Axencia Tributaria de Galicia).

No informe correspondente ao exercicio 2017 sobre a xestión dos impostos cedidos polo Estado, ponse de manifesto un elevado número de enfrontamentos entre a Administración autonómica galega e os contribuíntes pola sobrevaloración dos bens declarados nas herdanzas e na compra venta de inmobles á hora de liquidar o Imposto sobre Transmisións Patrimoniais Onerosas e Actos Xurídicos Documentados, así como o Imposto sobre Sucesións e Doazóns.

No ano 2017 presentáronse 1.368 recursos de reposición ante a propia Administración, que tardaron unha media de máis de 12 meses en ser resoltos e nos que a causa máis habitual de reclamación foi a falla de motivación das valoracións e o elevado grao de estimación utilizado pola Administración. Galicia sitúase á cabeza, só detrás de Estremadura, das Comunidades de maior desfase entre o valor notificado polo contribuínte e o que se establece na revisión da Atriga, dun 61,9 % fronte a un 27,9 % de media para 2017.

No ano 2017, a Atriga empregou ata tres métodos diferentes para revisar o valor dos bens:

- Nas declaracións de impostos anteriores a xullo de 2015, a Administración galega empregou o sistema de prezos medios, método moi polémico polas elevadas contías fixadas para inmobles e parcelas en pleno estalido da burbulla do ladrillo.

- Nas declaracións posteriores ao ano 2015, a Atriga empregou o valor catastral aplicándolle un coeficiente de actualización.

- Mais, para os bens non recollidos na normativa destes dous métodos anteriores, empregou a valoración recollida nun ditame feito por un perito da propia Administración.

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

En xuño de 2018, a sala 3ª do Tribunal Supremo fixou doutrina en catro sentenzas derivadas dos recursos presentados ás valoracións da Xunta de Castela-A Mancha, nas que se pretendía elevar o valor declarado respecto da liquidación do Imposto de Transmisións Patrimoniais Onerosas e Actos Xurídicos Documentados, sobre vivendas adquiridas en 2012. Segundo o Tribunal, o método de comprobación do valor real de inmobles consistente en multiplicar o valor catastral por un coeficiente non é idóneo nin axeitado, pois precisa dunha comprobación directa por parte da Administración do inmoble concreto sometido a valoración.

Por iso a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Como se está a aplicar a actualización dos bens declarados polos contribuíntes?

2ª) Que solución vai adoptar a Xunta de Galicia para evitar o desfase tan elevado existente na actualidade entre a valor do ben declarado polos contribuíntes e a proposta da Administración?

3ª) Vai poñer o Goberno galego os medios necesarios para que a Atriga resolva os recursos de reposición no prazo legal establecido, dun mes e non dun ano?

Pazo do Parlamento, 5 de febreiro de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 05/02/2019 17:14:54**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 05/02/2019 17:15:01**

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/02/2019 10:16:57
Nº Rexistro: 45496
Data envío: 06/02/2019 10:16:57.659

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Noa Presas Bergantiños**, **Ana Belén Pontón Mondelo** e **Montserrat Prado Cores**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en comisión**, sobre o cumprimento do Plan Xeral de Normalización Lingüística no ámbito cinematográfico e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza ao respecto

En 2019 chegou ás salas de cinema comerciais o filme *Dragon Ball Super: Broly*, o vixésimo filme da franquía *anime Dragon Ball* que marcou, entre outras, a infancia e adolescencia de milleiros de galegas e galegos cando foi emitida, durante os anos ‘90, no programa *Xabarín Club* da TVG.

O filme recibiu, desde a súa estrea nos EUA, excelentes críticas e conseguiu ocupar o terceiro lugar entre as que máis entradas venderon o que auguraba, á súa chegada ao Estado español, importantes éxitos.

A distribuidora SelectaVision foi a encargada de comercializala no estado e fíxoa chegar ás salas de cinema dobrada ao castelán, o catalán e o euskera, mais non ao galego, para sorpresa e enfado do público do noso país entre os que *Dragon Ball* ten numerosas siareiras e siareiros.



CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O feito de que o filme sexa dobrado ás demais linguas oficiais e non ao galego pon, máis unha vez, de manifesto a presenza residual que a lingua propia de Galiza ten nas salas de cinema do noso país onde practicamente nunca –con honrosas e exitosas mais tamén contadas excepcións-- podemos visualizar algún filme en galego.

A exclusión da lingua galega na dobraxe e distribución de *Dragon Ball* non é casual e reflicte o desleixo máis absoluto co que actúa o Partido Popular desde a Xunta de Galiza á hora de garantir os dereitos lingüísticos das galegas e galegos así como, á hora de impulsar as medidas necesarias en materia de política lingüística para abrir espazos de uso ao galego, tamén no cinema.

Neste senso, cómpre lembrar que o Plan Xeral de Normalización Lingüística aprobado por unanimidade no Parlamento en 2004, insta a Xunta a "promover a dobraxe ao galego de polo menos 10 filmes anuais, dos que presenten maiores expectativas comerciais".

Esta medida, coma tantas outras, é incumprida de maneira reiterada polo Goberno galego malia as constantes denuncias e demandas de, entre outras organizacións e colectivos, o propio BNG.

Por todo o exposto, formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

- Que lle parece á Xunta de Galiza que se estrease o novo filme da franquía *Dragon Ball* e fose o galego a única lingua excluída da dobraxe?

- Por que cre o Goberno galego que isto aconteceu?



CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Dirixiuse nalgún momento a Xunta de Galiza á distribuidora para que se incluíse a dobraxe ao galego? Pensa facelo?

- Por que non cumpre o Goberno galego as medidas previstas no Plan Xeral de Normalización Lingüística, concretamente a promoción da dobraxe ao galego de polo menos dez filmes anuais dos que presenten maiores expectativas comerciais

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**
**Luis Bará Torres**
**Xosé Luis Rivas Cruz**
**Noa Presas Bergantiños**
**Montserrat Prado Cores**
**Ana Belén Pontón Mondelo**
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 06/02/2019 10:08:20**

**María Montserrat Prado Cores na data 06/02/2019 10:08:26**



CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/02/2019 10:16:57
Nº Rexistro: 45496
Data envio: 06/02/2019 10:16:57.659

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Ana Pontón Mondelo na data 06/02/2019 10:08:28**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 06/02/2019 10:08:30**

**Noa Presas Bergantiños na data 06/02/2019 10:08:32**

**Xosé Luis Bará Torres na data 06/02/2019 10:08:35**

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/02/2019 10:34:37
Nº Rexistro: 45502
Data envio: 06/02/2019 10:34:37.203

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Noa Presas Bergantiños**, **Ana Belén Pontón Mondelo** e **Montserrat Prado Cores**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en comisión**, sobre as medidas que debe levar a cabo a Xunta de Galiza para garantir o respecto e cumprimento dos dereitos sexuais, como dereitos humanos universais, no ámbito educativo

A Organización das Nacións Unidas (ONU) publicou en xullo de 2013 un Informe do Relator especial sobre o dereito á educación. Nel, aborda o dereito á educación sexual como un dereito humano e insta os Estados Membros da ONU a promover o deseño e execución de políticas públicas integrais e sustentábeis co obxectivo específico de garantir ás súas poboacións o dereito humano á educación sexual integral.

A sexualidade é unha actividade inherente aos seres humanos, que abrangue múltiples dimensións persoais e sociais, é dicir, fai parte do desenvolvemento da nosa personalidade. Porén, permanece en numerosas ocasións oculta ou exclusivamente ligada á reprodución.

Neste senso, a ONU advertiu en 2013 que as persoas sempre somos informadas sexualmente, por acción ou omisión, a través das escolas, das familias, dos medios de



CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/02/2019 10:34:37
Nº Rexistro: 45502
Data envio: 06/02/2019 10:34:37.203

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

comunicación… de maneira que a decisión de non brindar educación sexual nos centros de ensino supón optar por unha forma omisiva de educación sexual, por un currículo oculto, que deixa ás crianzas e adolescentes á súa sorte en canto ao tipo de coñecementos e mensaxes que reciben.

"A ausencia dunha educación sexual planificada, democrática e plural, constitúe de facto un modelo (por omisión) de educación sexual, de consecuencias notabelmente negativas para a vida das persoas, que reproduce acriticamente as prácticas, nocións, valores, e actitudes patriarcais, que son fonte de múltiples discriminacións", conclúe o Relator especial no seu informe.

É por iso, que as Nacións Unidades veñen reclamando a implementación de programas sobre educación sexual nas escolas adaptados ás distintas etapas educativas, velando pola súa inclusión desde o nivel primario e garantindo que se estenda á totalidade da poboación escolar.

Galiza conta desde 1981 con competencia plena na regulamentación e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades.

No noso país, malia os avances experimentados nos últimos anos, a educación sexual non está incorporada aos currículos educativos e apenas se aborda de maneira esporádica, desde unha perspectiva bioloxicista e preventiva, isto é, lonxe do enfoque integral recomendado internacionalmente.

No entanto, cómpre sinalar, como experiencia positiva, o programa Quérote+ incluído no Plan Proxecta que si aborda a sexualidade como unha condición indisociábel do ser humano e visa proporcionar á mocidade ferramentas e instrumentos



CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que acompañen e axuden ás mozas e mozos no seu proceso de sexuación cun enfoque integral, con perspectiva de xénero e de respecto á diversidade. Porén, o programa apenas se oferta para o alumnado de 3º da ESO e a FP Básica.

Para o Bloque Nacionalista Galego a incorporación da educación sexual e afectiva ao currículo escolar en todas as etapas educativas, cun enfoque integral, é, ademais dun dereito fundamental como apunta a ONU, un elemento central na loita contra a violencia machista e a prol dunha sociedade máis xusta, democrática e equitativa.

Neste senso, segundo os estudos elaborados polo Goberno español, o índice de violencia física ou sexual que sufriron as mulleres entre 16 e 24 anos que tiveron algunha vez na vida parella, ascende ao 11,7% (a media é do 13% para o total de mulleres residentes no Estado español). Ao mesmo tempo, o 38% das mulleres entre 16 e 24 anos que tiveron parella afirman ter sufrido violencia de control, e entre os 16 e 17 anos a porcentaxe increméntase até o 42,6%, sendo o promedio para todas as idades do 26,4%.

No caso galego, onde a Xunta de Galiza non ten desenvolvido estudo algún en relación á violencia machista entre a mocidade, porén, a Fiscalía Superior ten advertido do incremento da violencia de xénero entre as persoas menores de idade. Así, na memoria correspondente ao ano 2017, rexistra un aumento do 25% deste tipo de delitos en menores.

Por todo o exposto, formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:



CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/02/2019 10:34:37
Nº Rexistro: 45502
Data envio: 06/02/2019 10:34:37.203

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Como valora a Xunta de Galiza a situación actual da educación sexual e afectividade no noso país?

- Cantos centros de ensino e canto alumnado cursaron o Programa de Educación sexual Quérote+ que se imparte no marco do Plan Proxecta?

- Valorou a Xunta de Galiza desenvolver un Plan galego de educación sexual e afectividade que abranga o conxunto do estudantado do noso país, adaptado a cada etapa educativa?

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**
**Luis Bará Torres**
**Xosé Luis Rivas Cruz**
**Noa Presas Bergantiños**
**Montserrat Prado Cores**
**Ana Belén Pontón Mondelo**
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**



CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Olalla Rodil Fernández na data 06/02/2019 10:26:40**

**María Montserrat Prado Cores na data 06/02/2019 10:26:50**

**Ana Pontón Mondelo na data 06/02/2019 10:26:52**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 06/02/2019 10:26:54**

**Noa Presas Bergantiños na data 06/02/2019 10:26:56**

**Xosé Luis Bará Torres na data 06/02/2019 10:26:58**

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/02/2019 12:55:13
Nº Rexistro: 45518
Data envío: 06/02/2019 12:55:13.255

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

**Á Mesa do Parlamento**

**Julio Torrado Quintela** e **Noela Blanco Rodríguez**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A situación asistencial da atención primaria en Galicia está nestes últimos tempos en debate, debido aos problemas xurdidos pola política de recortes aplicada en Galicia polo goberno de Núñez Feijoo, sustentada dende o Goberno de España que presidiu Mariano Rajoy. A acumulación de decisións negativas para o sistema, e o bloque de medidas de avance en termos materiais e, sobre todo, de persoal, supuxo un estacamento que está empezando a xerar problemas hoxe en día fundamentalmente polo déficit de persoal provocado. A política explotadora en termos laborais ten expulsado do sistema a numerosos profesionais, e deixado de incorporar a moitos novos titulados. Apenas un 15 % dos titulados MIR dos últimos 10 anos foron incorporados de maneira estable ao Sergas, mentres que en torno a 6.000 prazas estimadas nos orzamentos de persoal do Sergas non están ocupadas por profesionais en situación de estabilidade. Os orzamentos indican, ademais, unha perda progresiva de profesionais en atención primaria, con 58 profesionais menos en 2019 que no ano pasado e 317 respecto aos orzamentos de hai unha década.

Este problema de persoal afecta de maneira distinta ás diferentes especialidades profesionais que conflúen en atención primaria. A fisioterapia é das máis castigadas. Hoxe hai 159 fisioterapeutas en atención primaria do Sistema público de saúde de Galicia, o que supón aproximadamente 1 cada 17.000 habitantes (1 por cada 24.000 no área sanitaria de Vigo). Recomendacións como as da Organización Mundial da Saúde formulan que unha ratio óptima estaría en torno a un profesional por cada 3.000 persoas.  O déficit é notorio, existindo profesionais en condicións de traballar que non son incorporados ao Sergas. As convocatorias dos últimos anos amosan un panorama moi negativo para estes profesionais.

A incorporación de profesionais da fisioterapia permitiría ao Sistema público de saúde optimizar o seu funcionamento e a súa calidade asistencial. A coordinación destes profesionais co resto de especialistas, e o recoñecemento das súas capacitacións dentro do propio sistema permitiría desafogar a outros profesionais de certas tarefas, como as relacionadas con patoloxía articular e músculo-

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/02/2019 12:55:13
Nº Rexistro: 45518
Data envío: 06/02/2019 12:55:13.255

esquelética, ou a colaboración en problemas de cronicidade que dificulten mobilidade.

Sobre estas cuestións, e outras máis de calado sobre a reorganización do sistema incorporando a visión dos fisioterapeutas, comprometeuse a elaboración dunha guía de actuación de fisioterapia na atención primaria en Galicia. O Sergas asumiu o compromiso de publicala a inicios de 2018, tras ser elaborada e entregada en 2017 aos seus dirixentes por parte dos profesionais organizados que colaboraron no seu deseño. Non existen, non entanto, noticias sobre a situación deste documento que permitiría avanzar na implantación desta especialidade e, por extensión, na mellora do sistema.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Por que o Sergas seguen mantendo á fisioterapia como unha especialidade menor dentro do Sistema público de saúde de Galicia?

2. Cre a Consellería de Sanidade que os profesionais da fisioterapia poden aumentar as súas funcións no sistema de atención primaria? Ten previsto sumar e dotar desas funcións aos fisioterapeutas?

3. Considera a Consellería de Sanidade suficiente o número de profesionais de fisioterapeutas existentes no sistema galego de saúde? E especificamente no caso de atención primaria, ten a mesma consideración? Que previsión de incorporación de profesionais de fisioterapia ten a consellería para as vindeiras convocatorias OPE?

4. En que situación atópase a Guía de actuación de fisioterapia na atención primaria de Galicia? Por que non foi publicada e difundida a inicios de 2018 como foi comprometido?

Pazo do Parlamento, 5 de febreiro de 2019

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/02/2019 12:55:13
Nº Rexistro: 45518
Data envío: 06/02/2019 12:55:13.255

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 06/02/2019 12:52:18**

**Noela Blanco Rodríguez na data 06/02/2019 12:52:24**

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/02/2019 13:25:03
Nº Rexistro: 45530
Data envio: 06/02/2019 13:25:03.415

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

# Á MESA DO PARLAMENTO

**Eva Solla Fernández,** deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea** ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5.ª**

A Consellería de Sanidade ven de anunciar a implantación do Servizo hemodinámica 24h para o HULA, despois de anos de reivindicacións do Servizo por parte do persoal sanitario, as organizacións sindicais, os partidos políticos da oposición e a maior parte da cidadanía, unha demanda social á que o Goberno fixo oídos xordos ata agora.

Segundo datos da Comisión de Control e seguimento do programa galego de atención ao infarto agudo de miocardio, existía marxe de mellora neste campo en relación aos tempos de atención, de feito, o propio Goberno declaraba que a implantación deste Servizo salvaría moitas vidas, o que fai pensar si antes eran conscientes do que supoñía que non fora implantado e o que supón que a día de hoxe no non exista en Ourense dito Servizo, sendo a única provincia de Galicia que non dispón do mesmo, o que sen dúbida constitúe un agravio comparativo e unha vulneración do principio de equidade respecto a asistencia sanitaria que se presta.

O criterio das e dos profesionais na materia é unánime ao sinalar que a atención inmediata nos infartos aumenta as posibilidades de supervivencia, polo que non se entende que os criterios que foron aplicados no resto de provincias non sexan aplicados tamén para Ourense.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes PREGUNTAS:

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

- Ten pensado o Goberno deixar ao CHUO sen este servizo as 24 horas a pesar de ser consciente das vidas que salva?
- Cal é o motivo de manter discriminada a esta zona e non poñer o servizo de xeito permanente?
- Cal é o amparo legal para vulnerar o principio de equidade na prestación deste servizo?

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2019.

Asdo.: Eva Solla Fernández
Deputada do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 06/02/2019 13:17:00**

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez, Patricia Otero Rodríguez, Abel Fermín Losada Álvarez e José Manuel Pérez Seco, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª.

O pasado 19 de xaneiro o BOP publicou a Resolución do 13 de decembro de 2018, da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria en Lugo, pola que se anuncia a convocatoria para o levantamento das actas previas á ocupación dos predios afectados polo proxecto do parque eólico Sasdónigas Fase II (Expediente LU-11/125-EOL) no concello de Mondoñedo, que explota a sociedade Norvento SL. Noutra resolución máis recente, publicada no DOG do 4 de febreiro de 2019, publícanse nun anexo a esta resolución as disposicións normativas deste proxecto sectorial.

O Concello de Mondoñedo, na sesión plenaria do pasado mes de outubro do 2018, aprobou só cos votos do PP, rebaixar á empresa NORVENTO o 50 % do ICIO, o que supón que os veciños de Mondoñedo deixasen de percibir preto de 110.000 euros pola recadación deste imposto. Esta rebaixa esta enmarcada dentro da adhesión do concello ao convenio *Doing Business*.

De feito, o Concello de Mondoñedo pasará á historia por ser o primeiro de Galicia en rebaixar un imposto, pola creación de 5 postos de traballo, a unha empresa que conta con máis de 20 millóns de euros de beneficios. Ademais esta empresa xa ten outros centros de traballo na provincia, como Muras ou Abadín, e en ningún destes concellos se realizou ningún tipo de rebaixa pola implantación desta empresa. Hai que lembrar que NORVENTO xa conta con axudas da Administración autonómica para a explotación deste sector, e conta coa concesión pública que realiza o propio Goberno autonómico.

A empresa só ofrece aos propietarios dos terreos onde se vai implantar este parque eólico entre 25 céntimos, nas zonas de protección do parque, e un euro e medio polo monte plantado, dándose casos concretos de ocupar 26.000 metros cadrados, nun período de 30 anos por nove mil euros, cifras desproporcionadas para o beneficio que vai obter a propia empresa. Os afectados tamén amosaron o seu malestar xa que a maquinaria xa está traballando nos seus predios, malia que aínda non asinasen os contratos coa empresa, nin tampouco se executasen as expropiacións e os pagos correspondentes.

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 45565
Data envio: 06/02/2019 16:24:35.651

Así as cousas e diante desta situación de profunda desvantaxe, os propietarios dos terreos demandan un alugueiro anual, como existe noutros concellos e que a empresa se comprometa a retirar os eólicos e deixar os terreos no seu estado orixinal se abandona a actividade. Ademais, tamén critican que os contratos inclúen cláusulas que autorizan á empresa a hipotecar as fincas ocupadas e que reservan para Norvento a primeira opción de compra no caso de que os titulares das fincas queiran vendelas.

Outro dos problemas que presente este proxecto e que estas obras afectan ás zonas húmidas do nacemento do río Gontán, polo que os afectados xa solicitaron unha reunión coa Confederación Hidrográfica, para coñecer de primeira man como afectan estas obras a esta demarcación.

A maiores este parque eólico está situado no Camiño de Santiago, así como a afección a posibles espazos de interese arqueolóxico tralo recente achado dunha moeda romana. Hai que lembrar que o pasado mes de outubro varios veciños atoparon unha moeda de bronce de orixe romana, seguramente do século I logo de Cristo. A datación da peza non parece admitir dúbida segundo o primeiro estudo realizado. Nos dous lados da moeda pódese ler respectivamente as inscricións *Augustus e Augusta.*

Trala aprobación do PXOM no Concello de Mondoñedo o 13 de xuño de 2016, a zona afectada pola implantación do parque eólico está cualificada como solo rústico de protección forestal, solo rústico de protección de espazos naturais, solo rústico de protección patrimonial, artística ou histórica e solo rústico de protección de infraestruturas. Segundo esta resolución, considérase conveniente propoñer modificacións da normativa urbanística vixente no municipio de Mondoñedo para compatibilizar o parque eólico Sasdónigas fase II cos usos de solo previstos nela, debido a que existen elementos que poden condicionar aspectos do presente proxecto.

Outra situación anómala que presenta este proxecto do parque eólico de Sasdónigas en Mondoñedo é o relacionado co solo rústico de especial protección patrimonial, artística ou histórica do PXOM de Mondoñedo, no que se indica que no ámbito delimitado non se poderán realizar determinadas actividades, salvo «*informe favorable previo do organismo competente da Consellería de Cultura*».

A este respecto hai que sinalar que, en data 21 de novembro de 2017, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural emitiu un informe desfavorable, no cal o Comité Asesor do Camiño de Santiago conclúe que o descubrimento do xacemento arqueolóxico GA27030035 *Castra Aestiva* e a súa inclusión no catálogo do PXOM de Mondoñedo supón a necesidade legal de protección, polo que solicitan a realización de sondaxes arqueolóxicas manuais para poder avaliar a natureza e

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

o alcance do elemento protexido. O sorprendente deste asunto é que as novas sondaxes arqueolóxicas son requiridas e pagadas pola propia empresa NORVENTO, e contan co visto e prace da Xunta de Galicia. No escrito presentado pola empresa di o seguinte; "*No devandito documento conclúese que o recinto inventariado non é nin un xacemento arqueolóxico nin un campamento militar romano, senón que se trata dun elemento propio do aproveitamento tradicional nos terreos de monte*". E con data 3 de maio de 2018, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, tras analizar o documento anteriormente referido, emitiu informe favorable sobre o proxecto do parque eólico.

1ª) Atendeu o Goberno galego algunha das reclamacións que realizaron os afectados pola creación deste parque eólico, en relación ás situacións de espolio que viven por parte da empresa concesionaria?.

2ª) Ten intención o Goberno Galego de se reunir cos afectados para darlle algunha garantía de solución aos seus problemas?

3ª) Como valora o Goberno galego que unha empresa con 20 millóns de euros de beneficios teña unha rebaixa do 50 % do ICIO?.

4ª) Fixo o Concello de Mondoñedo as modificacións pertinentes no PXOM que marca a normativa para poder executar este proxecto, conta o proxecto coa licenza correspondente?

Pazo do Parlamento, 6 de febreiro de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 06/02/2019 12:17:48**

**Patricia Otero Rodríguez na data 06/02/2019 12:17:56**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 06/02/2019 12:18:08**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 06/02/2019 12:18:20**

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez, Patricia Otero Rodríguez e María Concepción Burgo López, deputado e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

O pasado 19 de xaneiro o BOP publicou a Resolución do 13 de decembro de 2018, da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria en Lugo, pola que se anuncia a convocatoria para o levantamento das actas previas á ocupación dos predios afectados polo proxecto do parque eólico Sasdónigas Fase II (Expediente LU-11/125-EOL) no concello de Mondoñedo, que explota a sociedade Norvento SL. Noutra resolución máis recente, publicada no DOG do 4 de febreiro de 2019, publícanse nun anexo a esta resolución as disposicións normativas deste proxecto sectorial.

O Concello de Mondoñedo, na sesión plenaria do pasado mes de outubro do 2018, aprobou só cos votos do PP, rebaixar á empresa NORVENTO o 50 % do ICIO, o que supón que os veciños de Mondoñedo deixasen de percibir preto de 110.000 euros pola recadación deste imposto. Esta rebaixa esta enmarcada dentro da adhesión do concello ao convenio *Doing Business*.

De feito, o Concello de Mondoñedo pasará á historia por ser o primeiro de Galicia en rebaixar un imposto, pola creación de 5 postos de traballo, a unha empresa que conta con máis de 20 millóns de euros de beneficios. Ademais esta empresa xa ten outros centros de traballo na provincia, como Muras ou Abadín, e en ningún destes concellos se realizou ningún tipo de rebaixa pola implantación desta empresa. Hai que lembrar que NORVENTO xa conta con axudas da Administración autonómica para a explotación deste sector, e conta coa concesión pública que realiza o propio Goberno autonómico.

A empresa só ofrece aos propietarios dos terreos onde se vai implantar este parque eólico entre 25 céntimos, nas zonas de protección do parque, e un euro e medio polo monte plantado, dándose casos concretos de ocupar 26.000 metros cadrados, nun período de 30 anos por nove mil euros, cifras desproporcionadas para o beneficio que vai obter a propia empresa. Os afectados tamén amosaron o seu malestar xa que a maquinaria xa está traballando nos seus predios, malia que aínda non asinasen os contratos coa empresa, nin tampouco se executasen as expropiacións e os pagos correspondentes.

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 45566
Data envío: 06/02/2019 16:26:24.958

Así as cousas e diante desta situación de profunda desvantaxe, os propietarios dos terreos demandan un alugueiro anual, como existe noutros concellos e que a empresa se comprometa a retirar os eólicos e deixar os terreos no seu estado orixinal se abandona a actividade. Ademais, tamén critican que os contratos inclúen cláusulas que autorizan á empresa a hipotecar as fincas ocupadas e que reservan para Norvento a primeira opción de compra no caso de que os titulares das fincas queiran vendelas.

Outro dos problemas que presente este proxecto e que estas obras afectan ás zonas húmidas do nacemento do río Gontán, polo que os afectados xa solicitaron unha reunión coa Confederación Hidrográfica, para coñecer de primeira man como afectan estas obras a esta demarcación.

A maiores este parque eólico está situado no Camiño de Santiago, así como a afección a posibles espazos de interese arqueolóxico tralo recente achado dunha moeda romana. Hai que lembrar que o pasado mes de outubro varios veciños atoparon unha moeda de bronce de orixe romana, seguramente do século I logo de Cristo. A datación da peza non parece admitir dúbida segundo o primeiro estudo realizado. Nos dous lados da moeda pódese ler respectivamente as inscricións *Augustus e Augusta.*

Trala aprobación do PXOM no Concello de Mondoñedo o 13 de xuño de 2016, a zona afectada pola implantación do parque eólico está cualificada como solo rústico de protección forestal, solo rústico de protección de espazos naturais, solo rústico de protección patrimonial, artística ou histórica e solo rústico de protección de infraestruturas. Segundo esta resolución, considérase conveniente propoñer modificacións da normativa urbanística vixente no municipio de Mondoñedo para compatibilizar o parque eólico Sasdónigas fase II cos usos de solo previstos nela, debido a que existen elementos que poden condicionar aspectos do presente proxecto.

Outra situación anómala que presenta este proxecto do parque eólico de Sasdónigas en Mondoñedo é o relacionado co solo rústico de especial protección patrimonial, artística ou histórica do PXOM de Mondoñedo, no que se indica que no ámbito delimitado non se poderán realizar determinadas actividades, salvo «*informe favorable previo do organismo competente da Consellería de Cultura*».

A este respecto hai que sinalar que, en data 21 de novembro de 2017, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural emitiu un informe desfavorable, no cal o Comité Asesor do Camiño de Santiago conclúe que o descubrimento do xacemento arqueolóxico GA27030035 *Castra Aestiva* e a súa inclusión no catálogo do PXOM de Mondoñedo supón a necesidade legal de protección, polo que solicitan a realización de sondaxes arqueolóxicas manuais para poder avaliar a natureza e

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 45566
Data envío: 06/02/2019 16:26:24.958

o alcance do elemento protexido. O sorprendente deste asunto é que as novas sondaxes arqueolóxicas son requiridas e pagadas pola propia empresa NORVENTO, e contan co visto e prace da Xunta de Galicia. No escrito presentado pola empresa di o seguinte; "*No devandito documento conclúese que o recinto inventariado non é nin un xacemento arqueolóxico nin un campamento militar romano, senón que se trata dun elemento propio do aproveitamento tradicional nos terreos de monte*". E con data 3 de maio de 2018, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, tras analizar o documento anteriormente referido, emitiu informe favorable sobre o proxecto do parque eólico.

Por iso o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que informes presentou a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural para dar viabilidade a este proxecto despois do achado desta moeda de orixe romana?

2ª) Emitiu algún informe a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, para autorizar actividades neste parque eólico de Sasdónigas?

3ª) Realizou a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural algunha cata ou sondaxe arqueolóxica, tal e como demanda a propia Administración para verificar os achados nestes terreos?

Pazo do Parlamento, 6 de febreiro de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 06/02/2019 12:18:42**

**Patricia Otero Rodríguez na data 06/02/2019 12:18:49**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 06/02/2019 12:19:01**

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/02/2019 17:33:41
Nº Rexistro: 45572
Data envío: 06/02/2019 17:33:41.800

grupo socialista Parlamento de Galicia PSdeG PSOE

**Á Mesa do Parlamento**

**Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez,** deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O transporte sanitario terrestre de Galicia ven evidenciando nos últimos tempos desaxustes relevantes na súa xestión, así como un preocupante desinterese da Xunta de Galicia en clarificar e resolver as cuestións que resultan problemáticas.
O anterior concurso para a concesión do servizo atópase en fase xudicial polas evidencias que levaron a denunciar aos implicados en dita concesión, tanto á Xunta como á empresa gañadora do concurso. Por un valor de 121,6 millóns de euros adxudicouse o contrato a unha concesionaria, cuxa responsabilidade recae en persoas vinculadas ao Partido Popular. Este contrato foi denunciado por existir probas sobre a existencia de vehículos xa rotulados e equipados segundo se solicitou no concurso, mais antes de que este fora convocado.

Nos últimos tempos existen condicionamentos por parte das concesionarias sobre novos contratos, a partir de renuncias ou advertencias de renuncias aos contratos alegando insuficientes fondos para cubrir o servizo tras puxar con esas cantidades por obtelo.

Nos últimos días vense de coñecer un informe policial que advirte do incumprimento das medidas e estándares de seguridade en determinadas ambulancias que operan en Galicia, en cuestións sobre peso ou materiais e equipamento do vehículo. Estas cuestións, que afectan á seguridade e operatividade do vehículo, resultan de especial gravidade.

Estas dificultades e ineficiencias sobrecargan o traballo dos técnicos que operan cos vehículos, que se ven obrigados a traballar en condicións laborais inferiores ás estandarizadas, tanto nas medidas de seguridade como nas condicións laborais e a estabilidade ante as situacións descritas.

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/02/2019 17:33:41
Nº Rexistro: 45572
Data envío: 06/02/2019 17:33:41.800

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Considera a Xunta de Galicia que a situación do transporte sanitario terrestre en Galicia é satisfactoria?
2. Cre a Xunta de Galicia que ten dado as explicacións oportunas e pertinentes sobre os problemas asociados á xestión do transporte sanitario terrestre?
3. Que ten previsto a Xunta de Galicia se a vía xudicial aberta relacionada co concurso das ambulancias resolve a existencia de irregularidades por parte da administración a favor dunha concesionaria concreta?
4. Pode garantir a Xunta de Galicia que as medidas de seguridade nas ambulancias de Galicia se cumpren conforme ao estándar establecido?
5. Que medidas ten previsto tomar a Xunta de Galicia respecto do informe policial que apunta ao incumprimento das medidas de seguridade nas ambulancias?

Pazo do Parlamento, 6 de febreiro de 2019

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 06/02/2019 16:35:48**

**Noela Blanco Rodríguez na data 06/02/2019 16:35:54**

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/02/2019 17:35:55
Nº Rexistro: 45575
Data envío: 06/02/2019 17:35:55.644

**Á Mesa do Parlamento**

**Julio Torrado Quintela** e **Noela Blanco Rodríguez**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

A situación de precariedade que viven os profesionais da atención primaria de Galicia ven sendo un tema relevante e obxecto de numerosas reivindicacións dos colectivos profesionais, organizacións sindicais, agrupacións cidadás e grupos políticos dende hai varios anos. Nos últimos tempos, o propio Parlamento de Galicia ten asistido a debates en Comisión e Pleno sobre a necesidade de mellorar estas condicións para mellorar así o sistema sanitario de Galicia.

A situación específica dos PAC, con numerosas cuestións a mellorar tanto nas condicións laborais dos profesionais como nas asistencias que inflúen sobre a capacidade dos profesionais de dar o mellor servizo posible (horarios, dotación de recursos materiais e humanos, organización de traballo…), é un aspecto concreto que ten sido analizado de maneira específica.

Existen numerosas ocasións en que o Goberno da Xunta de Galicia ten coñecido as deficiencias, especialmente no referido ao volume de recursos humanos, que existen na atención nos PAC en Galicia. Non entanto, a resposta deste Goberno ven sendo sempre a negación do problema e incluso a provocación de conflitos cos membros representantes das reivindicacións dos traballadores e traballadoras dos PAC galegos. Do mesmo xeito, o Grupo Popular no Parlamento de Galicia ten rexeitado as propostas que se teñen feito de mellora das condicións e aumento de recursos no seo do Parlamento.

Con data 15 de marzo do presente ano, o Grupo Parlamentario Socialista trasladou á Comisión 5ª de Sanidade, Política Social e Emprego do Parlamento de Galicia unha proposta para a mellora das condicións laborais dos profesionais dos PAC, que incluía a dotación dun maior número de profesionais, alertando da gravidade de que existiran dotacións mínimas que deixaban a PAC con volumes moi relevantes de persoas por atender sen profesionais para cubrir esa asistencia por ter que saír a facer visitas de urxencias.

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/02/2019 17:35:55
Nº Rexistro: 45575
Data envío: 06/02/2019 17:35:55.644

O acontecido no día 4 de agosto no PAC de A Estrada é un suceso fatal que retumba en todo o sistema sanitario galego. O labor desenvolvido polos profesionais do sistema foi insuperable e impecable, tratando de axudar no problema incluso algunha profesional que non estaba sequera no seu horario laboral. Non entanto, a limitación de número do persoal existente foi tamén un problema insuperable. A ausencia de profesionais no PAC de A Estrada foi un elemento decisivo para un incidente fatal.

Esta situación debera ser punto e aparte sobre as condicións existentes e sobre a calidade asistencial que recibimos os galegos e as galegas, e permitir abrir un tempo de replanificación sobre os recursos que necesita o sistema sanitario. Seguindo o caso acontecido, o PAC de A Estrada atende a máis de 20.000 persoas, nun entorno de poboación especialmente disperso onde os desprazamentos se alongan e, de maneira sinalada, se teñen que existir desprazamentos ao Hospital de Santiago, centro de referencia da zona. A isto súmaselle unha poboación envellecida, con dificultades para a mobilidade. Baixo estas condicións, un so equipo asistencial resulta a todas luces insuficiente e provoca demoras de máis de dúas horas sen atención no centro de saúde.

Por todo o exposto anteriormente, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Que criterios se utilizaron para determinar o volume de persoal existente no sábado 4 de agosto no PAC de A Estrada?
2. Cantos contratos temporais se realizaron ata o momento na época de verán de 2018 en atención primaria? Cantos deles foron destinados a A Estrada?
3. Considera a Xunta de Galicia que a atención sanitaria ofrecida nos PAC de Galicia é correcta e satisfactoria?
4. Que previsións ten a Xunta de Galicia sobre os posibles acordos a chegar cos traballadores e as traballadoras dos PAC de Galicia que veñen demandando numerosas melloras non atendidas ata o de agora?

Pazo do Parlamento, 6 de febreiro de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 06/02/2019 16:47:10**

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

**Noela Blanco Rodríguez na data 06/02/2019 16:47:15**

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/02/2019 17:36:37
Nº Rexistro: 45577
Data envío: 06/02/2019 17:36:37.216

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

**Á Mesa do Parlamento**

**Julio Torrado Quintela, Luís Manuel Álvarez Martínez, Patricia Otero Rodríguez e Noela Blanco Rodríguez,** deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A concepción da atención primaria como porta de entrada do sistema sanitario supón, máis alá dun termo amplamente mencionado, unha concepción do sistema non focalizado na atención hospitalaria e que permita estender e descentralizar o contacto das persoas coa sanidade, de forma que se achegue máis ao territorio e, por tanto, estea máis próxima.

Unha atención primaria fortalecida supón unha maior capacidade de funcionamento da rede de hospitais, que ven menos saturadas as súas propias dinámicas de funcionamento, dende a redución de entradas en urxencias ata a optimización de tempos e de diminución de listas de espera.

O envellecemento da poboación e o aumento da cronicidade supoñen un dos problemas esenciais que ten que afrontar o sistema público de saúde. No caso de Galicia, estas cuestións aumentan a súa relevancia debido ás propias condicións demográficas en termos de idade, e condicionadas tamén pola dispersión da poboación e as dificultades de infraestruturas e redes de comunicación na Galicia rural. O fortalecemento da atención primaria nestes casos supón unha necesidade maior e case imperativa para poder achegar os servicios sanitarios á poboación, tanto en termos de infraestruturas como de persoal.

Dende a chegada ao Goberno de Núñez Feijoo en 2009 o sistema público de saúde soamente ten contratado de maneira estable a menos dun 15 % dos titulados MIR, o que supón un dato preocupante. Unha cifra tan baixa resulta a todas luces insuficiente para cubrir as necesidades dun sistema que precisa unha dispersión notoria e unha forte implantación no territorio, para paliar os problemas demográficos antes sinalados. Unha maior contratación suporía a posibilidade de non ter que concentrar servicios, afastando a atención dos e das cidadáns.

A construción de novos centros de saúde, ou a reforma dalgúns xa existentes, supón outro dos grandes déficits da atención primaria na sanidade pública galega.

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/02/2019 17:36:37
Nº Rexistro: 45577
Data envío: 06/02/2019 17:36:37.216

grupo socialista Parlamento de Galicia PSG PSOE

Os orzamentos de 2016 e 2017, por coller os exemplos máis recentes, coinciden nos compromisos de varios centros de saúde apuntados nun e outro, os mesmos sucesivamente, ignorando ningunha responsabilidade polo anuncio e compromiso de infraestruturas que logo nunca se inician. O Plan de mellora da Atención Primaria, iniciado na lexislatura 2005-2009, supuxo unha base estratéxica que non foi continuada polos gobernos de Núñez Feijóo, que non amosaron un proxecto real para o fortalecemento da atención primaria.

No concello de A Pontenova a atención sanitaria está a cargo dos profesionais do centro de saúde. Existe nos últimos tempos unha tendencia a reducir o número de persoal que atende no centro, aproveitando baixas e xubilacións. Este é o caso do número de facultativos, que pasou de 3 a 2 pola recente xubilación dun deles e que a Xunta négase a repoñer, ou do paso de 2 a 1 profesional PSX. Estes recortes producen maior saturación tanto na atención médica como na organización do centro. O PAC de referencia para A Pontenova é o do Concello de Meira, que en días como o sábado pola mañá ten unicamente un ATS que ten que atender tanto ao PAC como á atención domiciliaria.

Para A Pontenova o correcto funcionamento do centro de saúde é indispensable, pois é un concello de poboación moi dispersa e envellecida, con máis dun terzo da poboación por riba dos 65 anos. Estas características condicionan a necesidade dunha atención próxima e áxil, que precisa de maiores medios humanos para non saturar as necesidades sobre os profesionais restantes no centro.

Por todo o exposto, os deputados e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Considera a Xunta de Galicia que a atención sanitaria en A Pontenova é satisfactoria?

2. Por que a Xunta de Galicia non repón a praza do facultativo xubilado no centro de saúde de A Pontenova?

3. Ten previsto a Xunta de Galicia realizar cambios nos recursos humanos do centro de A Pontenova proximamente?

Pazo do Parlamento, 6 de febreiro de 2019

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/02/2019 17:36:37
Nº Rexistro: 45577
Data envio: 06/02/2019 17:36:37.216

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 06/02/2019 16:56:42**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 06/02/2019 16:56:48**

**Patricia Otero Rodríguez na data 06/02/2019 16:56:53**

**Noela Blanco Rodríguez na data 06/02/2019 16:57:02**

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

**Á Mesa do Parlamento**

**Patricia Vilán Lorenzo, Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez,** deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A situación sanitaria da comarca de Pontevedra está a sufrir unha importante perda de capacidade asistencial como resultado dunha política de recortes moi estrita aplicada polo Goberno galego nos últimos anos. As persoas profesionais do sistema sanitario redobran esforzos e tratan de manter o maior nivel de calidade posible, mais a situación está a sobrepasar o aceptable e estanse a perder servizos que empeoran a situación.

As condicións xeográficas e demográficas da comarca de Pontevedra son de dobre condición: por un lado, as propias dunha Galicia urbana; polo outro, unha Galicia rural, con poboación dispersa e envellecida, cuxos membros máis activos das familias están desprazados aos grandes núcleos de poboación, con dificultades de comunicación polas condicións persoais e polas deficiencias de transporte público e de comunicacións para a mobilidade por medios propios. Nesta comarca existe un claro déficit tanto de infraestruturas como de persoal en todos os centros de saúde.

- Desa Galicia rural son exemplos:

  1. O Concello de Forcarei, no que hai tempo que o Goberno galego está na idea de suprimir un dos médicos adscrito ao Centro de Saúde de Soutelo de Montes co fin de facer "un modelo máis proactivo". O certo é que vai ser ben difícil que en Soutelo se dea unha resposta axeitada ás necesidades asistenciais e ás propias persoas usuarias do sistema sanitario público con esta decisión, que só vai causar un grave prexuízo aos veciños e veciñas da zona, onde hai moitas atencións domiciliarias a xente maior que carece de vehículo particular e sen transporte público. O Centro de Saúde de Soutelo de Montes atende a persoas maiores de moitos lugares da zona (Pardesoa, Trasdomonte, Presqueiras, Sanguñedo, Ventoxo, Vilariño ou Millerada), que xa se teñen que desprazar a Soutelo en taxi, non se lles pode pedir que paguen a maiores ir ata Forcarei con pensións tan pequenas e idades elevadas. Iso sen contar con que un dos médicos de Soutelo suma 800 cartillas e outro unhas 600 e que esta decisión de peche podería supoñer

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

que moitos dos veciños da zona de Presqueiras, Ventoxo e Soutelo de Montes marchasen ao concello veciño de Cerdedo-Cotobade por ter alí mellores comunicacións. Esta medida vai producir efectos negativos na calidade asistencial e vai prexudicar a fixación de poboación no rural. O malestar veciñal é moi profundo.

2. No que atinxe aos centros de saúde de Soutomaior, a situación non é moi diferente. No concello hai dous centros (un en Soutomaior e outro en Arcade), que suman tres médicos de familia, un pediatra e tres persoas encargadas de enfermería. O consultorio de Arcade atende a cupos de 1800 e 1700 cartillas, respectivamente e, como ocorre en multitude de centros de saúde do rural galego, as substitucións non se cobren, fundamentalmente no verán e no Nadal; o médico de familia que está en Soutomaior traballa menos horas pola súa situación administrativa e, en máis ocasións das desexadas, o único pediatra non está, o que obriga ás familias a se trasladar á veciña Vilaboa, a uns 10 quilómetros de distancia. Como consecuencia, o malestar cidadán vai tamén en aumento.

–E na comarca de Pontevedra hai tamén exemplos de Galicia urbana:

1. No Concello de Poio, hai problemas en varios dos Centros de Saúde:

No de Combarro non se repoñen médicos (non se cubriu a baixa por xubilación dun dos titulares) e só se fan substitucións por horas, co que a masificación en ocasións é moi preocupante.

No Centro de Anafáns, hai os mesmos problemas coa reposición, polo que os traslados ao Centro de Saúde de Combarro (xa saturado, como se acaba de explicar) son habituais. Ademais, o servizo de pediatría non está cuberto a meirande das veces. E logo están as malas condicións do centro en si. Ao pouco de tomar posesión o novo xerente da área sanitaria do CHOP, este manifestou que era mellor construír un novo centro con todos os servizos, polo que pediu ao Concello un terreo cunhas determinadas condicións; en tempo récord, tivo 3 situacións e elixiu unha delas, momento no que mudou de idea e recuperou ampliar o centro de Anafáns xa existente. Unha situación máis que lamentable.

2. Na propia cidade de Pontevedra hai moito tempo que é un clamor a creación dun hospital único para unificar todos os recursos nun só edificio e dotar ao complexo dos servizos que lle corresponden en función da súa poboación e dos que carece na actualidade por falta de espazo. Así, haberá uns 10 anos que o goberno de Emilio Pérez Touriño aprobara a ampliación do Hospital de Montecelo aproveitando a existencia de espazo suficiente, accesos adecuados

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/02/2019 17:42:58
Nº Rexistro: 45581
Data envio: 06/02/2019 17:42:58.485

e servizos de auga, enerxía eléctrica e sumidoiros, mais en febreiro de 2010 a ex conselleira de Sanidade anunciaba un modelo para Pontevedra como o de Vigo, situado en Monte Carrasco e con maqueta incluída. Curiosamente, pouco antes das últimas eleccións autonómicas, Feijóo mudaba de opinión e comezaba a falar de ampliación do Hospital de Montecelo. Mais existen numerosas dúbidas sobre varios aspectos do novo Montecelo, que son sistematicamente ninguneadas pola Xunta de Galicia sen ofrecer respostas concretas no Plan funcional, dende que tipo de xestión se prevé para o aparcadoiro, así como cales van ser os tempos de construción, pois existe unha vontade de non concreción por parte da Xunta de Galicia, o que evidencia que aínda falta un compromiso concreto de acción. Tampouco se coñece moita información sobre os plans da Xunta de Galicia sobre o Hospital Provincial e o seu futuro uso unha vez que o novo Montecelo poida estar a pleno funcionamento. De maneira engadida, nestes días coñeciamos que enfermeiras do servizo de urxencias de Montecelo denunciaban unha situación de saturación continua do servizo, chegando incluso a momentos de colapso que vai a máis, dado que Montecelo é o hospital referencia de toda a comarca. E en calquera momento pode haber un fallo na cadea de atención con consecuencias graves.

É evidente que a situación global, en todos os planos, é preocupante para veciños e veciñas da comarca de Pontevedra, que comproban a perda de capacidade do sistema asistencial a pesares do esforzo dos profesionais.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Está satisfeito o Goberno galego coa situación sanitaria da comarca de Pontevedra?
2. Vai garantir o Goberno a cobertura de substitucións dos profesionais de atención primaria na comarca, coa contratación extraordinaria dos profesionais en listas de substitución e dos recentes titulados MIR, para poder cubrir as necesidades demandadas polos profesionais dende os centros de saúde? Cando?
3. Vai arranxar o Goberno os problemas nos centros de Saúde de Forcarei, Soutomaior e Poio? Cando?
4. Que decisión definitiva ten tomado o Goberno respecto do Centro de Saúde de Anafáns, en Poio?
5. Que data manexa o Goberno para o remate do chamado Hospital “Gran Montecelo”?

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/02/2019 17:42:58
Nº Rexistro: 45581
Data envio: 06/02/2019 17:42:58.485

6. Que ten que dicir o Goberno sobre a saturación do servizo de urxencias de Montecelo?

Pazo do Parlamento, 5 de febreiro de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 06/02/2019 17:40:33**

**Julio Torrado Quintela na data 06/02/2019 17:40:38**

**Noela Blanco Rodríguez na data 06/02/2019 17:40:44**

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/02/2019 18:02:00
Nº Rexistro: 45584
Data envio: 06/02/2019 18:02:00.768

Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez, Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª.

A situación da atención sanitaria en Galicia está sufrindo un conflito crecente que manteñen por un lado os profesionais, tanto individualmente como a través dos colectivos que os representan, e por outro lado as organizacións sindicais, partidos políticos, administracións locais, asociacións de doentes e moitos colectivos afectados pola actuación sanitaria, que son practicamente todas as veciñas e veciños.

En particular, na Comarca da Mariña lucense afecta ao progresivo deterioro da capacidade asistencial en atención primaria, que a pesares do esforzo do persoal, está perdendo calidade debido aos recortes persistentes que desde os gobernos autonómicos e estatais se viñeron aplicando nos últimos anos.

No que corresponde ao persoal, esta comarca sofre en primeira persoa os problemas que o Sergas ten noutros lugares de Galicia debido aos recortes de persoal e ás nefastas condicións laborais que se ofrecen aos profesionais. Así existiron protestas veciñais contundentes polo mangoneo e a desatención da Consellería de Sanidade aos concellos de Barreiros, Lourenzá e Mondoñedo, onde non se estiveron a garantir os dereitos das nenas e nenos destes concellos a ser atendidos por un especialista en pediatría no caso de enfermidade e incumpríndose o calendario de vacinas pola non cobertura de pediatra cando este se atopa de baixa ou de vacacións.

O pediatra de Foz atópase en xornada reducida, ocasionado verdadeiros colapsos, xa non só para as nenas e os nenos do concello de Foz senón tamén para os dos concellos de Alfoz e Valadouro que se desprazan a Foz.

A só uns poucos quilómetros a situación non é mellor. Un único pediatra atende a uns 2.000 nenos e nenas dos concellos de Viveiro, O Vicedo e Ourol, o que fai que a media de espera para unha consulta ordinaria sexa moi longa, dándose casos nos que as familias tiveron que agardar 5 horas para ser atendidas. Non se están a cubrir as baixas do Punto de Atención Continuada de Viveiro e do seu centro de saúde, chegando  nalgún caso a ter que esperar 10 días por unha consulta, provocando sobrecarga asistencial e deterioro da atención aos pacientes ademais de aumentar as listas de agarda. En total no centro de saúde de Viveiro

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/02/2019 18:02:00
Nº Rexistro: 45584
Data envío: 06/02/2019 18:02:00.768

hai 4 médicos menos, entre eles un pediatra. Ademais o edificio no que se atopa o centro de saúde de Viveiro ten problemas estruturais importantes no que cómpre acometer os arranxos necesarios para poder manter as condicións adecuadas para unha correcta atención sanitaria.

Na Pontenova o Sergas non cubriu a praza de médico que quedou vacante por xubilación no mes de abril de 2018, así como tampouco cubriu a vacante de PSX, o que está a empeorar a atención primaria no dito concello que ten unha gran extensión máis de 133 km², cunha poboación moi dispersa e envellecida, no que máis do 35 % dos seus veciños e veciñas son maiores de 65 anos.

Pero é que na Mariña na atención primaria non só hai falta de médicos, senón que tampouco se están a cubrir as vacantes de enfermería, nin de auxiliar de enfermería nin de PSX. Por poñer un exemplo, no centro de saúde de Burela no que traballan seis enfermeiras, estas profesionais non son substituídas cando se atopan de vacacións, de incapacidade temporal ou ben de permisos de libre disposición, ocorrendo que en épocas de vacacións o centro de saúde só conta con tres enfermeiras.

O PAC de Burela comparte instalacións co servizo de urxencias do Hospital da Mariña, contando con dous médicos e dous enfermeiros, se ben os médicos contan con dúas consultas, o persoal de enfermería conta só con unha, sendo necesario, polo tanto, que ou ben se amplíen as instalacións existentes, ou ben se lle busque un novo emprazamento ao PAC de Burela, que permita dar unha correcta atención sanitaria.

Por iso as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Como valora o Goberno galego a atención primaria na Mariña lucense?

2ª) Vai a Xunta de Galicia garantir na Mariña lucense a cobertura de substitucións dos profesionais de atención primaria, coa contratación extraordinaria dos profesionais en listas de substitución e dos recentes titulados MIR, para poder cubrir as necesidades demandadas polos profesionais desde os centros de saúde e dos PAC, se for o caso, en que prazo?

3ª) Vai a Xunta de Galicia reforzar os cadros médicos, para acabar coas esperas e dotar aos profesionais dos medios necesarios para o desenvolvemento do seu traballo, no suposto de que a resposta sexa afirmativa, en que prazos?

4ª) Vai a Xunta de Galicia realizar un informe dos problemas estruturais do centro de saúde de Viveiro, co compromiso de realizar os arranxos precisos para

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/02/2019 18:02:00
Nº Rexistro: 45584
Data envío: 06/02/2019 18:02:00.768

manter as condicións necesarias para una correcta atención sanitaria, de ser o caso, en que prazo?

5ª) Vai a Xunta de Galicia realizar un informe sobre a situación das instalacións do PAC de Burela, co compromiso de melloralas, ben mediante a súa ampliación, ou ben, mediante un novo emprazamento, en caso afirmativo, en que prazo?

Pazo do Parlamento, 6 de febreiro de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Otero Rodríguez na data 06/02/2019 17:26:41**

**Julio Torrado Quintela na data 06/02/2019 17:27:00**

**Noela Blanco Rodríguez na data 06/02/2019 17:27:13**

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 45590
Data envío: 06/02/2019 19:21:07.990

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Abel Fermín Losada Álvarez, Patricia Vilán Lorenzo, María Pierres López e Luís Álvarez Martínez, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª.

A Lei 3/2018, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, no seu artigo 11 modifica a Lei 11/2013, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014, engadindo, respecto de Sogama, un número Tres bis na disposición adicional vixésimo primeira da dita Lei: "*«Tres bis. Igualmente, cando as circunstancias económicas da sociedade o permitan por cumprir os obxectivos orzamentarios e as previsións do seu plan de viabilidade, a persoa titular da consellaría competente en materia de residuos, logo do informe favorable da consellaría competente en materia de facenda, poderá establecer unha bonificación na contía do canon unitario de tratamento por tonelada nunha porcentaxe que non exceda o 10 % da cantidade que en concepto de canon estea vixente no ano inmediatamente anterior.*

*A aprobación da contía do canon bonificado por tonelada publicarase no Diario Oficial de Galicia conxuntamente coa actualización anual do canon unitario prevista no número Dous desta disposición.*

*Para poderse beneficiar da dita bonificación, as entidades locais deberán presentar a súa solicitude ante a sociedade antes de que transcorra un mes desde a súa publicación, xuntando unha declaración na que se comprometan a adoptar as medidas para poder trasladar, con efectos económicos do 1 de xaneiro da anualidade correspondente á aprobación dese canon bonificado, o importe equivalente ao da devandita bonificación ás persoas beneficiarias do servizo, mediante a modificación ou adaptación das prestacións patrimoniais de carácter público que teñan establecidas para o servizo público de recollida de residuos urbanos, tratamento e eliminación destes, así como a procurar unha redución de residuos mediante o mantemento ou a aprobación de novas medidas que fomenten a recollida selectiva orientadas á prevención e redución da produción de lixo convencional ou ao fomento da reciclaxe dos envases lixeiros. A presentación da indicada declaración determinará a inmediata aplicación do canon bonificado con efectos económicos do 1 de xaneiro da anualidade correspondente á aprobación dese canon bonificado.*

*Dentro dos dous primeiros meses do primeiro ano seguinte ao da aplicación da bonificación do canon unitario de tratamento por tonelada, as entidades locais*

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

*beneficiarias do dito canon deberán presentar unha certificación do órgano da entidade local que corresponda na que se acredite o cumprimento das condicións sinaladas no parágrafo anterior relativas, en primeiro lugar, a ter adoptado as medidas para permitir nese ano trasladar a bonificación ás persoas beneficiarias do servizo e, en segundo lugar, á adopción ou mantemento das medidas sinaladas de fomento da recollida selectiva ou de fomento da reciclaxe dos envases lixeiros.*

*No suposto de que, no prazo sinalado no parágrafo anterior, non se achegase o dito certificado ou se constatase o incumprimento das condicións requiridas para o gozo da bonificación, será aplicable o canon ordinario sen bonificación, polo que a Sociedade Galega de Medio Ambiente, S. A. procederá a facturar antes do 30 de marzo o importe da bonificación aplicada o ano anterior. Para o caso de impagamento deste importe, haberá que aterse ao disposto no apartado Seis desta disposición adicional".*

No Diario Oficial de Galicia do 23 de xaneiro de 2019 publicouse a Resolución do 15 de xaneiro de 2019 pola que se fai público o importe do canon unitario de tratamento por tonelada de residuos domésticos que deberá aplicar Sogama para o ano 2019, así como a bonificación aplicable para o devandito ano.

Xa que logo, tendo en conta que os resultados positivos dos dous últimos exercicios (2016 e 2017) da entidade, o importe da baixada debería ser moi superior, da orde de algo máis do 22 %, para ter unha conta de resultados equilibrada.

O orzamento da Xunta de Galicia para Sogama caracterízase por dous desfases: O do Plan de viabilidade (que fora revisado en 2013 para os anos 2015 a 2025 pola empresa "PWC" por encargo do Goberno e que estimara perdas millonarias cando ao ano seguinte xa foran un 85 % inferiores) e o do propio Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galicia (PXRUG) 2010-2020 (que precisa ser mudado desde hai anos para cumprir as directrices europeas de maior reciclaxe e vertido cero). Así, despois da suba do canon nun 33,55 % na Lei de orzamentos de 2013 e cunha primeira baixada dun 10 %, neste exercicio 2019 aplícase, como medida estrela, unha nova baixada nun 10 %. Aquel incremento sen aviso previo aos concellos e, teoricamente, sen obriga de traslado á cidadanía pretende convertelo o Goberno galego nun logro propio.

Á vista destes datos, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 45590
Data envio: 06/02/2019 19:21:07.990

1ª) Acordou o Goberno galego cos concellos, a través da Comisión Galega de Cooperación Local, todo o relativo á Resolución do 15 de xaneiro de 2019, pola que se fai público o importe do canon unitario de tratamento por tonelada de residuos domésticos que deberá aplicar Sogama para o ano 2019, así como a bonificación aplicable para o devandito ano, e publicada no DOG do 23 de xaneiro de 2019?

2ª) Sendo o custo do canon unha cantidade establecida multiplicada polas toneladas de residuos domésticos "tratados", establece a empresa Sogama unha diferencia entre o "tratado" e o enviado directamente ao vertedoiro aos efectos de liquidación da taxa?

3ª) Cal é a porcentaxe por tonelada que entra na planta "tratada", e cal a que vai directamente ao vertedoiro?

4ª) Cúmprense as directrices europeas de tratamento de residuos domésticos e de depósito en vertedoiro?

Pazo do Parlamento, 5 de febreiro de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 05/02/2019 11:40:55**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 05/02/2019 11:41:03**

**María Luisa Pierres López na data 05/02/2019 11:41:12**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 05/02/2019 11:41:24**

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2019 11:22:13
Nº Rexistro: 45593
Data envio: 07/02/2019 11:22:13.012

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres**, **Noa Presas Bergantiños**, **Ana Belén Pontón Mondelo** e **Montserrat Prado Cores**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en comisión 7ª**, relativa ao Consello Agrario Galego.

Coa lei 1/2006 de 5 de xuño créase o Consello Agrario Galego coma órgano que asume e articula as relacións entre a Administración Galega e as organizacións profesionais agrarias, recoñecéndolles tamén o papel de vertebración democrática do mundo rural segundo explica a exposición de motivos da mesma.

O artigo 1º desta lei define ao Consello Agrario Galego como un órgano permanente de participación, asesoramento, diálogo e consulta da Administración galega en materia agraria e máis en desenvolvemento rural.

O artigo 4º, que versa sobre a composición do mesmo, establece que estará integrado por vinte e catro membros, dos que doce correspóndenlle ás "organizacións agrarias máis representativas de Galicia".

Seguindo a lei, convocáronse as primeiras eleccións democráticas no agro galego que celebráronse o 26 de maio de 2002 determinaron como as máis representativas das organizacións profesionais agrarias constituídas en Galicia as de



CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xóvenes Agricultores (XXAA), Unións Agrarias (UUAA) e Sindicato Labrego Galego (SLG).

Mais desde a constitución do Consello Agrario Galego (CAG), no 2006, a realidade do agro galego ten mudado, e ten mudado moito, tanto o mundo rural coma as organizacións agrarias. De feito unha das que facía parte do mesmo desapareceu, en concreto Xóvenes Agricultores.

Vemos pois que no que respecta ás organizacións que formaban parte inicialmente o CAG, téñense producido grandes variacións polo que a situación actual do mesmo non ten nada que ver coa situación de partida, encontrándose, nestes momentos nunha situación anómala, deixando de cumprir o que dispón o artigo 4º da propia lei en canto á composición do mesmo na representación das organizacións profesionais agrarias.

Por outra parte o artigo 5º determina que o pleno do CAG terá de se reunir, como mínimo, en sesión ordinaria catro veces por ano.

Por todo o anteriormente exposto o Grupo Parlamentar do BNG presenta as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 7ª:

1.- Como ten previsto solucionar o funcionamento anómalo do CAG en canto á composición do mesmo?

2.- Como ten previsto medir a representatividade das distintas organizacións agrarias presentes actualmente no agro galego?



CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3.- Está a reunirse o CAG de acordo co establecido no artigo 5º da lei do Consello Agrario Galego?

4.- Que criterios está a seguir a Consellería do Medio Rural para establecer o diálogo e a representatividade debida coas organizacións e entidades agrarias?

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2019

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**
**Olalla Rodil Fernández**
**Luis Bará Torres**
**Noa Presas Bergantiños**
**Montserrat Prado Cores**
**Ana Belén Pontón Mondelo**
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 07/02/2019 11:15:46**

**María Montserrat Prado Cores na data 07/02/2019 11:15:53**



CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2019 11:22:13
Nº Rexistro: 45593
Data envio: 07/02/2019 11:22:13.012

bng
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Ana Pontón Mondelo na data 07/02/2019 11:15:55**

**Olalla Rodil Fernández na data 07/02/2019 11:15:59**

**Noa Presas Bergantiños na data 07/02/2019 11:16:01**

**Xosé Luis Bará Torres na data 07/02/2019 11:16:03**



CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

grupo socialista Parlamento de Galicia PSG PSOE

## Á Mesa do Parlamento

**Patricia Vilán Lorenzo, María Luisa Pierres López, María Dolores Toja Suárez, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo,** deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

Os principais servizos de protección contra o maltrato que se poden impoñer en vía xudicial son os dispositivos de control telemático, completados polas chamadas ao 016. Son unha das formas efectivas de loita contra este gran problema social endémico.

En España hai 1 150 homes baixo vixilancia telemática por risco de maltrato ás súas parellas ou ex parellas. En Galicia, a 31 de decembro do pasado ano, había 38, a maioría na provincia de Pontevedra. O chamado sistema *Cometa* funciona a través de pulseiras de control, que levan tanto as vítimas como os seus agresores e que se activan se o agresor pasa o afastamento fixado por un órgano xudicial, xa sexa como medida cautelar ou xa sexa como parte da condena penal.

**CHAMADAS AO 016**

| | A CORUÑA | LUGO | OURENSE | PONTEVEDRA | GALICIA | ESPAÑA |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **2013** | 1.222 | 294 | 282 | 916 | 2.714 | 58.274 |
| **2014** | 903 | 412 | 281 | 1.305 | 2.901 | 68.651 |
| **2015** | 919 | 499 | 318 | 1.979 | 3.715 | 81.992 |
| **2016** | 1.691 | 396 | 422 | 1.524 | 4.033 | 85.318 |
| **2017** | 1.681 | 275 | 304 | 1.213 | 3.473 | 77.796 |
| **2018*** | 1.398 | 254 | 311 | 1.094 | 3.057 | 73.454 |

* a 31/12/2018

**DISPOSITIVOS CONTROL TELEMÁTICO (activos)**

| | A CORUÑA | LUGO | OURENSE | PONTEVEDRA | GALICIA | ESPAÑA |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 2013 | 8 | 5 | 1 | 8 | 22 | 726 |
| 2014 | 6 | 2 | 3 | 12 | 23 | 716 |
| 2015 | 7 | 0 | 2 | 13 | 22 | 797 |
| 2016 | 6 | 1 | 3 | 19 | 29 | 884 |
| 2017 | 11 | 3 | 2 | 18 | 34 | 1.019 |
| 2018* | 10 | 4 | 3 | 21 | 38 | 1.183 |

* a 31/12/2018

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2019 12:22:40
Nº Rexistro: 45603
Data envio: 07/02/2019 12:22:40.579



Mais o certo é que este sistema de protección contra o maltrato acordado polos tribunais de Xustiza ten moito que mellorar. Así, no caso das pulseiras, os traballadores denunciaran en 2018 que a tecnoloxía obsoleta provocaba máis dun 70 % de alertas falsas por fallos técnicos.

O Goberno do Estado leva meses traballando na súa mellora, co compromiso de revisar os pregos de condicións destes dous principais servizos contra o maltrato, e cos 7 millóns de euros previstos nos Orzamentos de 2019, pendentes de aprobación. Son 2,1 millóns máis que no exercicio anterior (un 42,9 % de incremento). A Delegación do Goberno para a Violencia de Xénero dispón así da maior cantidade para este servizo dende a súa creación. Tamén prevén os Orzamentos unha suba do 14 % (ata 1,7 millóns de euros máis) no teléfono de atención ás vítimas 016, respecto do que os sindicatos denunciaran a situación precaria do cadro de persoal.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Comparte o Goberno galego que unha das formas efectivas de loita contra o maltrato son os dispositivos de control telemático e o teléfono de atención ás vítimas 016?
2. É consciente o Goberno de que eses dispositivos de control telemático son susceptibles de mellora?
3. Comparte o Goberno que os 2,1 millóns de euros máis dos Orzamentos Xerais do Estado (un 42,9 % de incremento respecto do exercicio anterior) favorecería a loita contra o maltrato?
4. Comparte o Goberno que os 1,7 millóns de euros máis (unha suba do 14 %) para o teléfono de atención ás vítimas 016 favorecería a loita contra o maltrato?

Pazo do Parlamento, 6 de febreiro de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
María Luisa Pierres López
María Dolores Toja Suárez
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 07/02/2019 12:21:00**

**María Luisa Pierres López na data 07/02/2019 12:21:07**

**María Dolores Toja Suárez na data 07/02/2019 12:21:11**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 07/02/2019 12:21:16**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 07/02/2019 12:21:22**

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2019 12:22:44
Nº Rexistro: 45604
Data envio: 07/02/2019 12:22:44.446

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Luis Bará Torres**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**.

1. O Centro de Formación Aixola é un centro formativo dependente da consellaría de Pesca que iniciou a súa actividade no ano 1997 no Porto de Marín. Desde o ano 2004 a xestión do proxecto está encomendada ao Centro Tecnolóxico do Mar-Fundación CETMAR.

Trátase dun centro pioneiro e singular, referente na formación de profesionais do sector naval e pesqueiro, que ofrece formación teórico-práctica encamiñada ao mercado laboral, con cursos de Composites, Madeira, Instalacións, Redes, Plásticos, Pneumáticas ou Velería.

Un dos obxectivos da Aixola é a integración ou reintegración no ámbito laboral. Segundo os datos recollidos na páxina web, o centro presenta uns índices elevados de inserción laboral, que no curso 2015-2016 superou o 80% nas áreas de madeira, composites e redes.

Ademais da inserción laboral, o centro tamén desenvolveu un importante labor relacionado coa construción e reparación de barcos, en colaboración con



CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2019 12:22:44
Nº Rexistro: 45604
Data envio: 07/02/2019 12:22:44.446

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

distintas administracións. E a maiores tiña abertas liñas en materia de I+D+I que quedaron paralizadas.

2. Malia os bos resultados do centro, pechou a súa actividade a finais do curso 2016-2017 e leva xa máis de ano e medio pechado. Aínda que existen numerosas persoas interesadas en facer os cursos, non se coñece a data de reapertura da escola.

Segundo fontes da Consellaría do Mar, a razón do peche temporal do centro é a reordenación do financiamento, que procedía do Fondo Europeo de Pesca (2007-2013) e que debía ser adaptado aos marcos normativos do Fondo Europeo Marítimo e da Pesca (2014-2020). A verdadeira razón parece estar na falta de entendemento entre a Consellaría do Mar e a de Industria e Emprego, que ten as competencias en materia de formación para o emprego.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

1. Por que razón permanece pechado o centro A Aixola, dependente ate o ano 2017 do CETMAR?

2. Cando prevé a Xunta de Galiza reabrir o centro e de que departamento vai depender?

3. Que financiamento recibiu este centro do Fondo Europeo de Pesca (2007-2013)?



CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2019 12:22:44
Nº Rexistro: 45604
Data envio: 07/02/2019 12:22:44.446

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4. Que financiamento recibiu este centro do Fondo Europeo Marítimo e da Pesca (2014-2020)?

5. Xustificou convenientemente a Xunta de Galiza os fondos europeos recibidos para este proxecto?

6. Cantas persoas están inscritas como interesadas nos cursos da Aixola?

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**
**Montserrat Prado Cores**
**Noa Presas Bergantiños**
**Olalla Rodil Fernández**
**Xosé Luis Rivas Cruz**
**Ana Pontón Mondelo**
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 07/02/2019 12:20:30**



CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2019 12:22:44
Nº Rexistro: 45604
Data envio: 07/02/2019 12:22:44.446

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**María Montserrat Prado Cores na data 07/02/2019 12:20:35**

**Ana Pontón Mondelo na data 07/02/2019 12:20:37**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 07/02/2019 12:20:39**

**Olalla Rodil Fernández na data 07/02/2019 12:20:40**

**Noa Presas Bergantiños na data 07/02/2019 12:20:42**

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2019 12:37:04
Nº Rexistro: 45611
Data envío: 07/02/2019 12:37:04.640

grupo socialista Parlamento de Galicia PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez, María Concepción Burgo López e Patricia Otero Rodríguez, deputado e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

A coñecida como Torre dos Moreno, en Ribadeo, é un edificio construído en 1915 que pasa por ser a construción máis singular da localidade, entre outras razóns polo seu estilo arquitectónico.

Mediante o Decreto 104/1997, do 17 de abril, publicado no Diario Oficial de Galicia do 8 de mao de 1997, foi declarada ben de interese cultural con categoría de monumento.

Neste momento, a propiedade do edificio está repartida entre propietarios particulares cun 19 %, a empresa *Paisajes de Asturias* cun 60% e o Concello de Ribadeo cun 21 %.

O actual estado de deterioro do edificio, ademais de supoñer un risco que levou ao Concello de Ribadeo a poñer valos de protección xa fai anos, supón que é necesaria unha inversión de 5,15 millóns de euros dos que aproximadamente 1,1 corresponderían ao propio Concello de Ribadeo.

Por parte do Concello de Ribadeo acordouse iniciar o procedemento para permutar a súa propiedade no edificio da Torre dos Moreno coa empresa *Paisajes de Asturias* por outra propiedade para trasladar a ela o Xulgado de Paz.

Por outro lado, a Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia establece no seu artigo 49ª os dereitos de tanteo e retracto e, en concreto, que calquera pretensión de transmisión onerosa da propiedade ou de calquera dereito real de desfrute dos bens de interese cultural deberalle ser notificada, de forma que faga fe, á consellaría competente en materia de patrimonio cultural con indicación do prezo e das condicións nas que se propoña realizar aquela. En todo caso, na comunicación da transmisión deberse acreditar tamén a identidade da persoa adquirente.

Con respecto ao anterior, a Xunta de Galicia dispoñerá dun prazo de tres meses para exercer o dereito de tanteo para si ou para outras institucións públicas ou entidades privadas sen ánimo de lucro, tendo preferencia a Xunta de Galicia en caso concorrencia de intereses.

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Por iso o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Deu resposta a Xunta de Galicia á petición presentada polo Concello de Ribadeo para permutar a súa porcentaxe de propiedade na Torre dos Moreno de Ribadeo?

2ª) Se a deu, cales son os seus termos, se non a deu, cal é o motivo para non telo feito logo de medio ano?

3ª) Ten intención a Xunta de Galicia de exercer o seu dereito de tenteo sobre a porcentaxe de propiedade que pretende permutar o Concello de Ribadeo na Torre dos Moreno?

Pazo do Parlamento, 6 de febreiro de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 07/02/2019 12:34:27**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 07/02/2019 12:34:42**

**Patricia Otero Rodríguez na data 07/02/2019 12:35:06**

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2019 13:05:29
Nº Rexistro: 45619
Data envio: 07/02/2019 13:05:29.876

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Noa Presas Bergantiños**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**.

O pasado 8 de marzo de 2018 tivo lugar unha mobilización sen precedentes de mulleres secundando unha convocatoria internacional de paros e mobilizacións. O obxectivo fundamental era denunciar a vixencia da desigualdade manifestada en múltiples aspectos. Desde a fenda salarial e os problemas laborais das mulleres con maior temporalidade, xornadas parciais e precariedade, a falsa conciliación sen servizos públicos que asuman os traballos de coidados que continúan a recaer, de maneira moi maioritaria, nas mulleres e que, por tanto, ven minguadas as posibilidades de desenvolvemento profesional, ou a situación de violencia que padecen as mulleres tanto por acoso, violacións e abusos como pola cantidade de feminicidios que se continúan a producir.

A mobilización, que desbordou todas as previsións existentes ao respecto, foi precedida dunha manifestación nacional o domingo 4 de marzo, unha convocatoria tamén histórica e impulsada polo feminismo galego. Foron moitas as persoas que participaron nas diferentes concentracións e na Galiza observamos como, proporcionalmente, a mobilización foi maior que no resto do Estado. Esta altísima participación tivo repercusión en todas as cidades e moitas vilas galegas e dá conta de que as mulleres estamos fartas de aturar esta situación desigualdade e violencia e que somo conscientes do retroceso enorme que estamos a padecer en xeral e, no caso



CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

galego, en particular, nomeadamente con índices que inciden nunha dupla discriminación, como mulleres e como galegas.

A dereita dedicouse a desacreditar e criminalizar a convocatoria tal e como puidemos ver no propio Parlamento Galego ao fío do debate dunha iniciativa impulsada polo Bloque Nacionalista Galego en apoio da folga. Máis aínda, cómpre recordar o desafortunado papel da Xunta de Galiza, que acarrea varias sentenzas por mor do seu intento de obstaculizar o dereito a folga. Así, se ben a administración galega debera ter sido exemplar canto ao respecto dos dereitos laborais de folga, tivemos varios exemplos de que non fora así. Por exemplo, segundo informaba a Conferedación Intersindical Galega o pasado 21 de setembro de 2018 "*O Tribunal Superior de Xustiza de Galiza vén de anular o Decreto de servizos mínimos ditados pola Xunta de Galiza para a xornada de folga de Mulleres convocada o pasado 8 de Marzo. En concreto anula os mínimos referidos á consellaría de Presidencia, CRTVG, Centro de Emerxencias 112 e Parque Nacional das Illas Atlánticas. A CIG, no seu momento, presentou recurso por considerar que se trataba duns "servizos máximos, abusivos e exaxerados" que vulneraban o exercicio do dereito fundamental á folga.*"

No seu día a central sindical, que chamou á mobilización e folga, denunciou como unha vez máis a Xunta de Galiza fixaba uns servizos mínimos abusivos, máis absurdo aínda cando os traballadores masculinos non estaban chamados a secundala. Máis aínda, entre outras cuestións, a Xunta de Galiza agardou ao último día para publicar o Decreto de servizos mínimos. Finalmente, a sentenza recoñece a corrección das apreciacións que motivaron a denuncia do sindicato e recolle cuestións preocupantes do punto de vista da saúde democrática e de dereitos de participación que debera promover o goberno galego, recollendo de forma expresa que os servizos establecidos non poden supoñer a supresión do dereito de folga das traballadoras.



CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2019 13:05:29
Nº Rexistro: 45619
Data envio: 07/02/2019 13:05:29.876

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta cuestión é de extrema gravidade, ademais da vulneración propositada do dereito de folga, recoñecido no noso marco legal, obedece ao intento premeditado de criminalización da folga feminista que tentou levar a cabo a dereita nas semanas previas á convocatoria.

Máis aínda, é tremendamente grave que Xunta de Galiza non iniciara, despois das mobilizacións desenvolvidas no noso país, unha rectificación das súas políticas introducindo perspectiva de xénero e pisando o acelerador para compensar case unha década de políticas económicas e sociais contrarias aos intereses das maiorías sociais e das mulleres.

Malia mudar o Partido Popular de discurso inmediatamente despois do 8 de marzo de 2019, confirmouse que non hai unha vontade de cambio político real como o que precisamos as mulleres galegas para eliminar ou reducir a preeminencia do patriarcado. Un patriarcado cuxo agravamento está directamente relacionado coas políticas que a dereita leva a executando desde hai anos e no caso galego tamén cunha falta de capacidade de decisión política que nos limita.

Os acontecementos e debates arredor deste histórico 8 de marzo sitúan un desafío político de primeira orde ao servizo do que tiñamos que poñer os nosos instrumentos e capacidades, tamén desde os poderes públicos. Porén, até o momento o resultado é decepcionante e continúan vixentes os motivos que levaron a milleiros de galegas ás rúas hai un ano.

Entre os éxitos do movemento feminista estivo o feito de situar ao mesmo nivel unha folga laboral e tamén de coidados e consumo, introducindo o debate non só no público senón tamén no privado e no cotiá, rompendo co ritualismo no que tiña caído en boa medida a celebración do día das mulleres traballadoras e situando novos retos cara o futuro.



CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2019 13:05:29
Nº Rexistro: 45619
Data envio: 07/02/2019 13:05:29.876

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego parabeniza o movemento feminista galego e a súa capacidade para impulsar un cambio social e saúda a nova convocatoria de folga impulsada desde o espazo colectivo Galegas 8M así como a a convocatoria de Folga Xeral de Mulleres de 24 horas rexistrada polo sindicato maioritario de Galiza, a Confederación Intersindical Galega, para o vindeiro 8 de marzo.

A ofensiva patriarcal do momento esixe unha resposta máis contundente. É innegábel que despois dunha época de expansión dos dereitos das mulleres e do avance da igualdade estamos a vivir unha forte ofensiva patriarcal de grande complexidade. Aí están, por exemplo, as barrigas de aluguer, a custodia compartida imposta ou a restrición do dereito ao aborto nun contexto no que mentres a violencia machista continúa asasinando mulleres o tan aplaudido Pacto de Estado contra a violencia machista non trouxo un impulso de mudanzas lexislativas e de compromisos orzamentarios suficientes, nin tampouco o goberno galego é permeábel a consensuar saltos cualitativos neste aspecto que supoñan cumprir e desenvolver o sinalado na aínda hoxe pioneira lei galega de 2007.

Esta nova folga feminista do 8 de marzo pretende ser unha chamada de atención, dende o ámbito local máis próximo ao internacional, sobre a desigualdade e invisibilidade que historicamente sofren as mulleres, co obxectivo de esixir a mellora das súas condicións sociais e laborais para combater as discriminacións laborais agravadas polas medidas aplicadas baixo a coartada da crise económica, ademais de impedir ningún retroceso en materia de dereitos e a conquista doutros novos.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

-Vai rectificar a Xunta de Galiza a súa política de boicot ao feminismo galego nesta nova folga do 8 de marzo?



CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2019 13:05:29
Nº Rexistro: 45619
Data envio: 07/02/2019 13:05:29.876

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Considera o goberno galego que un ano despois da histórica folga de 2018 cumpriu coas esixencias das mulleres galegas?

-Que valoración fai o goberno galego respecto das esixencias no ámbito laboral?

-Que valoración fai o goberno galego respecto das esixencias no ámbito de consumo?

-Que valoración fai o goberno galego respecto das esixencias no ámbito dos coidados?

-Vai facer autocrítica o goberno galego despois de que o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza evidencie na súa sentenza de anulación do Decreto de servizos mínimos do pasado 8 de marzo que pretendía minorar a súa participación?

-Que criterios seguiu a Xunta de Galiza par ditar os servizos mínimos para o pasado o pasado 8 de Marzo? Tivo en conta que se trataba dunha folga de mulleres? En que aspectos? Vai rectificar para 2019?

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

**Luis Bará Torres**

**Montserrat Prado Cores**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 07/02/2019 13:00:46**

**María Montserrat Prado Cores na data 07/02/2019 13:00:51**

**Ana Pontón Mondelo na data 07/02/2019 13:00:53**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 07/02/2019 13:00:54**

**Olalla Rodil Fernández na data 07/02/2019 13:00:56**

**Xosé Luis Bará Torres na data 07/02/2019 13:00:57**

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2019 13:21:35
Nº Rexistro: 45626
Data envio: 07/02/2019 13:21:35.531

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Noa Presas Bergantiños**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, relativa ao coñecemento e valoración por parte da Xunta de Galiza da perda por parte de Navantia da posibilidade de construír un ferri para Barreras

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado seis de febreiro de 2019 fíxose público nos medios de comunicación que presuntamente Navantia tiña perdido a oportunidade de construír un ferri para Barreras, cuestión que engade incerteza sobre o naval de Ferrol toda vez que a construción das tan agardadas fragatas F-110 terían aprazada a súa data de inicio de execución até o ano 2021, sendo polo momento practicamente en exclusiva os AOR australiáns o cerne da carga de traballo.

Presuntamente Navantia optaba a construír o casco dun ferri encargo da navieira Armas para Barreras, onde posteriormente se remataría o traballo, mais as negociacións on avanzaron por entre ambas empresas respecto da dirección do proxecto.

Desde o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego vemos con preocupación esta situación e que a propia dirección de Navantia manifeste inquedanzas. Máis aínda nun momento onde os e as traballadoras están a sufrir novos conflitos nas auxiliares e as consecuencias dun Plan Estratéxico de Navantia que suporá



CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2019 13:21:35
Nº Rexistro: 45626
Data envio: 07/02/2019 13:21:35.531

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

unha menor actividade e implicará un 25% de despedimentos acompañado do incremento das subcontratacións.

Ademais destas cuestións, continúa a ser inexplicable o incumprimento da Xunta de Galiza da Lei do naval e a súa desconexión da planificación da empresa pública no noso país.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:

-Coñece o goberno galego as razóns polas cales Navantia vén de perder a oportunidade de construír un ferri nas súas instalacións? Que valoración lle merece?

-Ten intervido nesta cuestión a Xunta de Galiza? Ten avaliado estes feitos con Navantia? E co goberno central? E con Barreras?

-Coñece o goberno galego que a construción das tan agardadas fragatas F-110 ten a súa data de inicio de execución prevista para o ano 2021? Que valoración lle merece?

-Como avalía a carga de traballo na ría de Ferrol nestes momentos? E as súas perspectivas de futuro? Que ten feito para atraer contratacións?

-Como avalía a situación respecto do emprego na matriz Navantia? E nas auxiliares?

-Como avalía o goberno galego o seu incumprimento da lei galega do naval?



CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2019 13:21:35
Nº Rexistro: 45626
Data envio: 07/02/2019 13:21:35.531

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Seguirá a Xunta de Galiza incumprindo a lei do naval e desatendéndose de solicitar participación dos organismos de Navantia?

-Considera o goberno galego levantado o veto á construción civil?

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**
**Luis Bará Torres**
**Montserrat Prado Cores**
**Olalla Rodil Fernández**
**Xosé Luis Rivas Cruz**
**Ana Pontón Mondelo**
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 07/02/2019 13:18:44**

**María Montserrat Prado Cores na data 07/02/2019 13:18:48**

**Ana Pontón Mondelo na data 07/02/2019 13:18:50**

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2019 13:21:35
Nº Rexistro: 45626
Data envio: 07/02/2019 13:21:35.531

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Xose Luis Rivas Cruz na data 07/02/2019 13:18:51**

**Olalla Rodil Fernández na data 07/02/2019 13:18:53**

**Xosé Luis Bará Torres na data 07/02/2019 13:18:55**

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2019 13:28:49
Nº Rexistro: 45628
Data envío: 07/02/2019 13:28:49.464

GRUPO PARLAMENTAR en marea

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Eva Solla Fernández,** deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea,** ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5.ª**

Segundo a Sociedade Española de Cirurxía Plástica Reparadora e Estética, algo máis dun 64% dos cancros de mama detectados en España rematan unha mastectomía, da cal, soamente un 30% destas mulleres son operadas para a reconstrución mamaria e nesta porcentaxe, unicamente un 40% fa a reconstrución de xeito inmediato.

Si ven a falta de intervención inmediata para unha reconstrución mamaria despois dunha mastectomía pode ser por elección da propia muller, existen tamén casos nos que esa falta de intervención é debida a que o hospital non conta cos medios adecuados para facela de forma inmediata como pode ser o caso de POVISA.

Fai un tempo que en diferentes Comunidades Autónomas estase a denunciar unha longa lista de espera para esta intervención, situación que se afasta dos estándares de calidade que debe dar un bo sistema de saúde, tendo en conta a situación física e psicolóxico que supón para as mulleres que se atopan nesta situación.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea pregunta:

- Existe algún tipo de contabilidade en relación á espera das mulleres que se someten a unha reconstrución de mamá nos diferentes hospitais do Sergas?
- De existir, cales son os datos?
- De non existir, cal é o motivo de que non exista?
- Teñen pensado levar a cabo algún tipo de contabilidade desta espera?

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2019 13:28:49
Nº Rexistro: 45628
Data envio: 07/02/2019 13:28:49.464

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2019.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 07/02/2019 13:25:21**

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2019 13:29:57
Nº Rexistro: 45633
Data envio: 07/02/2019 13:29:57.464

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Luis Bará Torres**, **Olalla Rodil Fernández**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª**.

O pasado mes de xaneiro aprobouse por unanimidade, na Comisión 1ª do Parlamento galego, un acordo que instaba á Xunta de Galiza a demandar do gobernado a transferencia de competencias pendentes, así como as xa transferidas ou que se transfiran a outras comunidades. No espírito do acordo estaba a idea de que Galiza acade un rango competencial equiparábel ao de Euskadi e Catalunya.

Cando aínda só pasaron dúas semanas daquel acordo, vemos con preocupación como o Partido Popular e a Xunta de Galiza se retractan daquel acordo, antepoñendo o seguidismo das consignas centralistas do PP madrileño antes que a defensa dos intereses galegos. En realidade isto non supón tampouco moita novidade, pois na última década a Xunta de Feixoo nin negociou nin conseguiu o traspaso de ningunha competencia.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

Cal é a axenda de negociación de transferencias por parte do goberno galego?

Cales son as prioridades da Xunta de Galiza a este respecto?



CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2019 13:29:57
Nº Rexistro: 45633
Data envio: 07/02/2019 13:29:57.464

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que competencias considera necesario demandar e que demandas se trasladaron ao goberno do Estado?

Demandou o goberno da Xunta a convocatoria da Comisión Mixta de Transferencias?

Considera a Xunta de Galiza que sería beneficioso para Galiza acadar o mesmo nivel de competencias que Cataluña e Euskadi?

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**
**Olalla Rodil Fernández**
**Noa Presas Bergantiños**
**Montserrat Prado Cores**
**Xosé Luis Rivas Cruz**
**Ana Pontón Mondelo**
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 07/02/2019 13:28:31**

**María Montserrat Prado Cores na data 07/02/2019 13:28:36**



CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Ana Pontón Mondelo na data 07/02/2019 13:28:38**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 07/02/2019 13:28:40**

**Olalla Rodil Fernández na data 07/02/2019 13:28:42**

**Noa Presas Bergantiños na data 07/02/2019 13:28:44**

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2019 13:48:17
Nº Rexistro: 45641
Data envio: 07/02/2019 13:48:17.610

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Noa Presas Bergantiños**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**.

Numerosos convenios internacionais e leis, tanto de ámbito galego como estatal, recollen o recoñecemento do dereito á igualdade das mulleres na sociedade e da non discriminación respecto dos homes. Por exemplo, a Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes recolle xa no inicio da súa exposición de motivos como "A igualdade de dereitos entre mulleres e homes é unha necesidade esencial nunha sociedade democrática moderna" e avalía que "aínda recoñecendo os importantes logros conseguidos, a situación de desigualdade entre mulleres e homes é un feito notorio e indiscutible na nosa sociedade".

Hoxe, pasados case 15 anos desde que esta lei foi promulgada, podemos afirmar que esta última aseveración permanece desafortunadamente vixente. É máis, podemos lamentar que haxa forzas e responsábeis políticos que cuestionen tal evidencia, pois mesmo no mero recoñecemento da desigualdade corremos o risco de dar pasos atrás.

Un dos aspectos nos que a desigualdade ten ficado conxelada é o referido á conciliación. Neste sentido, debemos sinalar que malia a cada vez máis crecente e normalizada presenza das mulleres no mercado laboral, permanecen vixentes de forma preocupante roles e estereotipos de xénero vinculados ao ámbito dos coidados. É evidente, ademais, como ten contribuído a esta vixencia a política de recortes de



CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2019 13:48:17
Nº Rexistro: 45641
Data envio: 07/02/2019 13:48:17.610

bng
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

dereitos sociais que supuxeron decisións políticas arbitradas polos gobernos central e galego durante o período de recesión económica que estalou arredor do ano 2008. Un retroceso evidente no camiño á igualdade cuxas consecuencias non teñen sido nin avaliadas de forma profunda nin sometidas a unha rectificación suficiente malia a presión social.

Para os poderes públicos a conciliación non ten sido unha prioridade e fomos as mulleres as que asumimos co noso sobreesforzo a carestía neste ámbito. Os datos falan por si propios. Por exemplo, os últimos datos publicados polo Instituto Nacional de Estatística (INE), na publicación “Mujeres y hombres en España” na sección “Conciliación trabajo y familia”  (actualizado 26 marzo 2018) amosan o desigual tempo investido por parte das mulleres e dos homes en tarefas de coidados, e o sobreesforzo das primeiras.

No citado estudo podemos citar algúns datos que confirman a prevalencia do patriarcado, por exemplo observando as conclusións respecto das condutas de persoas activas laboralmente: son máis longas as xornadas de traballo (computando a tal efecto a suma de traballo remunerado máis traballo non remunerado máis desprazamentos) das mulleres que as dos homes. Así mesmo, mentres as mulleres dedican 63,6 horas semanais a esta suma, os homes 56,7.

Outro dato ilustrativo é que os homes dediquen habitualmente o mesmo número de horas ao traballo non remunerado (14horas/semana) con independencia de que traballen a tempo parcial ou a xornada completa. Porén, de tratarse de mulleres, estas incrementan o tempo adicado ao traballo non remunerado (30 horas/semana) no caso de teren xornadas parciais.

Os datos exclusivamente galegos son tamén alarmantes. Por exemplo, a Enquisa de Poboación Activa indica de forma constante que un dos principais motivos das



CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

mulleres que non procuran emprego para non facelo son as responsabilidades familiares e persoais, un motivo varias veces máis intenso no caso das mulleres que dos homes.

Un dos aspectos máis determinantes para compatibilizar o exercicio da conciliación cando esta é precisa por maternidade é o referido ao ensino de 0 a 3 anos, tal e como recolle o Informe Formación e emprego. Análise do mercado laboral español desde a perspectiva de xénero (Instituto da Muller, 2018) "O primeiro ciclo (de 0 a 3 anos) estabeleceuse como un dos recursos principais para facer compatible a participación no mercado laboral coa atención e coidado das e dos menores".

Estes son só exemplos contrastados dunha realidade atravesada por unha fonda discriminación patriarcal e de clase á que se suma a nacional, ao teren as mulleres galegas dos soldos máis baixos do Estado. Unha discriminación que se alimenta da falta de compromiso da Xunta de Galiza con dereitos regulados como a conciliación, que non aposta por desenvolver.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

-Considera a Xunta de Galiza que pode estar satisfeita co sistema público de conciliación cando de forma constante un dos principais motivos das mulleres que non procuran emprego para non facelo son as responsabilidades familiares e persoais?

-Considera o goberno galego que ten desenvolvido de forma suficiente o marco que brindou a Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes?

-Como avalía os seus resultados no referido ao Capítulo III?



CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Considera a Xunta de Galiza suficiente a rede de escolas infantís do noso país? Pretende seguir favorecendo que sexa o mercado privado quen atenda esta etapa temperá?

-Que criterios segue o goberno galego para impulsar escolas infantís en zonas industriais, se é que segue algún? Considera que o esforzo ten sido suficiente? Cal é a planificación a futuro?

-Considera o goberno galego que as mulleres traballadoras teñen condicións adecuadas para asumir a maternidade se quixeren?

-Considera o goberno galego que as mulleres traballadoras teñen condicións adecuadas para asumir a maternidade sen renunciar ao seu desenvolvemento profesional asumindo persoalmente unha ocupación do tempo que podería ser minorizada con apoio para a conciliación?

-Que ten feito o goberno galego para fomentar a redistribución racional dos tempos de traballo? E para promover o reparto non discriminatorio dos tempos de traballo non remunerado? Como avalía estas cuestións?

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

**Luis Bará Torres**

**Montserrat Prado Cores**

**Olalla Rodil Fernández**

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2019 13:48:17
Nº Rexistro: 45641
Data envio: 07/02/2019 13:48:17.610

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 07/02/2019 13:44:52**

**María Montserrat Prado Cores na data 07/02/2019 13:44:58**

**Ana Pontón Mondelo na data 07/02/2019 13:44:59**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 07/02/2019 13:45:01**

**Olalla Rodil Fernández na data 07/02/2019 13:45:02**

**Xosé Luis Bará Torres na data 07/02/2019 13:45:03**

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 45646
Data envio: 07/02/2019 14:02:48.891

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda,** deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea,** ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **PREGUNTA,** para a súa resposta oral en **Comisión,** sobre **a captación de talento das universidades galegas**

Fai tempo que os científicos galegos reclaman un plan estratéxico a longo prazo que permita aplicar na nosa terra un modelo de captación de talento como o Icrea catalán, o IkerBasque do País Vasco ou o Araid de Aragón. Non obstante, a Xunta de Galicia non parece que estea moi pola labor de satisfacer as súas demandas, xa que a ciencia non lle preocupa o suficiente. Isto, máis alá de ser unha traxedia para comunidade científica, é, ademais, un problema para o conxunto da sociedade galega, condenada polo Partido Popular ao atraso permanente e ao "que inventen eles".

A Institución Catalana de Investigación e Estudos Avanzados, Icrea, é unha fundación financiada polo goberno catalán. Na súa páxina web, indica que o "Icrea naceu en resposta á necesidade de novas fórmulas de contratación que permitiran competir en igualdade de condicións con outros sistemas de investigación, orientándose á contratación de persoal científico e académico máis extraordinario e de maior talento".

"Icrea ofrece a investigador@s de todo o mundo prazas permanentes como investigadores para vir traballar a Cataluña". Deste xeito, a entidade catalana fomenta a investigación asegurando aos seus profesionais carreiras dignas acordes ás súas capacidades.

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 45646
Data envio: 07/02/2019 14:02:48.891

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Grazas a súa labor, o Icrea dá traballo a máis de 250 profesores que investigan en medio centenar de institucións catalás. Por cada euro de financiación que reciben, captan polo menos tres en fondos competitivos, multiplicando, así, a súa produción e o retorno potencial á sociedade.

Algo semellante acontece co IkerBasque. Lemos na súa web, que no "2007, o Goberno Vasco lanzou Ikerbasque para axudar a desenvolver a investigación científica mediante a atracción e recuperación de investigadoras/es excelentes. A misión de Ikerbasque é reforzar a ciencia en Euskadi en cooperación cos centros de investigación e universidades e comprometidos coa excelencia".

O éxito do IkerBasque é incontestable. Os investigadores da institución (máis de 220 profesionais que desenvolven máis de 420 proxectos con financiación externa) conseguiron atraer a Euskadi 26 millóns de euros en fondos durante o 2017. Dende o ano 2007, o IkerBasque conseguiu para Euskadi 150 millóns de euros.

Compróbase, polo tanto, o que sempre repetimos: o diñeiro que se destina a ciencia non é un gasto, senón unha inversión que repercute positivamente en toda a sociedade.

Así, consideramos urxente que o Goberno da Xunta mude a súa actitude e elabore, colaborando coa comunidade científica, tecnolóxica e universitaria, un plan de captación de talento que impulse e consolide a investigación en Galicia.

Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión.

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

- Que avaliación fai o Goberno da Xunta do Icrea, do IkerBasque e do Araid?
- Por que non existe nada semellante en Galicia?
- Considera que sería un gasto, e non unha inversión?
- Pensa que os programas de captación que funcionan no País Vasco ou en Cataluña non poden funcionar en Galicia?
- Por que?

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez
Anxeles Cuña Bóveda
Deputadas do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luca Chao Pérez na data 07/02/2019 13:59:16**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 07/02/2019 13:59:24**

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 45648
Data envio: 07/02/2019 14:05:29.627

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

**A Mesa do Parlamento**

**César Fernández Gil, Martín Fernández Prado, María Antón Vilasánchez, Teresa Egerique Mosquera, Carlos Gómez Salgado, Isabel Novo Fariña, Antonio Mouriño Villar** e **Encarna Amigo Díaz,** deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª, Educación e Cultura.**

O desenvolvemento da Galicia do futuro precisa dun sistema universitario adaptado ao século XXI e comprometido coa formación e xestión do talento. O sistema universitario galego debe actuar como catalizado do sistema produtivo galego e ser fonte permanente e inesgotable de innovación a través da investigación universitaria.

Neste sentido, as políticas do Goberno galego teñen que orientarse a seguir incrementando a colaboración e a cooperación entre as tres institucións que integran o Sistema Universitario de Galicia (SUG), ademais de traballar para mellorar a capacidade investigadora e os resultados da investigación universitaria xunto con unha especialización dos campus universitarios e un reforzo da captación de talento.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta oral en Comisión:

Cales serán as liñas mestras da política do Goberno galego para continuar avanzando no eido da investigación universitaria en Galicia nos vindeiros anos?

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**César Manuel Fernández Gil na data 07/02/2019 13:59:51**

**Martín Fernández Prado na data 07/02/2019 13:59:59**

**Maria Antón Vilasánchez na data 07/02/2019 14:00:10**

**Teresa Egerique Mosquera na data 07/02/2019 14:00:18**

**Carlos Gómez Salgado na data 07/02/2019 14:00:27**

**María Isabel Novo Fariña na data 07/02/2019 14:00:35**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

**Antonio Mouriño Villar na data 07/02/2019 14:00:42**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 07/02/2019 14:00:49**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 45650
Data envio: 07/02/2019 14:05:55.855

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

**A Mesa do Parlamento**

**César Fernández Gil, Martín Fernández Prado, María Antón Vilasánchez, Teresa Egerique Mosquera, Carlos Gómez Salgado, Isabel Novo Fariña, Antonio Mouriño Villar** e **Encarna Amigo Díaz,** deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª, Educación e Cultura.**

O impulso da formación profesional ven sendo dende hai anos unha das liñas priotarias do goberno galego no desenvolvemento de políticas educativas. Con esta aposta pola formación profesional estase a conseguir que a FP galega sexa cada vez máis útil para o desenvolvemento do talento e a inserción laboral das persoas, así como para mellorar os nosos sectores produtivos a través das potencialidades da formación profesional como viveiro de emprendemento, investigación e innovación.

Neste contexto, cómpre continuar avanzando no ámbito da innovación tendo sempre presente que é preciso axustar a formación do alumnado ás demandas dun mercado laboral caracterizado pola súa natureza cambiante, e sen perder de vista que a internacionalización é chave no contexto dun mercado cada vez máis global.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta oral en Comisión:

Cales serán as liñas mestras da política do Goberno galego para continuar avanzando no desenvolvemento e potenciación da formación profesional en Galicia nos vindeiros anos?

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**César Manuel Fernández Gil na data 07/02/2019 14:02:36**

**Martín Fernández Prado na data 07/02/2019 14:02:43**

**Maria Antón Vilasánchez na data 07/02/2019 14:02:50**

**Teresa Egerique Mosquera na data 07/02/2019 14:02:57**

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 45650
Data envio: 07/02/2019 14:05:55.855

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

**Carlos Gómez Salgado na data 07/02/2019 14:03:04**

**María Isabel Novo Fariña na data 07/02/2019 14:03:11**

**Antonio Mouriño Villar na data 07/02/2019 14:03:19**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 07/02/2019 14:03:26**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 45653
Data envio: 07/02/2019 14:22:34.845

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

**Á Mesa do Parlamento**

**Moisés Rodriguez Pérez, Martin Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Jacobo Moreira Ferro, Diego Calvo Pouso, Marta Novoa Iglesias, Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trenor López e Daniel Varela Suanzes-Carpegna,** deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 2ª Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios.**

A finais do mes de novembro de 2018 a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade mantivo un encontro co alcalde de Ponteareas no que lle trasladou o compromiso do Goberno galego de contratar a redacción do proxecto da Variante de Ponteareas en canto o Ministerio de Fomento asinase o convenio de colaboración polo que este se comprometía a executala e financiala.

A proposta de convenio de colaboración formulada pola Xunta fora novamente remitida ao actual Ministerio de Fomento no mes de setembro, co obxectivo de concretar as responsabilidades que lle corresponde a cada Administración para materializar esta actuación, segundo os termos establecidos nun protocolo rubricado previamente entre as tres administracións.

Co cambio de Goberno no Estado parece que os compromisos teñen mudado. No mes de decembro coñeciamos a resposta dada polo actual Ministerio de Fomento á proposta de convenio que se lle tiña remitido desde a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, onde o Ministerio eludía a súa responsabilidade de contratar e executar as obras, limitando ademais a súa achega económica.

Esta falta de compromiso por parte do Ministerio tense posto de manifesto, novamente, no proxecto de Orzamentos Xerais do Estado para 2019 que se vén de presentar, onde o Ministerio se desentende do seu compromiso asinado de executar a obra, recollendo ademais unha partida claramente insuficiente para a súa execución.

Ante isto, os deputados e deputadas asinantes, formulamos a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

1.- Que valoración fai o Goberno galego sobre  a variante de Ponteareas da resposta dada polo Ministerio á proposta de convenio que lle foi remitida desde a Xunta no mes de setembro?

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

2.- Que xestións ten realizado ou vai realizar a Xunta ante o Ministerio de Fomento para impulsar a Variante de Ponteareas, un proxecto estratéxico para esta vila e para toda a súa comarca?

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2019.

**Asinado dixitalmente por:**

**Moisés Rodríguez Pérez na data 07/02/2019 14:09:24**

**Martín Fernández Prado na data 07/02/2019 14:10:24**

**Jaime Castiñeira Broz na data 07/02/2019 14:10:46**

**Jacobo Moreira Ferro na data 07/02/2019 14:10:57**

**Diego Calvo Pouso na data 07/02/2019 14:11:15**

**Marta Novoa Iglesias na data 07/02/2019 14:11:33**

**María Julia Rodriguez Barreira na data 07/02/2019 14:11:53**

**Gonzalo Trenor López na data 07/02/2019 14:12:08**

**Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 07/02/2019 14:12:33**

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

grupo socialista
Parlamento de Galicia
PSG PSOE

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2019 16:37:00
Nº Rexistro: 45693
Data envio: 07/02/2019 16:37:00.968

Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª.

Desde que no ano 1992 o Tratado de Maastricht creou as redes transeuropeas e incorporou os requisitos de protección do medio ambiente na política de transportes (avance que se viu reforzado no Libro Branco da Comisión dese ano sobre a política común de transportes), insistiuse no principio da mobilidade sustentable.

A investigación en medios de transportes eficientes en canto ao uso dos recursos e respectuosos co medio ambiente é unha parte importante da política de transportes da Unión Europea; así o «Horizonte 2020» considera o “transporte intelixente, sustentable e integrado” como un dos retos máis importantes para garantir que Europa siga estando á vangarda dos avances tecnolóxicos nos transportes, pero iso non é suficiente.

En palabras do profesor Jiménez Herrero no seu artigo *Transporte y movilidad, claves para la sostenibilidad*, “as sociedades modernas demandan unha alta e variada mobilidade, o que require un sistema de transporte complexo e adaptado ás necesidades sociais, que garanta os desprazamentos de persoas e mercadorías dunha forma economicamente eficiente e segura, pero todo iso sometido a unha nova racionalidade ambiental e á nova lóxica do paradigma da sustentabilidade”.

Estamos, polo tanto, ante un problema con dúas compoñentes claramente diferenciadas: os desprazamentos das persoas e o de mercadorías, ás que se debe dar solucións simultáneas.

No caso do transporte de pasaxeiros, ademais de constituír un servizo ao consumidor, desempeña un importante papel para o funcionamento eficaz do mercado de traballo e o desenvolvemento económico e reviste unha importancia particular para quen non ten acceso a medios de locomoción privados nas zonas rurais e para quen sofre problemas de mobilidade.

O Partido Popular de Galicia no seu programa electoral do ano 2016, incluía o seguinte:

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2019 16:37:00
Nº Rexistro: 45693
Data envio: 07/02/2019 16:37:00.968

*Nova Lei de mobilidade. Establecerase o marco legal necesario para satisfacer as necesidades de desprazamentos de toda persoa nas condicións axeitadas de seguridade, accesibilidade, igualdade, calidade e sustentabilidade. O obxectivo principal é que Galicia conte cun sistema de transporte público eficiente, intermodal e moderno, porque o importante é a busca e materialización da implantación de servizos de calidade e modernos que satisfagan as necesidades dos cidadáns máis alá dos límites competenciais de cada administración.*

É dicir, asumíase o compromiso de elaborar unha nova Lei de mobilidade, aínda que non mobilidade sustentable, que segundo a concepción máis aceptada é aquela que, simultaneamente, satisfai a necesidade de mobilidade nun tempo e custo razoables á vez que minimiza os impactos negativos sobre o entorno e mellora a calidade de vida das persoas.

Por outro lado, o Plan de Transporte Público de Galicia, en elaboración, debe permitir no futuro acadar un modelo de transporte público por estrada sustentable e eficiente, que se adapte mellor ás necesidades da cidadanía de Galicia concretando a rede de transporte público de Galicia competencia da Xunta de Galicia. Aínda que os seus principios inspiradores son a sustentabilidade e a eficiencia, pouco ou nada se desenvolve no documento o relativo á sustentabilidade ambiental.

Pero este plan é un documento de planificación, organización e xestión da rede de transporte público de Galicia, competencia da Xunta de Galicia, e polo tanto, non podemos asumir que substitúe a unha lei, tanto por carecer de rango normativo como pola súa orientación.

Exemplos de que resulta moi pertinente e factible elaborar unha lei de mobilidade sustentable existen no Estado; por exemplo no Principado de Asturias acaba de publicarse a *Ley 12/2018, de 23 de noviembre, de Transportes y Movilidad Sostenible*.

Por iso o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Considera a Xunta de Galicia que é necesario elaborar unha lei de mobilidade sustentable na comunidade autónoma de Galicia?

2ª) Se non o considera preciso, porque o incluíu no seu programa electoral para a actual X Lexislatura?

3ª) Se o considera preciso, cando pensa iniciar a súa tramitación?

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Pazo do Parlamento, 7 de febreiro de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 07/02/2019 16:25:22**

**María Luisa Pierres López na data 07/02/2019 16:25:30**

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2019 16:45:11
Nº Rexistro: 45699
Data envio: 07/02/2019 16:45:11.319

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

# Á MESA DO PARLAMENTO

**Anxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez,** deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 4.ª**

En Marea leva tempo advertindo da precaria situación que atravesa o galego na nosa terra por mor da indiferenza do Goberno da Xunta, que non mostra ningún interese polo noso idioma. Os datos falan con elocuencia ao respecto. As persoas de máis de 40 anos están a abandonar o monolingüísmo galego a favor de prácticas bilingües funcionais e do maior uso do castelán; e as persoa máis novas, entre 5 e 20 anos, protagonizan un fenómeno de desgaleguización notable que se escora cara un uso monolingüe do castelán. No que respecta ás persoas con idades comprendidas entre os 20 e os 40 anos, presentan unha situación sociolingüística estable. Así, non é de estrañar que mentres o 75% da poboación galega de máis de 75 anos fala maioritariamente en galego, só o 30% dos menores de 20 exprésanse no noso idioma, o que supón unha diferencia de 45 puntos porcentuais.

O presente panorama lingüístico de Galicia chamou a atención mesmo do relator especial para as minoría da Oficina do Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Dereitos Humanos, que no mes de xaneiro realizou unha visita a España para estudar a situación dos colectivos minorizados do Estado. Durante a súa estadía, mantivo xuntanzas coa A Mesa pola Normalización Lingüística, con altos cargos da Xunta e do Estado, coa Valedora do Pobo e con representantes da Fiscalía, entre outros.

No seu informe preliminar, o relator advertiu da vulneración sistemática de

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

dereitos lingüísticos que sofren os galegos e galegas na nosa comunidade. No documento, o representante das Nacións Unidas manifesta a súa preocupación pola "desconexión entre o estado reclamado dos idiomas cooficiais e o alcance do seu uso real e da implementación da lexislación". Lamenta, en particular, que "os xuíces e os funcionarios encargados de facer cumprir a lei, como a policía nacional", non estean "suxeitos a ningún requisito de coñecemento dun idioma cooficial". Así mesmo, denuncia que "disposicións como o artigo 231 da Lei Orgánica do Poder Xudicial" supoñan "un obstáculo importante para o cumprimento por parte de España das súas obrigas internacionais en relación co uso cooficial das linguas minoritarias, xa que estipula que nos procedementos xudiciais, os xuíces, maxistrados, fiscais, secretarios e outros funcionarios utilizarán a lingua castelá e que as linguas minoritarias cooficiais só se permitirán se ningunha das parte se opón". "Isto, na práctica, levou a que en moitos, senón na maioría dos casos, as autoridades xudiciais penais, civís e administrativas non permitan os procedementos en comunidades autónomas na lingua minoritaria cooficial, mesmo se o solicita unha parte. Este obstáculo xeral para o uso dun idioma cooficial minoritario xera preocupacións en canto ao cumprimento das obrigas internacionais de dereitos humanos que se detallarán no informe final".

O relator advertiu tamén da inexplicable "ausencia de datos empíricos sobre o impacto dos diferentes modelos educativos que utilizan métodos de inmersión, bilingües ou multilingües desde 2010", algo que considera "desafortunado e de pouca axuda".

A Xunta de Galicia faría ben en asumir as severas críticas expostas polo relator das Nacións Unidas e adoptar medidas dirixidas a paliar as eivas que sinala.

Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2019 16:45:11
Nº Rexistro: 45699
Data envio: 07/02/2019 16:45:11.319

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

1. Que avaliación fai a Xunta de Galicia do informe preliminar elaborado polo relator especial para as minoría da Oficina do Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Dereitos Humanos?
2. Como é posible que o galego se atope nunha situación de semellante precariedade?
3. Que pensa facer para solucionar as carencias lingüísticas que denuncia o relator?

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2019.

Asdo.: Anxeles Cuña Bóveda
Luca Chao Pérez
Deputadas do G.P. de En Marea

**Asinado dixitalmente por:**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 07/02/2019 16:41:45**

**Luca Chao Pérez na data 07/02/2019 16:41:50**

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2019 16:50:37
Nº Rexistro: 45706
Data envio: 07/02/2019 16:50:37.403

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Noa Presas Bergantiños**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 3ª**, relativa ás accións que debe impulsar a Xunta de Galiza para a incorporación cláusulas de igualdade na contratación pública galega.

As administracións son unha pata fundamental dos procesos de contratación e impulso económico e, polo tanto, teñen ou deberían ter unha responsabilidade respecto do modelo económico, laboral e social que fomentan cos recursos que, en suma, saen dos petos de todos e todas. Neste camiño, deberan cumprir un papel salientábel no eido da igualdade de mulleres e homes que vaia alén dos principios declarativos de igualdade e da presunción de non discriminación. Porén, as indicacións normativas emanadas da lexislación específica de igualdade son aínda cativas e máis cativa é a súa translación á realidade, de forma que esta dificilmente pode ser transformada á velocidade que está a esixir a sociedade.

Cómpre, polo tanto repensar e reorientar a contratación pública de forma que serva para facer realidade o camiño cara a igualdade e non discriminación das mulleres do noso país.

É necesario lembrar que a O 9 de marzo de 2018 entrou en vigor a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014. Xa na súa exposición de motivos sinala os



CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2019 16:50:37
Nº Rexistro: 45706
Data envio: 07/02/2019 16:50:37.403

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

obxectivos desta nova regulación que son incrementar a eficiencia do gasto público e facilitar, en particular, a participación das pequenas e medianas empresas (PEMES) na contratación pública, así como permitir que os poderes públicos empreguen a contratación en apoio de obxectivos sociais comúns.

Sinala tamén que se inclúen nos contratos públicos consideracións de tipo social, medioambiental e de innovación e desenvolvemento. Estas consideracións poderán incluírse tanto ao deseñarse os criterios de adxudicación, como criterios cualitativos para avaliar a mellor relación calidade-prezo, ou como condicións especiais de execución, se ben a súa introdución está supeditada a que se relacionen co obxecto do contrato a celebrar. En particular, no caso das condicións especiais de execución, a Lei impón a obrigación ao órgano de contratación de establecer no prego polo menos unha das condicións especiais de execución de tipo medioambiental, social ou relativas ao emprego que se listan no artigo 202.

Neste sentido, é pertinente sinalar que o informe da Xunta Consultiva de Contratación de Aragón 1/2006, de 14 de decembro xa sinalaba que “a contratación pública non pode ser considerada como un fin en si mesmo, senón que debe ser visualizada como unha potestade ou ferramenta xurídica ao servizo dos poderes públicos para o cumprimento efectivo dos seus fins ou as súas políticas públicas. É dicir, a contratación pode e debería ser unha técnica que permitise conseguir obxectivos sociais, ambientais ou de investigación, na convicción de que os mesmos comportan unha axeitada comprensión de como deben canalizarse os fondos públicos”.

Desde o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego entendemos que neste contexto legal, político e social hai marxe para desenvolver a implantación de cláusulas de igualdade ambiciosas que contribúan a integrar a perspectiva de xénero na contratación pública. Desta forma, poderemos desenvolver un mecanismo máis para tratar de paliar a situación de discriminación e desequilibrio histórico das mulleres



CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2019 16:50:37
Nº Rexistro: 45706
Data envío: 07/02/2019 16:50:37.403

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

contribuíndo desde a administración a unha contratación socialmente responsable e utilizar a contratación pública para promover a igualdade das mulleres e dos homes.

Como obxectivos débense fixar o cumprimento por parte das empresas das obrigacións legais en materia de xénero, como estar dotados de plans de igualdade cando é obrigatorio por Lei e impulsar a súa consecución mesmo cando non o é; tamén incorporar requirimentos básicos en materia de igualdade como a utilización non sexista da linguaxe, a existencia de medidas de corresponsabilidade, a non discriminación salarial, fomentar a presenza de mulleres, combater o paro que afecta máis ás mulleres e un longo etcétera.

Para este camiño cómpre vontade política, concienciación social, asesoramento técnico e consenso político arredor do que nun futuro será unha realidade cuxa ausencia non se concibiría na formulación de contratos públicos.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 3ª:

-Vai impulsar o goberno galego accións para a incorporación cláusulas de igualdade na contratación pública galega como mecanismo para poñer fin á precarización e vulneración dos dereitos das mulleres?

-Por que razóns?

-Ten avaliado o goberno galego a capacidade do marco legal sobre contratación pública para impulsar o establecemento de cláusulas de igualdade?

-Ten contrastado a Xunta de Galiza experiencias doutros gobernos nesta liña? Con que resultado?



CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2019 16:50:37
Nº Rexistro: 45706
Data envio: 07/02/2019 16:50:37.403

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Por que non dá resultado a guía para unha contratación pública socialmente responsable? Considera que ten suficiente perspectiva de xénero?

-No Decreto en materia de igualdade faise algunha referencia como no artigo 67 que dá preferencia na adxudicación dos contratos da Comunidade Autónoma ás empresas que teñan implantado un plan de igualdade, como valora o seu cumprimento?

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**
**Luis Bará Torres**
**Montserrat Prado Cores**
**Olalla Rodil Fernández**
**Xosé Luis Rivas Cruz**
**Ana Pontón Mondelo**
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 07/02/2019 16:47:12**

**María Montserrat Prado Cores na data 07/02/2019 16:47:20**

**Ana Pontón Mondelo na data 07/02/2019 16:47:22**

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2019 16:50:37
Nº Rexistro: 45706
Data envio: 07/02/2019 16:50:37.403

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Xose Luis Rivas Cruz na data 07/02/2019 16:47:24**

**Olalla Rodil Fernández na data 07/02/2019 16:47:25**

**Xosé Luis Bará Torres na data 07/02/2019 16:47:26**

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2019 17:02:45
Nº Rexistro: 45714
Data envio: 07/02/2019 17:02:45.125

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Noa Presas Bergantiños**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**.

Ao longo da historia os avances en materia de igualdade e recoñecemento de dereitos das mulleres foron impulsados pola presión social e a loita incansábel de moitas mulleres e colectivos de mulleres de todo o mundo.

O pasado 8 de marzo de 2018 tivo lugar unha resposta histórica, sen precedentes, de milleiros mulleres galegas secundando unha convocatoria internacional de paros e mobilizacións que denunciaban as consecuencias do patriarcado nos ámbitos laboral, de consumo e dos coidados. As rúas recolleron a fartura de quen somos a metade do mundo e porén, mesmo nun momento de aparente aumento da capacidade orzamentaria e de intervención das administracións, continuamos a pagar as consecuencias da crise económica e o empeoramento das condicións laborais e vitais da man do neoliberalismo e a partir das reformas laborais de PP e PSOE.

A defensa da igualdade en diferentes ámbitos, tamén no laboral, teñen contribuído a conquistar numerosos avances en materia de dereitos. Porén, contamos con numerosos indicativos que amosan como a igualdade real é un



CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2019 17:02:45
Nº Rexistro: 45714
Data envío: 07/02/2019 17:02:45.125

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

obxectivo aínda por conquistar. A día de hoxe, malia os dereitos e medidas recollidos no abano legal, dista moito de ser adecuado o grao de cumprimento e desenvolvemento dun marco lexislativos aínda insuficiente.

Pasaron case tres lustros da aprobación da Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes e máis dunha década da lei estatal 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes. Porén, o patriarcado e as súas consecuencias atravesan dunha forma insostíbel a vida das mulleres galegas sen ser unha prioridade na axenda dos gobernos.

Desde Galiza sufrimos a falta de interese por parte do goberno central para lexislar a prol da igualdade efectiva no ámbito de traballo e superar as contrarreformas laborais das décadas anteriores. A absorción por parte da administración estatal do groso das competencias en materia de emprego é un hándicap para a nosa capacidade de actuación e autogoberno, mais meirande hándicap é a actitude pasiva do goberno de Núñez Feijóo, que despois de afirmar "tomar nota" respecto das mobilizacións sociais de 2018 non apostou nin por rectificar as súas actuacións nin por cumprir o exiguo marco legal.

Por exemplo, malia ser ilegal, a fenda salarial continúa sendo unha realidade frecuente nas empresas. As traballadoras galegas cobran de media 5.479,74 euros menos que os homes, isto significa que o salario das mulleres é o 77% do dos homes. Ademais, desde o ano 2009, a fenda salarial entre homes e mulleres incrementou en Galiza en case 1.000 euros (992,26), un fortísimo incremento do 22,1%, catro veces máis intenso que o experimentado no conxunto do Estado, que foi do 5,3% e 294 euros.



CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2019 17:02:45
Nº Rexistro: 45714
Data envio: 07/02/2019 17:02:45.125

bng
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A isto súmanse outros elementos impropios dunha sociedade que se considere avanzada e democrática, como a permanencia do coñecido como chan pegañento ou o teito de cristal, os impedimentos na conciliación ou a permisividade co acoso e as agresións sexuais na contorna laboral.

Cómpre, polo tanto, botar luz sobre o cumprimento do marco legal, as medidas a pór en marcha e a fiscalización de todo o referente á igualdade.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

- Considera o goberno galego que ten tomado as medidas suficientes para que a propia administración cumpra a normativa en materia de igualdade? Cales? Cal é o método de avaliación?

- Considera o goberno galego que ten tomado as medidas suficientes para que as empresas cumpran a normativa en materia de igualdade? Cales? Cal é o método de avaliación?

- Considera preciso a Xunta de Galiza un organismo supervisor do cumprimento da lexislación sobre igualdade? Cales son as razóns?

- Está satisfeito o goberno galego coa fenda salarial que padecen as mulleres galegas froito do desleixo da súa administración e da central?

- Como valora a evolución dos Plans de Igualdade da esfera privada e do sector público autonómico? Cales son as súas conclusións?



CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Que opina respecto da necesidade de cláusulas de igualdade na contratación pública?

- Cal ten sido o esforzo da Xunta de Galiza respecto das recomendacións da Comisión Europea en 2014?

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**
**Luis Bará Torres**
**Montserrat Prado Cores**
**Olalla Rodil Fernández**
**Xosé Luis Rivas Cruz**
**Ana Pontón Mondelo**
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 07/02/2019 17:01:16**

**María Montserrat Prado Cores na data 07/02/2019 17:01:21**

**Ana Pontón Mondelo na data 07/02/2019 17:01:23**



CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Xose Luis Rivas Cruz na data 07/02/2019 17:01:24**

**Olalla Rodil Fernández na data 07/02/2019 17:01:25**

**Xosé Luis Bará Torres na data 07/02/2019 17:01:27**

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2019 17:04:13
Nº Rexistro: 45717
Data envio: 07/02/2019 17:04:13.833

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

# Á MESA DO PARLAMENTO

**Anxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez,** deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 4.ª**

As políticas neglixentes da Xunta levan demasiado tempo poñendo en perigo o patrimonio galego. Segundo parece, ao Goberno de Núñez Feijóo non lle preocupa o suficiente o noso rico legado cultural, como demostra o feito de que tódolos anos teñamos que denunciar a deterioración de centos de bens patrimoniais de enorme valor.

O goberno popular non entende que o patrimonio cultural, que condensa os valores, as tradicións e as manifestacións artísticas dun pobo, é un rico legado que temos a obriga de preservar, difundir e legar ás xeracións futuras. Non entende que o patrimonio conta cun inmenso potencial para xerar oportunidades de crecemento social e económico que contribuirían a fixar a poboación no territorio. Tampouco entende que o seu coidado nos compete a todas, pero moi especialmente ás diferentes administracións, que deben poñer os medios materiais e humanos necesarios para que o mantemento e a divulgación do noso patrimonio sexa posible. Así o volveu demostrar o 27 de decembro do pasado ano.

O 27 de decembro o Consello da Xunta aprobou a declaración de Ben de Interese Cultural (BIC) para a Ribeira Sacra, algo que sería unha boa nova se non fora

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

polas notables deficiencias do decreto. O decreto incluía 70 bens protexidos, pero deixaba fóra 55 elementos patrimoniais que merecían igualmente ser recoñecidos como BIC. Como defende Dieter Moure, presidente da asociación O Sorriso de Daniel, que traballa na protección da arte románica, "non hai románico maior ou menor, hai un único libro do que non convén esgazar ningunha das súas fermosas páxinas. Os máis de 50 edificios románicos que quedaron fóra desa declaración BIC chaman a berros por nós".

**Os 55 bens desprotexidos repártense entre 15 concellos das provincias de Lugo e Ourense:** Carballedo, Castro Caldelas, Chantada, Monforte, Nogueira de Ramuín, Pantón, Paradela, Portomarín, Ribas de Sil, O Saviñao, Sober, Taboada, Parada de Sil, A Teixeira e A Pobra de Trives.

- **Carballedo**: Igrexa de San Miguel de Oleiros, Igrexa de Santa Baia de Aguada, Igrexa de Santa Baia de Búbal, Igrexa de Santiago de Lousada.
- **Chantada**: Igrexa de San Miguel d´O Monte, Igrexa de San Cristovo de Fornas, Igrexa de San Cristovo de Mouricios, Igrexa de San Paio de Muradelle, Igrexa de San Salvador de Brigos, Igrexa de Santa María de Bermún, Igrexa de Santa María de Camporramiro, Igrexa de Santiago de Requeixo.
- **Monforte de Lemos**: Museo de Arte sacra das clarisas (en especial o Calvario medieval proveniente de San Fiz de Cangas), Igrexa de San Pedro de Ribas Altas, Igrexa de San Pedro de Valverde, Igrexa de Santa María de Baamorto
- **O Saviñao**: Igrexa de San Lourenzo de Fión, San Martiño da Cova, San Vitoiro de Ribas de Miño, Santa María de Marrube, San Pedro de Cela.
- **Pantón**: O Cotillón (eremitorio na parroquia de Acedre)
- **Paradela**: Santa María de Ferreiros, Santa María de Vilaragunte.
- **Portomarín**. San Pedro de Portomarín, Santa María de Castromaior e

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Santa María de Cortapezas

- **Ribas de Sil**: San Clodio, Santa María de Torbeo
- **Sober**: O Priorato de Doade, San Pedro de Canaval, San Vicente de Pinol, San Xillao de Lobios, Santa María de Amandi, Santa María de Bolmente, Santa María de Proendos, Santo Estevo de Anllo.
- **Taboada**: San Xián de Campo, San Xoán de Bouzoa, Santa María de Castelo, Santa Mariña de Cerdeda, Taboada dos Freires, Santa María de Piñeira, San Mamede da Torre
- **A Pobra de Trives**: Santa Salvador de Sobrado, San Sebastián de Piñeiro.
- **A Teixeira**: Santa María de Abeleda.
- **Castro Caldelas**: San Pedro d´O Burgo, San Xoán de Camba, Santa Tegra de Abeleda, San Pedro de Alais.
- **Nogueira de Ramuín**: San Martiño de Nogueira, San Cristovo de Armariz
- **Parada de Sil**: Santa María de Chandrexa.

Máis alá do amparo lexislativo que todos estes bens merecen, cómpre subliñar que para garantir a protección e recuperación do patrimonio precísase máis. Precísase fomentar o aprecio polas nosas expresións culturais e precísase recuperar o rural. En palabras de Ramón Yzquierdo: “O despoboamento do campo é o maior risco que hai para o patrimonio, porque leva a un abandono, o abandono leva ao espolio e o espolio leva á perda”. Consecuentemente, calquera compromiso co noso patrimonio ten que ser, necesariamente, un compromiso co rural.

Por todo o exposto as deputadas asinantes presentan a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4.ª

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2019 17:04:13
Nº Rexistro: 45717
Data envio: 07/02/2019 17:04:13.833



- Por que a Xunta de Galicia decidiu excluír da declaración BIC da Ribeira Sacraos 55 bens patrimoniais mencionados nesta iniciativa?
- Non merecen o amparo do Goberno galego?
- Cal é o seu estado actual?
- Que valor patrimonial lles atribúe?
- Que pensa facer para conservalos?
- Que inversión pensa facer para mantelos?

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2019.

Asdo.: Anxeles Cuña Bóveda
Luca Chao Pérez
Deputadas do G.P. de En Marea

**Asinado dixitalmente por:**

**Luca Chao Pérez na data 07/02/2019 17:01:38**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 07/02/2019 17:01:42**

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2019 17:22:55
Nº Rexistro: 45725
Data envío: 07/02/2019 17:22:55.829

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Luis Bará Torres**, **Olalla Rodil Fernández**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa ao afundimento do teito da lonxa de Canido.

O mércores 6 de febreiro produciuse o afundimento da cuberta da lonxa de Canido, que pertence ao ente Portos de Galicia. Afortunadamente o sinistro produciuse nun momento no que había actividade na lonxa, o que evitou unha traxedia.

Segundo as primeiras informacións, realizáronse recentemente traballos de mellora de parte da cuberta. E tamén se fixeron inspeccións que supostamente garantiron o bo estado do edificio- Pola súa parte, Portos de Galicia informou mediante unha nota pública que o mantemento do local corre por conta da confraría, mentres que tanto a titularidade do edificio como as cuestións relacionadas coa estrutura corresponden a Portos de Galicia.

Polo anteriormente exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

1. Que inspeccións realizou Portos de Galicia no edificio da lonxa de Canido, cando se fixo a última e quen a realizou?

2. Cal foi o resultado desta inspección?



CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2019 17:22:55
Nº Rexistro: 45725
Data envio: 07/02/2019 17:22:55.829

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. Que obras de mellora se realizaron na lonxa de Canido, quen as contratou e cal foi a empresa adxudicatoria?

4. Segundo os informes encargados, cal foi a causa e de quen é a responsabilidade do mal estado e afundimento da cuberta?

5. Que medidas prevé poñer en marcha Portos de Galicia para evitar que se repitan situacións coma esta no futuro?

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**
**Olalla Rodil Fernández**
**Noa Presas Bergantiños**
**Montserrat Prado Cores**
**Xosé Luis Rivas Cruz**
**Ana Pontón Mondelo**
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 07/02/2019 17:12:59**

**María Montserrat Prado Cores na data 07/02/2019 17:13:07**



CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Ana Pontón Mondelo na data 07/02/2019 17:13:08**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 07/02/2019 17:13:10**

**Olalla Rodil Fernández na data 07/02/2019 17:13:15**

**Noa Presas Bergantiños na data 07/02/2019 17:13:17**

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2019 17:26:47
Nº Rexistro: 45731
Data envío: 07/02/2019 17:26:47.994

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

## Á Mesa do Parlamento

**O Concepción Burgo López, Julio Torrado Quinte e Noela Blanco Rodriguez**, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia** e ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

Folgoso do Courel é un dos concellos mais emblemáticos de Galicia, pero tamén un dos mais abandonados.

É un dos grandes pulmóns do noso pais e mantén unha riquísima biodiversidade pero tamén é un extenso concello de alta montaña cunha grande dispersión poboacional.

Ten 50 núcleos de poboación repartidos en 193 Km cadrados, unha alta taxa de envellecemento e tamén un grave despoboamento. Neste momento o concello ten algo máis de 1.000 habitantes, pero nos anos 60 tiña mais de 5.000, e a todo isto engádese a falta de servizos públicos. Todas son dificultades que comparte co rural galego, pero en Folgoso do Courel vense moi agravados polo illamento, e as malas comunicacións.

Entre as graves carencias de servizos atópase, o máis necesario, o servizo sanitario que non mantén os debidos niveis de calidade a causa dos continuos recortes realizados pola Xunta de Galicia.

En primeiro lugar, porque non se cobren as baixas nin as vacacións do persoal sanitario dos dous centros de saúde existentes, en Folgoso e en Seoane polo que moi a miúdo, un só medico/a e un enfermeiro/a teñen que ocuparse de ambos, asistindo tres horas en cada un, separados por máis de 12 Km cunha difícil estrada. A situación complícase ata converterse en moi perigosa cando este mínimo equipo ten que saír a asistir unha urxencia o unha consulta domiciliaria nun concello de 193 Km cadrados, polo que a falta de atención no centro de saúde pode alongarse durante horas.

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2019 17:26:47
Nº Rexistro: 45731
Data envio: 07/02/2019 17:26:47.994

En segundo lugar, as gardas nocturnas foron suprimidas fai tempo, sendo o centro de referencia Quiroga que se atopa a 70 km de algunhas das aldeas do concello por estradas de montaña, máis dunha hora e media ata o médico cando hai malas condiciones meteorolóxicas, o que crea unha grande inquedanza na poboación do concello.

Por si isto non fora suficiente, en Folgoso do Courel non hai ambulancia medicalizada, dándose en ocasións a necesidade de ter que trasladar ao paciente grave dunha ambulancia a outra, unha situación que non é aceptable nun pais desenvolvido.

Todo isto crea unha fonda preocupación nos veciños e veciñas do concello e merma as posibilidades de frear o despoboamento, o grave problema deste concello. Moitas persoas maiores marchan buscando unha maior seguridade sanitaria, outros que quererían vir xa xubilados ao concello, non o fan pola precariedade que estamos a relatar dos servizos médicos.

No concello de Folgoso do Courel tampouco existe servizo de pediatría, é necesario ir a Quiroga, onde soamente consulta o pediatra dous días á semana, o que dende logo disuade a calquera familia con nenos de asentarse neste concello. Desta maneira, non existe ningunha posibilidade de enfrontase ao despoboamento.

Ante esta situación non vale dicir que as cifras de pacientes por sanitario son as correctas, como en ocasións afirmou a consellería. A situación é moi distinta nestas zonas de montaña, a necesidade de equipos sanitarios non se pode medir, como en zonas mais poboadas ou de menos dificultades, por número de pacientes.

Esta precaria situación dos servizos sanitarias en Folgoso do Courel foi denunciada en múltiples ocasións polos veciños e veciñas, mesmo por toda a corporación municipal. Así, no pleno celebrado o 15 de febreiro de 2017, foi aprobada por unanimidade unha moción firmada por todos os grupos políticos do concello denunciando a falta de gardas nocturnas, a falta de persoal sanitario e o problema das ambulancias. A corporación decidiu dirixirse ao conselleiro de Sanidade e pedir solucións para mellorar no posible o servizo sanitario e corrixir, polo menos, os problemas mais graves pero nestes anos non se viron cambios.

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2019 17:26:47
Nº Rexistro: 45731
Data envío: 07/02/2019 17:26:47.994

O presidente Feijóo, afirmou que esta sería a lexislatura do rural, pero a verdade é que non se está a facer nada para impulsalo ou para facer mais fácil a vida dos veciños e veciñas. Mais ben o contrario, o Goberno está levando adiante un continuo recorte dos servizos públicos, e, sen servizos, a poboación marchará aínda en maior medida que ate o de agora. É necesario tomar medidas de discriminación positiva sobre todo en zonas como esta e poñer en marcha uns servizos minimamente aceptables.

Polo exposto, as deputadas e deputado asinantes formulan as seguintes preguntas:

1.ª) Recibiu a Consellería de Sanidade a moción aprobada por unanimidade no pleno do concello de Folgoso celebrado el 15 de febreiro de 2017?

2.ª) Como valora o contido de dita moción?

3.ª) Puxo en marcha a Consellería de Sanidade algunha acción para cumprir as peticións da corporación de Folgoso do Courel reflectidas nesa moción?

4.ª) Como valora a situación dos servizos sanitarios do concello de Folgoso do Courel?

5.ª) Considera o conselleiro de Sanidade que se está ofrecendo un servizo de calidade neste concello?

6.ª) Vai tomar algunha decisión para mellorar este servizo sanitario?

7.ª) Considera que é necesario ter algún sistema de garda nocturna no citado concello?

8.ª) Van a ser cubertas todas as prazas de persoal sanitario así como proceder a substitución de todas as baixas de forma que funcionen normalmente, con todo o persoal necesario, so dous centros de saúde do concello?

9.ª) Van mellorar o sistema de ambulancias?

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSIY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

10.ª) Considera a Consellería de Sanidade que Folgoso do Courel non necesita nin sequera un día de atención pediátrica no concello?

Pazo do Parlamento, 7 de febreiro de 2019

Asdo.: Concepción Burgo López
Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 07/02/2019 17:23:32**

**Julio Torrado Quintela na data 07/02/2019 17:23:40**

**Noela Blanco Rodríguez na data 07/02/2019 17:23:48**

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2019 17:39:45
Nº Rexistro: 45735
Data envío: 07/02/2019 17:39:45.875

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez e María Concepción Burgo López, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional vén poñendo en marcha, no que ás ensinanzas de Bacharelato se refire, diversos programas, entre eles os chamados PluriBach e o Bacharelato de Excelencia.

Así, regulou mediante a Resolución do 1 de xuño de 2017, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa o denominado bacharelato de especialización en idiomas (PluriBach) para o curso 2017/2018.

Este bacharelato ten como finalidade a promoción no alumnado dunha preparación máis profunda e especializada no idioma obxecto do programa e un achegamento máis específico ás diferentes materias que compoñen o currículo.

O alumnado participante debe cursar unha materia extracurricular cunha carga lectiva semanal de 2 ou 3 horas fóra do horario ordinario, así como actividades complementarias de formación ao longo dos dous cursos de 40 horas, tamén fóra do horario ordinario.

A resposta dos centros da Comunidade Autónoma a esta convocatoria foi mínima, incorporándose catro centros, dous deles públicos e dous privados, sobre un total de 294 centros posibles, é dicir, un 1,3 %. Poderíase pensar que este baixísimo interese podería gardar relación co tardío da convocatoria.

Non obstante, para o actual curso 2018/2019 a convocatoria foi regulada mediante a pertinente Resolución do 2 de abril de 2018 (anunciada no DOG do 3 de abril) que contén idénticas previsións que a do 1 de xuño e 2017 respecto ás materias e formación complementaria que debe cursar o alumnado, así como cando  se debe realizar.

O resultado foi o mesmo que o curso anterior: catro centros en total, dos cales dous son públicos e dous privados.

Se consideramos que nesta comunidade autónoma hai 221 centros públicos e 73 privados que imparten bacharelato, atopamos unha evidente desproporción entre a titularidade dos centros e a resposta á convocatoria; 1 de cada 55 no caso dos centros públicos, e 1 de cada 18 no caso dos centros privados.

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Tamén se observa unha clara preponderancia de centros situados en contornas claramente urbanas (mesmo cidades) o que puidera ter relación co feito de que o alumnado de bacharelato é usuario habitual do transporte escolar nas condicións previstas no apartado 3º.4 da Instrución 3/2018 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, do 4 de xuño, sobre a xestión do servizo de transporte escolar no curso escolar 2018-2019 e que ao ter que asistir fóra do horario ordinario ás actividades previstas neste bacharelato.

Por outro lado, mediante Resolución do 12 de xuño de 2018 regulou, de xeito experimental para o curso 2018/19, o chamado bacharelato de excelencia en Ciencias e Tecnoloxía.

Unha modalidade que pretende, ao amparo do que establece o artigo 121 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, promover a especialización curricular dos Institutos de Educación Secundaria.

A resolución aparece anunciada do DOG do 20 de xuño de 2018, a moi escasos días do remate do curso, impedindo deste xeito o mínimo debate nos claustros de profesores dos centros e deixando a iniciativa en mans dalgúns dos departamentos didácticos concernidos máis directamente por esta experiencia; como ten denunciado en repetidas ocasións este Grupo Parlamentario, semella que os responsables da consellaría improvisan ou acordan sempre a última hora calquera tipo de experimentación.

A proba máis evidente de que os centros non tiveron tempo suficiente para valorar a súa participación é que dos 294 centros que na nosa comunidade autónoma imparten as ensinanzas de bacharelato, tan só 16 (é dicir o 5,44 %) solicitaron participar e deses, 15 (o 5,1%) resultaron seleccionados.

Pero ademais do anterior, dáse a circunstancia de que a maioría dos centros autorizados teñen servizo de transporte escolar o que pode supoñer que pode haber alumnos transportados de bacharelato que non poidan asistir a esa materia extracurricular que se impartirá fóra do horario escolar, salvo que teñan algún medio de transporte propio, o que introduce unha diferenza de acceso inadmisible nun sistema equitativo; e de nada serve o argumento de que ao ser ensinanzas non obrigatorias o transporte escolar non é un dereito, posto que como sabe moi ben a consellería, a realidade é que o alumnado de bacharelato e de formación profesional emprega con carácter xeral o transporte escolar de forma gratuíta.

Con respecto aos programas das modalidades de bacharelato expostas o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2019 17:39:45
Nº Rexistro: 45735
Data envio: 07/02/2019 17:39:45.875

1ª) Cantos alumnos en cada centro cursaron a modalidade de bacharelato Pluribach durante o curso 2017/2018?

2ª) Cantos alumnos en cada centro están a cursar esta modalidade de bacharelato durante o curso 2018/2019?

3ª) Ten analizado a Consellería de Educación, Universidades e Formación Profesional as causas polas que a modalidade de Pluribach ten tan escasa aceptación?

4ª) Que valoración fai do feito de que a participación dos centros privados triplique a dos centros públicos?

5ª) Considera que o transporte escolar é unha variable explicativa do anterior?

Con respecto ao programa Bacharelato de excelencia:

6ª) Considera o Goberno galego que os centros educativos dispuxeron de tempo suficiente para valorar e debater a súa participación no bacharelato de excelencia en Ciencias e Tecnoloxía?

7ª) Está satisfeito o Goberno galego coa resposta dos centros?

8ª) Está en condicións o Goberno galego de garantir que ningún alumno desta comunidade autónoma tivo que renunciar á súa participación ao carecer de transporte escolar?

9ª) Se a resposta á anterior pregunta é afirmativa, como pensa garantilo, Se for negativa, considera razoable esa situación?

Pazo do Parlamento, 7 de febreiro de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 07/02/2019 13:33:48**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 07/02/2019 13:33:56**

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2019 17:42:48
Nº Rexistro: 45743
Data envío: 07/02/2019 17:42:48.005

grupo socialista Parlamento de Galicia PSdeG PSOE

## Á Mesa do Parlamento

**María Luisa Pierres López, María Dolores Toja Suárez, Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo,** deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

O acoso sexual e o acoso por razón de sexo están profusamente regulados en España e en Galicia.

-Constitúe un delito que o Código Penal de 1995 tipifica e castiga no artigo 184.

-A efectos de políticas a desenvolver polas administracións, a Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes defíneo no seu artigo 7:
1. Sen prexuízo do establecido no Código Penal, ao efecto desta lei constitúe acoso sexual calquera comportamento, verbal ou físico, de natureza sexual que teña o propósito ou produza o efecto de atentar contra a dignidade dunha persoa, en particular cando se crea un entorno intimidatorio, degradante u ofensivo.
2. Constitúe acoso por razón de sexo calquera comportamento realizado en función do sexo dunha persoa, co propósito ou o efecto de atentar contra a súa dignidade e de crear un entorno intimidatorio, degradante ou ofensivo.
3. Considéraranse en todo caso discriminatorios o acoso sexual e o acoso por razón de sexo.
4. O condicionamento dun dereito ou dunha expectativa de dereito á aceptación dunha situación constitutiva de acoso sexual ou de acoso por razón de sexo considerarase tamén acto de discriminación por razón de sexo.

A mesma norma regula as medidas a adoptar e que son necesarias para a erradicación de todas as formas de acoso sexual e acoso por razón de sexo. Tamén dispón que, dado que o principio de igualdade debe ser integrado na política de saúde polas Administracións públicas, a través dos seus servizos de saúde e dos órganos competentes desenvolverán distintas actuacións, tales como a consideración do acoso dentro da protección, promoción e mellora da saúde laboral. Por outro lado, pon deberes ás empresas para prever o acoso sexual e o acoso por razón de sexo, para arbitrar procedementos específicos para a súa prevención e para dar traslado das denuncias ou das reclamacións que se poidan rexistrar. Con esta finalidade, poderanse establecer medidas que deberán

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2019 17:42:48
Nº Rexistro: 45743
Data envio: 07/02/2019 17:42:48.005

negociarse cos representantes das persoas traballadoras, como a elaboración e a difusión de código de boas prácticas, a realización de campañas informativas ou accións de formación e a negociación dun protocolo de actuación.

Finalmente, a propia lei manifesta que a Administración pública galega se compromete na erradicación, dentro do persoal ao seu servizo, do acoso sexual.

-Por outro lado, o decreto lexislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de Igualdade, dispón que a Consellería competente en materia de Traballo, en coordinación co órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma competente en materia de Igualdade, realizará actuacións de sensibilización dirixidas, en xeral, á cidadanía e, en particular, aos traballadores e ás traballadoras, aos sindicatos, aos empresarios e ás empresarias, e ás demais persoas que interveñen nas relacións de emprego. Estas actuacións terán como finalidade difundir o dereito das traballadoras e dos traballadores a un trato digno e en igualdade de oportunidades e a que non se tolere o acoso sexual, nin o acoso moral por razón de xénero, fomentando unha actitude solidaria e de axuda cara ás vítimas e de rexeitamento moral ás persoas agresoras, para o cal executará e colaborará no que sexa requirida nas actuacións de sensibilización que fagan outras consellerías da Administración xeral da Comunidade Autónoma.

Non obstante toda esta normativa (e máis existente), a realidade é que o acoso sexual e o acoso por razón de sexo continúan existindo no ámbito do traballo e son fonte de enfermidade, despidos ou abandonos de postos de traballo.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que tipo de medidas preventivas se teñen desenvolvido nos últimos anos desde a Secretaría Xeral de Igualdade de cara a evitar o acoso sexual no ámbito laboral e da empresa?
2. Que tipo de actuacións de sensibilización se teñen desenvolvido nos últimos anos desde a Secretaría Xeral de Igualdade de cara a evitar o acoso sexual no ámbito laboral e da empresa?
3. Con que datos conta a consellería sobre este tipo de violencia cara as mulleres?
4. Entende este Goberno que para este tipo de violencia contra as mulleres, tal vez máis aceptada e silenciada que outras, é preciso deseñar campañas e

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

accións específicas que axuden a identificar as conductas normalizadas como violencias?

5. Existe algún tipo de formación específica para aquelas persoas que participen na prevención e erradicación do acoso sexual e o acoso por razón de sexo? Se facilita este tipo de formación ás empresas?
6. Concorda este Goberno en que o feito de que sexan moitas as mulleres que teñen declarado sentirse vítimas de algún tipo de acoso sexual ou acoso por razón de sexo debería ser debidamente cuantificado mediante estudios estatísticos no ámbito galego?

Pazo do Parlamento, 6 de febreiro de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**María Luisa Pierres López na data 07/02/2019 17:34:21**

**María Dolores Toja Suárez na data 07/02/2019 17:34:27**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 07/02/2019 17:34:31**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 07/02/2019 17:34:38**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 07/02/2019 17:34:43**

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2019 17:49:03
Nº Rexistro: 45747
Data envio: 07/02/2019 17:49:03.500

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Olalla Rodil Fernández**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Luis Bará Torres** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre as mudanzas no mapa de titulacións do Sistema Universitario Galego (SUG) previstas pola Xunta de Galiza especialmente en relación ao Campus Terra da USC en Lugo.

A Xunta de Galiza avanzou o pasado ano que iniciaría un proceso de reconfiguración do mapa de titulacións do Sistema Universitario Galego (SUG).

Neste senso, segundo puido saber o Grupo Parlamentar do BNG, o Goberno galego –a través da Secretaría Xeral de Universidades-- trasladou unha proposta ás representantes das distintas universidades e campus do país na que se vería afectado inicialmente e de maneira máis gravosa o Campus Terra da USC na cidade de Lugo.

A proposta, deseñada de maneira unilateral e trasladada pola Xunta de Galiza prevé a supresión de Enxeñaría Química e Civil así como a creación, como titulacións interuniversitarias, de Forestal e Agrícola compartida cos campus da Universidade de Vigo en Pontevedra e Ourense.



CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cómpre lembrar que o campus da USC en Lugo ten unha grande vinculación coa formación universitaria en materia forestal e agraria –sectores de importante relevancia económica para as comarcas de Lugo e do país. A perda de peso, pois, destas ramas de coñecemento suporían un ataque directo ao corazón do Campus, ao que se acuñou como Terra precisamente por esta razón.

A proposta causou importante malestar entre a comunidade universitaria de Lugo.

Para o BNG é fundamental que a Xunta de Galiza desenvolva calquera proceso de mudanza no mapa de titulacións de maneira transparente, dialogada e consensuada –nunca de maneira unilateral-- e tendo presente en todo momento as particularidades daqueles campus –coma o de Lugo-- que se atopan no interior do país afectados pola falta de comunicacións e a perda de alumnado.

Por todo o exposto anteriormente formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

- Que criterios está a seguir a Xunta de Galiza para deseñar o novo mapa de titulacións do SUG?

- Cal é a proposta que ten formulado o Goberno galego ás Universidades?

- E, de maneira específica, ao Campus Terra de Lugo?



CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Non cre a Xunta de Galiza que suprimir e mudar aquelas titulacións que teñen maior vinculación co Campus Terra suporá un grande prexuízo para o mesmo?

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**
**Luis Bará Torres**
**Montserrat Prado Cores**
**Noa Presas Bergantiños**
**Xosé Luis Rivas Cruz**
**Ana Pontón Mondelo**
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 07/02/2019 17:45:52**

**María Montserrat Prado Cores na data 07/02/2019 17:45:57**

**Ana Pontón Mondelo na data 07/02/2019 17:45:59**

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2019 17:49:03
Nº Rexistro: 45747
Data envio: 07/02/2019 17:49:03.500

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Xose Luis Rivas Cruz na data 07/02/2019 17:46:01**

**Noa Presas Bergantiños na data 07/02/2019 17:46:03**

**Xosé Luis Bará Torres na data 07/02/2019 17:46:04**

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2019 17:49:23
Nº Rexistro: 45749
Data envio: 07/02/2019 17:49:23.833

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Olalla Rodil Fernández**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Luis Bará Torres** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre as mudanzas no mapa de titulacións do Sistema Universitario Galego (SUG) previstas pola Xunta de Galiza especialmente en relación ao Campus Terra da USC en Lugo.

A Xunta de Galiza avanzou o pasado ano que iniciaría un proceso de reconfiguración do mapa de titulacións do Sistema Universitario Galego (SUG).

Neste senso, segundo puido saber o Grupo Parlamentar do BNG, o Goberno galego –a través da Secretaría Xeral de Universidades-- trasladou unha proposta ás representantes das distintas universidades e campus do país na que se vería afectado inicialmente e de maneira máis gravosa o Campus Terra da USC na cidade de Lugo.

A proposta, deseñada de maneira unilateral e trasladada pola Xunta de Galiza prevé a supresión de Enxeñaría Química e Civil así como a creación, como titulacións interuniversitarias, de Forestal e Agrícola compartida cos campus da Universidade de Vigo en Pontevedra e Ourense.



CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2019 17:49:23
Nº Rexistro: 45749
Data envío: 07/02/2019 17:49:23.833

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cómpre lembrar que o campus da USC en Lugo ten unha grande vinculación coa formación universitaria en materia forestal e agraria –sectores de importante relevancia económica para as comarcas de Lugo e do país. A perda de peso, pois, destas ramas de coñecemento suporían un ataque directo ao corazón do Campus, ao que se acuñou como Terra precisamente por esta razón.

A proposta causou importante malestar entre a comunidade universitaria de Lugo.

Para o BNG é fundamental que a Xunta de Galiza desenvolva calquera proceso de mudanza no mapa de titulacións de maneira transparente, dialogada e consensuada –nunca de maneira unilateral-- e tendo presente en todo momento as particularidades daqueles campus –coma o de Lugo-- que se atopan no interior do país afectados pola falta de comunicacións e a perda de alumnado.

Por todo o exposto anteriormente formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

- Que criterios está a seguir a Xunta de Galiza para deseñar o novo mapa de titulacións do SUG?

- Cal é a proposta que ten formulado o Goberno galego ás Universidades?

- E, de maneira específica, ao Campus Terra de Lugo?



CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2019 17:49:23
Nº Rexistro: 45749
Data envio: 07/02/2019 17:49:23.833

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Non cre a Xunta de Galiza que suprimir e mudar aquelas titulacións que teñen maior vinculación co Campus Terra suporá un grande prexuízo para o mesmo?

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**
**Luis Bará Torres**
**Montserrat Prado Cores**
**Noa Presas Bergantiños**
**Xosé Luis Rivas Cruz**
**Ana Pontón Mondelo**
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 07/02/2019 17:45:19**

**María Montserrat Prado Cores na data 07/02/2019 17:45:25**

**Ana Pontón Mondelo na data 07/02/2019 17:45:26**

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2019 17:49:23
Nº Rexistro: 45749
Data envio: 07/02/2019 17:49:23.833

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Xose Luis Rivas Cruz na data 07/02/2019 17:45:27**

**Noa Presas Bergantiños na data 07/02/2019 17:45:29**

**Xosé Luis Bará Torres na data 07/02/2019 17:45:30**

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2019 18:19:00
Nº Rexistro: 45762
Data envio: 07/02/2019 18:19:00.871

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

# Á MESA DO PARLAMENTO

**Eva Solla Fernández,** deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea,** ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5.ª**

A falta de médicos de familia e de pediatría na Atención Primaria, constitúe un dos maiores problemas da do Servizo Galego de Saúde, que está afectado á calidade asistencial e os dereitos laborais do resto de persoal cando teñen que asumir cargas excesivas de traballo por falta de coberturas coa fin de evitar as listas de agarda, unha situación insostible que está a punto de provocar un colapso na Atención Primaria.

O centro de saúde de Mugardos, súmase ao resto de centros que se atopan nesta situación de falta de coberturas, que en moitos casos deixan de ser puntuais para converterse pola vía dos feitos en prazas amortizadas. Dos catro médicos que están no centro de saúde, case nunca están todos, chegando a estar en moitos casos soamente un. Esta situación provoca que moita xente teña que acudir ao PAC de Fene, con conseguinte saturación do mesmo que tamén sofre falta de cobertura dos seu facultativos. Unha cadea que afecta á calidade asistencial ante a saturación e a falta de seguimento e atención continuada que se precisa.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes PREGUNTAS:

- Ten coñecemento o Goberno da situación que se está a vivir no Centro de Saúde de Mugardos pola falta de cobertura do persoal?
- Cando e como ten pensado o Goberno poñer solución a esta situación?

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

- Considera o Goberno que esta falta de coberturas garanten unha boa calidade asistencial?
- Considera o Goberno que as e os profesionais está na traballar en boas condicións?

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2019.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 07/02/2019 18:18:03**

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2019 18:23:40
Nº Rexistro: 45768
Data envío: 07/02/2019 18:23:40.277

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Montserrat Prado Cores**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, relativa ás actuacións a realizar diante das graves irregularidades na convocatoria na praza de xefe/a de Servizo de Cirurxía Cardiovascular da EOXI de Santiago.

O DOG do 5 de outubro do 2018 publicaba o anuncio do 20 de setembro polo que a Xerencia da EOXI de Santiago de Compostela convocaba, mediante o procedemento de avaliación colexiada, a provisión do posto de xefe/a do Servizo de Cirurxía Cardiovascular.

O anuncio establece que as bases íntegras da convocatoria estarán expostas nos taboleiros de anuncios dos centros dependentes da Xerencia de Xestión Integrada de Santiago, nos puntos de atención ao traballador(PAT) da Dirección de Recursos Humanos, na intranet da Xerencia, así como na páxina web do Sergas.

Estas bases establecen que dentro da documentación que deben achegar coa solicitude as persoas que queiran presentarse á convocatoria está o *Proxecto técnico relacionado coa xestión do servizo, que conterá un programa de obxectivos do mesmo, cuantitativos e cualitativos en relación cos obxectivos fixados polo órgano convocante, e que se recollen como Anexo I da presente resolución.*



CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ao ir a consultar o Anexo I a sorpresa é maiúscula ao atoparse na vez de con os requisitos, obxectivos, perspectiva... que deba conter o Proxecto técnico, o que contén o Anexo I é directamente un proxecto escrito en moitos apartados en primeira persoa, co nome dun profesional e os seus méritos, profesional, que logo se presenta á praza.

Estas bases están colgadas durante días, até que se descubre tamaño escándalo, momento no que fan unha "subsanación de erros" sen publicar no DOG, finalmente fan unha corrección, que se publica no DOG do 22 de outubro, que en realidade é unha substitución total do anexo I.

Encontrámonos polo tanto con que o que tiñan que ser unhas bases para elaborar un proxecto para competir libremente por unha praza de xefe/a de servizo: Están escritas en primeira persoa, aparece o nome dun profesional que se presenta á praza, realízase unha primeira corrección de erros sen publicar no DOG, realízase unha segunda corrección de erros, esta xa si publicada do DOG, na que só consta a versión corrixida, non se mantén a versión orixinal, consistente na substitución total do Anexo I

O BNG denuncia este escándalo, e demanda explicacións ao Goberno galego. Non podemos aceptar que o PP normalice este xeito mafioso de nomeamentos, non pode actuar na administración pública como si fora a súa leira particular.

Débense asumir responsabilidades, a Xerente da EOXI de Santiago de Compostela como persoa responsábel desta convocatoria que publica as bases para unha praza na que aparece o nome e méritos dunha das persoas que logo se presenta á praza, e fai unha subsanación de erros tentando non deixar rastro, ten que dimitir.

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estas razóns formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

-Non lle parece que colgar as bases dunha convocatoria de xefe/a de servizo co nome e méritos dunha persoa que logo se presenta á mesma, é ir demasiado lonxe na súa práctica de colocación de cargos a dedo para controlar a sanidade pública?

-Vai cesar á Xerente da EOXI de Santiago de Compostela, Eloína Núñez Masid, como responsábel desta convocatoria fraudulenta?

-Vai rematar coa práctica de facer nomeamentos a dedo de cargos de responsabilidade disfrazados de seudo convocatorias públicas?

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**
**Luis Bará Torres**
**Noa Presas Bergantiños**
**Olalla Rodil Fernández**
**Xosé Luis Rivas Cruz**
**Ana Pontón Mondelo**
Deputadas e deputados do G.P. do BNG



CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2019 18:23:40
Nº Rexistro: 45768
Data envio: 07/02/2019 18:23:40.277

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 07/02/2019 18:21:03**

**Ana Pontón Mondelo na data 07/02/2019 18:21:07**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 07/02/2019 18:21:08**

**Olalla Rodil Fernández na data 07/02/2019 18:21:10**

**Noa Presas Bergantiños na data 07/02/2019 18:21:11**

**Xosé Luis Bará Torres na data 07/02/2019 18:21:12**

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2019 18:28:52
Nº Rexistro: 45772
Data envio: 07/02/2019 18:28:52.233

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Montserrat Prado Cores**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, relativa ao mantemento dos postos de traballo que Vodafone ten en Galiza.

O incremento da liberalización do sector das telecomunicacións e, como consecuencia, a sucesiva modificación da cualificación do mesmo, que pasou de ser un servizo público a considerarse un servizo de interese xeral, ten modificado profundamente este sector entre outras cuestións na destrución de emprego e a precariedade das condicións de traballo.

Un claro exemplo é a empresa Vodafone, que ven de presentar un ERE o 24 de xaneiro, o terceiro en seis anos que vai afectar a nivel do Estado a 1200 traballadores/as arredor do 25% do seu cadro de persoal, e en Galiza entre o 23 e 25%.

Mais unha vez unha empresa multinacional que ten beneficios usa os instrumentos que puxo á súa disposición as i reformas laborais contra @s traballadores/as, con despedimentos, explotación, sobrecarga de traballo.

Diante desta pretensión o Goberno galego non pode ficar indiferente, debe actuar, sobor de todo tendo en conta que ten contratos de subministro de servizos con



CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

esta empresa, e está moi avanzado un proxecto para o despregue de alta velocidade, do que xa se fixo o estudo.

Por estas razóns formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

1. Que actuacións ten realizado o Goberno galego diante da pretensión da empresa Vodafone de realizar un novo ERE, que pode afectar a entre o 23 e o 25% do cadro de persoal que ten en Galiza?

2. Ten realizado algún contacto coa empresa?

3. Vai facer valer a condición da Xunta de Galiza de cliente da empresa e o proxecto para o despregue de alta velocidade no que teoricamente tamén vai participar esta empresa ?

4. Coida que Galiza pode seguir perdendo emprego no sector das telecomunicacións mentres as empresas seguen a obter beneficios no noso país?

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

**Noa Presas Bergantiños**



CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 07/02/2019 18:27:05**

**Ana Pontón Mondelo na data 07/02/2019 18:27:10**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 07/02/2019 18:27:11**

**Olalla Rodil Fernández na data 07/02/2019 18:27:13**

**Noa Presas Bergantiños na data 07/02/2019 18:27:14**

**Xosé Luis Bará Torres na data 07/02/2019 18:27:16**

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2019 17:24:15
Nº Rexistro: 45728
Data envio: 07/02/2019 17:24:15.579

en marea

enmarea.gal

# Á MESA DO PARLAMENTO

**Flora Miranda Pena e Paula Quinteiro Araujo,** deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral na **Comisión 8.ª**

Unicamente a fortuna quixo que non acontecese unha traxedia o pasado 6 de febreiro cando se desplomou a cuberta da lonxa de Canido en Vigo. Esta situación produciuse horas antes do comezo da actividade que ten lugar as 09:30 horas cando decenas de persoas comezan a súa actividade nese espazo, entre persoal de oficinas, mariñeiros e asistentes as subastas.

O inmoble está baixo o réxime de concesión da Confraría de Pescadores San Francisco sendo o propietario Portos de Galicia, dende fai meses levamos denunciando a necesidade de que ser realice unha auditoría da situación das instalacións dependentes de portos de Galicia polas moitas incidencias e problemas que estana sufrir no conxunto do pais, para proceder a unha posterior habilitación de fondos que permitan solventar os enormes defectos de seguridade que teñen os nosos portos e as súas instalacións.

Neste caso concreto o propio patrón maior da Confraría denuncia desatención por parte de Portos de Galicia. Pois viña alertando da situación na que se atopaba o inmoble, tanto formalmente como en conversas telefónicas.

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

en marea

enmarea.gal

Por todo o exposto, dende o Grupo Parlamentario de En Marea, formulamos a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8.ª:

Que explicación da a Xunta á falta de supervisión sobre esta instalación que puido provocar unha auténtica traxedia?

Que datas e previsión manexa o Goberno galego para arranxar os desperfectos causados de forma que se poida reiniciar a actividade que se realizaba no inmoble?

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2019.

Asdo.: Flora Miranda Pena
Paula Quinteiro Araujo
Deputadas do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Quinteiro Araújo na data 07/02/2019 17:22:58**

**Flora María Miranda Pena na data 07/02/2019 17:23:02**

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2019 13:22:22
Nº Rexistro: 45380
Data envío: 05/02/2019 13:22:22.517

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

**Á Mesa do Parlamento**

**Noela Blanco Rodríguez** e **Julio Torrado Quintela**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral en **Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG.**

O pasado 10 de xaneiro tiñamos coñecemento a través dos medios de comunicación, de que a Inspección da Fiscalía Xeral do Estado abriu unha investigación ao Fiscal Xefe da Fiscalía Provincial de Ourense, Florentino Delgado Ayuso, pola suposta comisión dunha "falta disciplinaria grave de abuso de autoridade". Nas mesmas dilixencias informativas investígase tamén a actuación do Fiscal Superior de Galicia, Fernando Suanzes, por un suposto incumprimento nos seus deberes. A Inspección Fiscal acordou a apertura deste expediente por mor da denuncia remitida a través da súa avogada pola ex concelleira socialista de Ourense, Áurea Soto. A orixe da queixa derívase da denuncia que en 2014 a ex concelleira presentou contra o ex alcalde de Ourense do PP, Manuel Cabezas, por supostamente non reclamar o 10 % das cesións urbanísticas a algúns promotores, entre os anos 1998 e 2003, e que supoñería que o Concello deixase de percibir 1,7 millóns de euros. A Inspección Fiscal abriu un expediente gubernativo en outubro deste ano, por mor da denuncia da avogada contra o Fiscal en relación a como se desenvolveu este proceso e, "á vista da documentación obrante", acordouse a incoación de dilixencias informativas. O obxectivo desta investigación é aclarar se a actuación do Fiscal Xefe de Ourense podería supoñer "faltas disciplinarias" tanto de "abuso ou exceso de autoridade" como "de grave desatención ou atraso inxustificado", " inobservancia do deber de abstención" e/ou "ignorancia inescusable no cumprimento de deberes". As dilixencias informativas tamén se dirixen a esclarecer se a actuación do Fiscal Superior de Galicia, Fernando Suanzes, supón "faltas disciplinarias de ignorancia inescusable no cumprimento de deberes" "e/ou infracción grave de deberes inherentes á condición de fiscal", en relación ás actuacións do Fiscal Xefe provincial de Ourense.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que valoración fai da cobertura que se realizou por parte da radio e da televisión públicas galegas desta nova?

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

2. Canto tempo se dedicou a esta nova durante os informativos o día que coñecemos a nova, e/ou os posteriores?
3. Considera que a cobertura estivo á altura dun medio público como a CRTVG?

Pazo do Parlamento, 4 de febreiro de 2019

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 05/02/2019 13:09:35**

**Julio Torrado Quintela na data 05/02/2019 13:09:40**

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2019 13:23:08
Nº Rexistro: 45382
Data envío: 05/02/2019 13:23:08.413

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

**Á Mesa do Parlamento**

**Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela,** deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para o seu debate en **Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG.**

A radiotelevisión pública galega, vital para o mantemento do espazo público democrático, o reforzamento da identidade do pobo galego, e a promoción da nosa cultura e lingua, está a vivir un preocupante deterioro nos últimos anos, con graves consecuencias para o pluralismo ideolóxico e social. Acumula constantes queixas tanto do Comité Intercentros da CRTVG, como das forzas políticas da oposición, de manipulación informativa tanto na radio como na televisión de todos os galegos e galegas nos diferentes telexornais que se emiten ao longo do día. Esta situación mesmo levou aos dous presentadores do Telexornal Serán, Alfonso Hermida e Tati Moyano, a presentar a súa dimisión en xuño do ano pasado, ao que hai que engadir a mobilización dos venres negros (que xa vai pola súa edición) polo cumprimento íntegro da Lei de medios públicos do 2011, así como a histórica manifestación que percorreu as rúas de Compostela o pasado 8 de setembro, así como os paros convocados nos meses de novembro e decembro de 2018.

Manipulación que ante a proximidade das eleccións municipais se vén acrecentando nestes últimos meses coa supresión das desconexión locais da Radio Galega, unha medida estritamente política que obedece ao interese do PP de controlar a información local de cara a estes comicios.

O pasado 29 de xaneiro o que ata ese día foi portavoz do PP no Concello de Ourense, José Araujo, responsable das áreas de Infraestruturas e Perímetro Rural, Medio Ambiente e Parques e Xardíns, Limpeza Viaria ou Transporte Público, e un edil de referencia dentro do equipo do Alcalde, anunciou a súa renuncia a todos os cargos na corporación municipal e a súa baixa como membro do PP, tras 27 anos como militante. O ex concelleiro non descartaba na rolda de prensa para anunciar esta decisión, a súa participación nas vindeiras eleccións municipais baixo outras siglas. A nova causou gran sorpresa na cidade, a catro meses das eleccións municipais e tendo en conta que se daba por feito que podería repetir na candidatura do actual rexedor e candidato do PP á reelección.

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2019 13:23:08
Nº Rexistro: 45382
Data envio: 05/02/2019 13:23:08.413

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que valoración fai da cobertura que se realizou por parte da radio e da televisión públicas galegas desta nova?
2. Canto tempo se dedicou a esta nova durante os informativos o día que coñecemos a nova, e/ou os posteriores?
3. Considera que a cobertura estivo á altura dun medio público como a CRTVG?

Pazo do Parlamento, 4 de febreiro de 2019

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 05/02/2019 13:10:29**

**Julio Torrado Quintela na data 05/02/2019 13:10:34**

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2019 13:37:30
Nº Rexistro: 45634
Data envio: 07/02/2019 13:37:30.821

en marea

enmarea.gal

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Anxeles Cuña Bóveda, Luca Chao Perez, Carmen Santos Queiruga, Antón Sánchez García e Luis Villares Naveira** deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral na **Comisión da CRTVG.**

O pasado 6 de febreiro celebrouse unha manifestación en Vigo dos traballadores de Vulcano e doutras auxiliares afectadas polos impagos de nóminas do estaleiro vigués. Esta manifestación foi recollida pola CRTVG que no seu informativo relataba literalmente "Na manifestación, o cadro de traballadores estivo apoiado polo sector, partidos políticos e cidadáns, que os acompañaron durante o percorrido desde a factoría en Teis ata a Delegación da Xunta."

Unha vez mais a canle pública galega prefería ocultar que partidos apoiaban a marcha ou incluso que membros dos mesmos participaron, entre outros estaban presentes varios deputados de En Marea, o portavoz da Marea de Vigo no concello e o candidato do BNG. Pero a TVG na súa estratexia de manipulación da realidade preferiu subliñar unicamente a presenza de representantes de partidos políticos, cando no mesmo telexornal se fai referencia a outra manifestación, esta si coas siglas dos partidos que apoian.

Por todo o exposto, dende o Grupo Parlamentario de **En Marea** formulamos a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión:



CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Considera necesaria a canle pública continuar na súa deriva de ocultación e manipulación da realidade, co único obxectivo de favorecer ao PP e o goberno Feijoo?

Que mecanismo utiliza a canle pública de forma habitual, para decidir cando se informa ou non de quen participa nunha manifestación?

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2019.

Asdo.: Anxeles Cuña Bóveda
Luca Chao Pérez
Carmen Santos Queiruga
Antón Sánchez García
Luís Villares Naveira
Deputadas e deputados do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 07/02/2019 13:36:33**

**Luca Chao Pérez na data 07/02/2019 13:36:42**

**Carmen Santos Queiruga na data 07/02/2019 13:36:49**

**Antón Sánchez García na data 07/02/2019 13:36:56**

**Luis Villares Naveira na data 07/02/2019 13:37:03**

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2019 13:46:45
Nº Rexistro: 45635
Data envio: 07/02/2019 13:46:45.694

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

# Á MESA DO PARLAMENTO

**Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda,** deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea,** ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral na **Comisión da CRTVG.**

O persoal da CRTVG leva case 40 semanas convocando os #VenresNegros para protestar contra as inxerencias políticas que sofre no seu día a día. Así, está a demostrar que a corporación conta cun corpo de profesionais comprometidos que posúe a vontade necesaria para defender co seu traballo unha televisión e unha radio de calidade.

Ante isto, os responsables da CRTVG decidiron defenderse recorrendo as coaccións e as ameazas veladas. A última vítima das súas noxentas represalias foi Marga Pazos.

O Comité de Empresa da CRTVG vén de denunciar que se produciu "outro caso grave de represalia a unha traballadoras, unha vez máis pola súa participación activa nos Venres Negros e a súa significación pública na defensa das independencia dos medios públicos de comunicación de Galicia e a defensa da lingua".

Marga Pazos, unha profesional que, sen ningunha dúbida, merece o recoñecemento tanto dos seus compañeiros como da audiencia, foi apartada das tarefas propias de redactora pola directora de Recursos Humanos, Susana Fernández Veiguela, que actuou atendendo as ordes da Directora de Informativos, Concha Pombo.

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Deste xeito, Marga convértese na primeira locutora da canle autonómica á que se lle prohibe continuar redactando, tarefa que leva anos desempeñando con máis que probada solvencia. Como subliña o comunicado do Comité de Empresa, os "locutores e locutoras da TVG desenvolven funcións de redacción" e a propia empresa "recoñeceu sempre na negociación da nova clasificación profesional que esta categoría tiña que integrarse na de redactor/a porque a realidade é que todos estes compañeiros e compañeiras hai anos que desenvolven de facto cada día este traballo".

Ao prohibirlle redactar, obrígase á xornalista a permanecer no seu lugar de traballo sen poder facer nada durante gran parte da xornada, coa intención, máis que evidente, de coaccionala para que se pregue aos intereses da empresa. O caso é unha clara situación de acoso laboral.

O Comité conclúe o seu comunicado subliñando que "a empresa levaba tempo procurando unha oportunidade para "castigar" a esta compañeira tras a folga de mulleres do 8 de marzo de 2018, que lle valeu á CRTVG unha condena por vulneración deste dereito fundamental ao substituír a súa ausencia por outro traballador non folguista".

O actual estado da CRTVG é insostible en termos profesionais e periodísticos, pero, sobre todo, en termos morais. É inaceptable a presión á que están sendo sometidos os traballadores e traballadoras que manifestan a súa disconformidade coas actitudes da Corporación.

Urxe que o Goberno interveña para recuperar a radio e a televisión públicas de Galicia.

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión.

- Que opinión lle merece aos responsables da CRTVG a situación de acoso laboral á que está sendo sometida Marga Pazos?
- Que pensan facer para que ningún outro traballador sexa represaliado inxustamente?
- Por que se lle impide a Marga Pazos que continúe redactado, como fixo ata o de agora e como fan os seus compañeiros e compañeiras?
- Por que esa prohibición só se lle aplica a ela?

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez
Anxeles Cuña Bóveda
Deputadas do G.P. de En Marea

**Asinado dixitalmente por:**

**Luca Chao Pérez na data 07/02/2019 13:46:12**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 07/02/2019 13:46:20**

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2019 17:09:49
Nº Rexistro: 45721
Data envio: 07/02/2019 17:09:49.265

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Olalla Rodil Fernández**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión de control da CRTVG**, sobre as decisións adoptadas pola CRTVG en relación a unha xornalista relegada a funcións de locución

O 6 de febreiro de 2019 o Comité intercentros da CRTVG denunciaba publicamente a través dun comunicado que a responsábel de Recursos Humanos por orde da Dirección de Informativos afastaba das súas funcións como redactora a unha traballadora após unha sentenza en primeira instancia que obrigaba a Corporación a recoñecer o complemento de nivel (de locutora a redactora).

Esta decisión da CRTVG relega a traballadora á categoría de locutora negándolle tarefas de redacción.

Casualmente, a traballadora non só conseguiu o recoñecemento dos seus dereitos laborais xudicialmente en relación ao complemento de nivel senón que tamén conta cunha sentenza favorábel que recoñece o seu dereito a folga con motivo do 8 de marzo nun proceso xudicial que condenou a CRTVG por prácticas de esquirolaxe durante a xornada de protesta do Día Internacional das Mulleres.

Así mesmo, a traballadora fai parte activa dos #VenresNegros que desde hai 8 meses manteñen as traballadoras e traballadores dos medios públicos galegos a prol do

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2019 17:09:49
Nº Rexistro: 45721
Data envio: 07/02/2019 17:09:49.265

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

cumprimento da Lei 9/2011 así como contra a instrumentalización política dos mesmos e a manipulación.

O Comité intercentros denuncia "represalias" e suma este caso a outros que teñen acontecido nos últimos meses contra xornalistas que participan publica e activamente nos #VenresNegros.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión de control da CRTVG:

- Que está a acontecer na CRTVG?

- Por que razón se ten afastado a esta traballadora das súas funcións como redactora?

- Que relación hai entre esta decisión, a devandita sentenza xudicial e a participación da traballadora no 8M e os #VenresNegros?

- Considera acertada a decisión adoptada por Recursos Humanos?

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Luis Bará Torres**

**Noa Presas Bergantiños**



CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2019 17:09:49
Nº Rexistro: 45721
Data envio: 07/02/2019 17:09:49.265

bng
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Montserrat Prado Cores**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 07/02/2019 17:09:23**

**María Montserrat Prado Cores na data 07/02/2019 17:09:28**

**Ana Pontón Mondelo na data 07/02/2019 17:09:30**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 07/02/2019 17:09:31**

**Noa Presas Bergantiños na data 07/02/2019 17:09:33**

**Xosé Luis Bará Torres na data 07/02/2019 17:09:34**

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2019 17:29:04
Nº Rexistro: 45733
Data envio: 07/02/2019 17:29:04.155

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Olalla Rodil Fernández**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión da CRTVG**, sobre a acreditación do enviado especial en Venezuela.

O 7 de febreiro o Comité intercentros, emitiu un comunicado no que exixe explicacións á dirección da CRTVG pola situación vivida por un traballador que foi retido cando tentaba saír de Venezuela onde cubría a situación de conflito que vive o país.

Segundo o comité, a CRTVG non tería acreditado –de acordo coas exixencias da lexislación venezolana-- ao xornalista como corresponsal estranxeiro senón que, pola contra, apenas tería viaxado ao país con visa de turista.

Alén da gravidade dos feitos, que poderían ter posto en risco a seguridade do xornalista, resulta absolutamente inadmisíbel que a CRTVG non cumprise a lei e moito peor, que tivese instrumentalizado os feitos para lanzar unha mensaxe manipulada e/ou nesgada do acontecido.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión da CRTVG:



CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2019 17:29:04
Nº Rexistro: 45733
Data envio: 07/02/2019 17:29:04.155

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Cumpriu a Corporación co procedemento administrativo que exixe a lexislación venezolana para acreditar o xornalista desprazado até Caracas?

- Contaba, xa que logo, o xornalista coa correspondente acreditación?

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Luis Bará Torres**

**Noa Presas Bergantiños**

**Montserrat Prado Cores**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 07/02/2019 17:28:28**

**María Montserrat Prado Cores na data 07/02/2019 17:28:34**

**Ana Pontón Mondelo na data 07/02/2019 17:28:38**

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Xose Luis Rivas Cruz na data 07/02/2019 17:28:40**

**Noa Presas Bergantiños na data 07/02/2019 17:28:41**

**Xosé Luis Bará Torres na data 07/02/2019 17:28:43**

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

# ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

## 1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

### 1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

### 1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

### 1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

### 1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

### 1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

### 1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

### 1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

## 2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

### 2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

### 2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

### 2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

### 2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

## 3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

## 4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

### 4.1. INFORMACIÓNS

## 4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
**PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25
Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPG-n3ARmTSiY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/